

AUNIOS

Nº 27

MAIO 2022



ASOCIACIÓN CULTURAL

Pineiróns



COORDINA: Celestino Pardellas de Blas

COLABORAN	PÁX.	ARTIGOS
Redacción	1	SUMARIO
Jacobo Fernández Casal	2-6	ACUICULTURA DE PEIXES EN GALICIA: INSUIÑA O CAMIÑO DUN PIONEIRO
Celestino Pardellas de Blas	7-11	NECESIDADE DE INVESTIGACIÓNS CIENTÍFICAS NA ILLA DE ONS. "BATERÍA DE COSTA NA COVA DO LOBO"
Emilio Ferrer Jaureguizar	12-16	PROFESIÓN S NALGUNHAS POBOACIÓNS DE INTERESE NO ANO 1881
María Jesús Otero Acuña	19-21	NA ILLA DE ONS, HOUBO UNHA TELLEIRA?
Xoán Antonio Pillado Silvoso	22-25	RAMÓN CABANILLAS E O ENSINO
Maracaibo	26	A BORDO DO ABRAKADABRA. POLOS SETE MARES (II)
José Manuel Dopazo Entenza	29-31	O ENTROIDO NA ILLA DE ONS 2. RECORRER OS ENTROIDOS
Lino J. Pazos Pérez	32-34	COMO A CAPELA DA LANZADA, LEVANTADA POLOS VECIÑOS DO GROVE, "PASO A MANOS DEL SR. CONDE EN 1818"
Fernando Trigo	35-37	RECORDOS SOBRE O CAMPISMO EN ONS, EN TEMPOS PRETÉRITOS
Patricia Arias Chachero	38-40	A TOXA VISTA POLAS ESCRITORAS INGLESAS
Roberto Ledo Garrido	41-42	MR. MÖRLING, UN AMIGO PARA SEMPRE
Arturo Sánchez Cidrás	43-47	O LEGADO DE STAFFAN MÖRLING / PRESENTACIÓN EXPOSICIÖN FOTOGRÁFICA EN ONS
Emilio Xosé Insua	48-52	XOSÉ NÚÑEZ BÚA E O ACTIVISMO CULTURAL DE PREGUERRA NA COMARCA AROUSÁ (1ª PARTE)
Francisco Calo Lourido	53-56	A PROPÓSITO DA SANTA COMPAÑA NA ILLA DE ONS
Antón Mascato	57-59	A DESFEITA DO PATRIMONIO DO GROVE, A CASA DOS ESCUREDO
José Taboada García	60	POESÍAS
Álvaro Díaz Vidal	63-65	ACAMPADA DE MELIDE. "OS MEUS INICIOS EN CAMAWÉY"
Cosme Damián Romay Cousido e outros	66-70	CONSERVACIÖN DAS AVES DO COMPLEXO ONS-O GROVE: PROBLEMÁTICA E POSIBLES SOLUCIÖNS
Juan Castiñeiras	73-75	ONS. BOSQUE, MICOLOXÍA E DESENVOLVEMENTO NATURAL
Estanislao F. de la Cigoña Núñez	76-78	RELOXOS DE SOL ANTROPOMORFOS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA
Marcos Gago	79-82	OS CAMPAMENTOS EVANXÉLICOS DE ONS REÚNEN A MOZOS DE TODA ESPAÑA
Rafael Quintía Pereira	83-85	POSESIÖNS E EXORCISMOS NO SANTUARIO DA NOSA SEÑORA DA LANZADA
Francisco Meis Durán	86-88	A CAPELA DOS FERNÁNDEZ MARIÑO DE SOTOMAIOR E A VIRXE DA CARIDADE DO COBRE

FOTOGRAFÍAS E DEBUXOS CEDIDOS POR	PÁXINAS
Jacobo Fernández Casal	2,3,4,5,6
Celestino Pardellas de Blas	Portada,7,8,9,10,11,14,20,21,30,35,36,37,46,47,53,56,60,64,73
Emilio Ferrer Jaureguizar	12,13,15
Xoán Antonio Pillado Silvoso	22,23,24,25
Maracaibo	26
Lino J. Pazos Pérez	32,33,34
Patricia Arias Chachero	38,39,40
Roberto Ledo Garrido	41,42
Arturo Sánchez Cidrás	43,44,45

FOTOGRAFÍAS E DEBUXOS CEDIDOS POR	PÁXINAS
Emilio Xosé Insua	48,49,51,52
Francisco Calo Lourido	54,55
Antón Mascato	57,58,59
Álvaro Díaz Vidal	63,64,65
Cosme Damián Romay Cousido. Outros	66,67,69
Juan Castiñeiras	73,74,75
Estanislao F. de la Cigoña Núñez	76,77,78
Marcos Gago	79,80,81,82
Rafael Quintía Pereira	83,84,85
Francisco Meis Durán	86,87,88

Para web e Blog:
<http://bueu.ga>

Revista Aunios:
<http://descubrobueu.wix.com/bueu/aunios>
<http://bueu.esy.es/Revistas/Aunios/aunios.htm>
<http://bueu.esy.es/Revistas/Aunios/indiceAutores.htm>

Minixornal Onstopus:
<http://bueu.esy.es/Revistas/Onstopus/onstopus.htm>

DIRECCIÓN DA ASOCIACIÓN CULTURAL

“PineirÓns”

Apartado de correos 51 / 36980 O GROVE
Pontevedra – Galicia – España
Telf: 649424950
tinopardellas1957@gmail.com
celestinopardellas@gmail.com

CORRECTOR LINGÜÍSTICO
Anxo López Vergara

A asociación non se fai responsable do contido dos artigos inseridos neste número.

ACUICULTURA DE PEIXES EN GALICIA: INSUIÑA O CAMIÑO DUN PIONEIRO.

Por: **Jacobo Fernández Casal. Biólogo.**

ACUICULTURA E INVESTIGACIÓN DA ACUICULTURA NA GALICIA

En Galicia, existe unha oferta substancial en formación e investigación. Sen querer facer una lista exhaustiva de tódalas institucións e centros tanto formativos como de investigación existentes trataremos de destacar a súa relevancia no eido da piscicultura.

A nivel formativo en titulación universitaria na actualidade, contamos con formación nos ámbitos da acuicultura nas 3 universidades galegas: Santiago, Vigo e A Coruña. A maior tradición como é evidente está na Universidade de Santiago e incluso con un máster de acuicultura de dous anos entre as tres universidades e outros centros de investigación da Comunidade.

Na formación profesional, os primeiros rexistros formativos na acuicultura na FP atópanse no Centro de Formación Profesional de Sada e máis recentemente dende fai 28 anos estableceuse un centro de referencia a nivel estatal e internacional que é o IGafa, Instituto Galego de Formación en Acuicultura, radicado na Illa de Arousa. Neste centro fórmanse anualmente rapazas e rapaces en dous graos: Técnico en Operacións de Cultivo Acuícola de grao Medio e Técnico Superior de Producción Acuícola de grao Superior.

Pero antes de chegar a esta formación regrada que agora coñecemos debemos destacar os traballos intensos e interesantes que se impartiron nos cursos do PPO e na Extensión dende os centros de Vilaxoán e Ribadeo, onde se desenvolveron as primeiras leccións sobre o marisqueo en todos os pobos ribeiráns de Galicia; isto sucedía na década dos anos 70.

Os actores da acuicultura deste país agradecemos e destacamos o claro apoio da investigación pública e dificilmente chegaríamos aos estándares de produción e recoñecementos internacionais que temos na actualidade no eido tanto investigador como produtivo sen ese apoio.

No caso do rodaballo, é coñecido o bo facer do departamento de microbioloxía da Universidade de Santiago que logrou varias vacinas e solucionaron as dificultades patolóxicas daqueles tempos iniciais alá polo ano 1986.

Tanto o IEO como o Centro de Corón adscrito á Consellería de Pesca, desenvolveron polo miúdo os incipientes protocolos de cultivo de especies acuícolas e aínda hoxe despois de preto 40 anos seguen con este inestimable labor en busca de novas especies para desenvolver e consolidar os coñecementos das xa existentes.

As universidades de Vigo e A Coruña prestan importantes apoios nas diferentes áreas dos cultivos, en concreto o ECIMAT adxunto a UVigo presenta un gran labor investigador no eido da acuicultura e en Veterinaria de Lugo queremos destacar o seu logrado renome tanto en temas de xenética como de Anatomía patolóxica.

O Instituto de Investigacións Mariñas de Vigo presta a súa colaboración con empresas do sector nos campos da microbioloxía, parasitoloxía e viroloxía.

Realmente, podemos valorar que efectivamente, no desenvolvemento da investigación temos unha gran fortaleza, onde a inversión deste pobo se ve correspondida con creces nos resultados na produción e xeración de emprego na acuicultura.

O Clúster da Acuicultura de Galicia naceu coa clara vocación de priorizar a investigación no sector do rodaballo e traballar necesariamente con todos os equipos do coñecemento implicados, resultando esta fórmula de eficacia coñecida e necesaria para seguir impulsando o I+D+i do país.

Así, podemos estimar que nas diferentes áreas do coñecemento e investigación na acuicultura de peixes en Galicia están adscritos máis de 160 investigadores repartidos en non menos de 22 equipos de traballo nos diferentes departamentos



(Parasitología, Microbiología, Xenética, Citología, Anatomía Patológica, Bromatología, Virología, Edafología, Ecología, Fisiología, Bienestar Animal,...).

TRANSVERSALIDADE DO COÑECEMENTO.

As inversións de I+D+i realizadas nunha área do coñecemento, na maioría dos casos, terán unha aplicabilidade directa noutros campos, producíndose unha clara sinerxía do coñecemento.

Un claro exemplo de transversalidade atopámolo nos estudos sobre a dieta das presas vivas, rotífero e artemia, para a alimentación larvaria; na actualidade este zooplankton utilízase para alimento de diferentes especies de acuicultura (dourada, robaliza, ollomol, sargo, rodaballo, salmonete,...).

Outros casos de aplicabilidade encontrámoslos nos estudos de patoloxías, máquinas de clasificar, uso de equipos de oxixenación, recirculación, etc., onde o coñecemento adquirido pode ser susceptible de se extrapolar a outras especies ou áreas.

ANÁLISE COMPETITIVA DA ACUICULTURA DE VERTEBRADOS GALEGA.

Para poder coñecer as potencialidades dunha actividade resúltanos de gran axuda coñecer os diferentes escenarios que se lle poden presentar á acuicultura de peixes mariños. É revelador construír un diagrama DAFO onde se explicitan as bondades e as diferentes dificultades que se pode atopar esta actividade acuícola.

FORTALEZAS

Galicia posúe máis de 1100 km de costa e cursos abundantes de masas de auga (continental e mariña) sen contaminar.

Tradición pesqueira e alto consumo de produtos do mar

Este país posúe bos canais de comercialización de produtos do mar.

Imaxe recoñecida de Galicia como selo de garantía: Galicia Calidade, Produto Calidade, Denominación de Orixe.

Galicia é líder europeo na produción e comercialización do mexillón.

Líder mundial na produción e comercialización de rodaballo.


Primeiro produtor de ollomol

Principal produtor de troita do estado español

Amplio soporte de investigación científica con persoal ben formado e bos equipamentos.

Dispón dun centro especializado e punteiro na formación en acuicultura

Apoio amplo en I+D+i por parte da Administración.



OPORTUNIDADES

Galicia conta con características oceanográficas e orográficas que se presentan especiais para cultivos mariños (temperatura, salinidade, pH, bacterioloxía,...).

Creación dun Sector Estratéxico

Alto potencial para novos cultivos mariños

Posibilidade da Acuicultura da Repoboación

Apoio da administración ao sector da troita para convertela en empresas innovadoras

Necesidade de incrementos na produción acuícola para satisfacer a demanda de peixe a nivel mundial

A Acuicultura é un sector en continua expansión, fonte de aporte de alimentos para o incremento da poboación.

Potencial loxístico e comercial do noso país no comercio de mercadorías do mar

Definición dun mapa de usos do litoral potenciador da acuicultura seguindo as directrices FAO

Fonte de emprego nas zonas despoboadas do litoral.

Creación da Plataforma Tecnolóxica Galega de Acuicultura.

Inversión na mellora tecnolóxica da produción.

DEBILIDADES

- O crecemento dos sectores do mar é menos que o seu potencial.
- Atomización e estrutura dual (pequenas e grandes empresas)
- Patoloxías
- Marco administrativo adverso e complexo
- Lei de costas moi restrictiva
- Normativa complexa
- Falla un posicionamento real por parte dos poderes públicos para o fomento da acuicultura
- Falla aplicación do Plan Estratéxico da Acuicultura.

AMEAZAS

- Falta de territorio para a implantación da acuicultura.
- Incremento dos requisitos medio ambientais.
- Competencia con produtos de acuicultura doutros países.
- Lograr materias primas alternativas para a produción de pensos.

INSUIÑA

Falar de INSUIÑA é describir o transitar da acuicultura do rodaballo (*Scophthalmus maximus*) en Galicianos derradeiros 38 anos .

Nos diales da radio soa :*Vamos a la playa e Cada loco con su tema*; no cine preséntase *El retorno del Jedi* e nese mesmo ano a película *Ghandi* gaña 8 óscares. Estamos a falar do ano 1983 cando no Grove tres atrevidos mozos, Manuel Domínguez, Sergio Devesa e Alfredo Fernández, crean INSUIÑA o que será a primeira empresa de cultivo industrial do rodaballo de España .Certo é que xa se estaban a facer algúns estudos na fecundación de ovos de rodaballo en Tinamenor (Cantabria). En Galicia, da man do equipo de José Iglesias do Instituto Español de Oceanografía e o equipo do Centro de Investigacións Mariñas de Vilaxoán, pertencente á Consellería de Pesca, a finais da década dos 70 xa comezaran as primeiras experiencias de crianza do rodaballo en laboratorio .

Un dos socios de Insuiña, posuía unha antiga granxa de engorde de pitos que se radicaba no lugar de Ardía, moi próxima ao mar; precisamente esta proximidade ao mar, foi motivo para elixir ese emprazamento. Remodelaron a vella granxa para convertela nunha pioneira nave de crianza de rodaballo.

Así, o imaxinario popular bautizou aos primeiros rodaballos de cultivo como “rodaballo de jaliñeiro“ pola súa procedencia dunha antiga granxa de polos. Este imaxinativo e intuitivo nome non fixo máis que certificar o carácter gandeiro que tén a acuicultura mariña e de seguro que a ningún especialista en marketing moderno se lle ocorrería tal xenialidade para representar o espírito tan innovador para Cultivar O Mar.

Os inicios non foron doados para o que era a primeira empresa de cultivos mariños en terra (a excepción das empresas de cultivo de salmón). Daquela estaban todos os protocolos por validar: manexo, patoloxías, alimentación, venda, etc.

A pesares de todos os atrancos, a primeira produción comercial de rodaballo vendeuse no ano 1985 a un exitoso prezo de 2500 pts/kg.

Nesta mesma década dos 80, houbo un saudable contaxio de creación de empresas innovadoras e, no Salnés, nace a Agrupación de Colleiteiros do Salnés, primeira empresa dedicada á produción e comercialización do albariño etiquetado de Galicia.

A produción comercial do rodaballo comeza no ano 1983 cando a empresa Insuiña pon no mercado as súas primeiras 15 Tm . No ano1989, Alfredo Fernández, socio fundador de Insuiña, crea e lidera a Cooperativa do Rodaballo de Galicia Mar Novo, que aglutinaba ás pequenas empresas do sector (capacidade media 50Tm de produción). Con este laboratorio de ideas, tratábase de facer fronte á crise que se albiscaba moi cerca, para iso a Cooperativa centralizou a comercialización do peixe, as compras de alevíns e mesmo de outros insumos.

Pero estas medidas non foron suficientes e inexorablemente no ano1992 coincidindo cunha crise de crecemento, pois saíron ao mercado máis de 100Tm de rodaballo de cultivo cando non se contaba con unha estrutura comercial consolidada, prodúcese o annus horribilis no sector do rodaballo.



Tanques de cultivo alevín de rodaballo

Os custos de fabricación no ano 1991 superaban as 1250 pts (Plan de Ordenación dos Recursos Pesqueiros e Marisqueiros de Galicia, Xunta de Galicia, 1992 páx. 502) e o prezo medio de venda nese mesmo ano non superou as 900 pts o kg. Os peches empresariais foron inevitables e prodúcese unha reestruturación do sector.

A providencia e o bo facer xurde ese fatídico ano e a pesqueira galega Pescanova faise co accionariado de Insuiña salvándoa da quebra mantendo a estrutura pioneira e investigadora de Insuiña.

Plantas de cultivo como a de Punta Alada, Cultivos Mariños de Vilanova, Granxa de Nastos, Cultipeca, Aquazul, Engordes Comerciales foron brillantes exemplos de aposta polas piscicultura en Galicia asumindo os riscos da innovación e o forte carácter pioneiro da actividade.


Na maioría destas empresa a capacidade media de produción era de 50 Tm/ano, na actualidade 26 anos despois as empresas que se constrúen son de 1500-3000 Tm/ano. É meritorio a situación de Allesa, unha planta de 40 Tm radicada na illa de Arousa que sobreviviu aínda que sexa co apoio da Audiencia Nacional.

O xoven sector da Piscicultura Galega dende os seus inicios mostrou unha alta capacidade técnica e innovadora cunha nítida e forte aposta polo I+D+i. Na última década, a pesares que mais do 90% do cultivo estabulase en circuíto aberto, xurdiron dúas empresas con apostas distintas nos sistemas de crianza: unha empresa radicada na Ria de Vigo, con cría de peixe en gaiolas e que lamentablemente pechou, entre as razóns do peche atópanse serios problemas de xestión das patoloxías. Por outra banda, radicada na Ria de Arousa atopase unha empresa que apostou por sistemas de recirculación e hoxe en día esta planta dedicase ao cultivo do linguado.

No ano 2017, sobre as sólidas cimentacións da vella Insuiña xurde a aposta de NuevaPescanova para consolidar o ADN na investigación e produción no eido da acuicultura creando o Pescanova Biomarine Center, un centro de referencia mundial na investigación en novas especies mostrando xa exitosos resultados no facer do polbo (*Octopus vulgaris*) e o desenvolvemento no cultivo da Cherna (*Polyprion americanus*).

PRINCIPALES FITOS DO CULTIVO DO RODABALLO

- 1983. Creación de INSUIÑA, primeira empresa do cultivo industrial de rodaballo en España.
- 1988. Apoio do CDTI (Centro Desarrollo Tecnológico Industrial) ás empresas inversoras no cultivo
- 1988. Creación de AROGA: Asociación de Rodaballo de Galicia
- 1989. Constitución da Cooperativa Galega de Criadores de Rodaballo Mar Novo que aglutinaba a pequenos produtores.
- 1988. Utilización de penso semihúmido para a alimentación
- 1989. Primeira vacina para *Listonella anguillarum*, posteriormente aparecerían mais medidas profilácticas que fixeron posible e viable tecnicamente o cultivo. Este soporte tecnolóxico de vangarda veu da man da Universidade Galega, sendo inevitable citar a investigadores de nome propio como son Alicia Estevez, Juan Barja e Isabel Santos que xunto co seu equipo de microbiólogos souberon estar neses anos iniciais o carón das necesidades do incipiente sector da piscicultura en Galicia. Meritorios son tamén as investigacións que naqueles tempos levaron adiante os diferentes Departamentos de Investigación en Galicia (Parasitoxía, Viroloxía, Citoloxía,...)
- 1990. Venda do rodaballo de crianza nos restaurantes: ARZAK, EIKANO e AKELARRE de San Sebastián.
- 1992. Primeira gran crise do sector e reestruturación dun sector que se amosaba moi atomizado. Desembarco de capital noruegués e entrada de Pescanova no sector do rodaballo.
- 1992. Comézase a alimentar os peixes con penso seco extrusionado.
- 1993. Nacen os fondos IFOP (Instrumento Financiero de Orientación de la Pesca)
- 1993. Primeira gran zoonose producida pola enfermidade da Estreptococose, producindo grandes perdas no sector.
- 1993. Utilización industrial do osíxeno no cultivo do peixe plano.
- 1994. Subministro regular de alevíns de rodaballo pola empresa France Turbot
- 1997. Campañas publicitarias do FROM conxuntamente con APROMAR e AROGA. Peixe de Crianza.
- 2000. Patente europea da vacina GAVA-3 por Isabel Santos, Juan Luis Barja e Alicia Toranzo, do departamento de microbioloxía da Universidade de Santiago.



Rodaballo

- 2001. Constitución do Clúster da Acuicultura de Galicia e o CET-GA(Centro Tecnolóxico Gallego de Acuicultura), centralizando a investigación do sector nos campos da nutrición, patoloxía, mellora xenética novas especies e xestión ambiental.
- 2002.Constitución da OPP 59. Organización de Produtores do Rodaballo.
- 2007.Mapeo xenético do rodaballo descrito polo equipo de xenética da Facultade de Ciencias Veterinarias de Lugo, liderado por Paulino Martínez.
- 2007. Rexistro da primeira vacina para parasitos (Philasterides) polo Clúster de Acuicultura e as Universidades Galegas.
- 2008. Constitución da Plataforma Galega de Acuicultura.
Neste breve repaso aos principais fitos da historia do rodaballo foi imprescindible a colaboración e apoio das diferentes administracións: Central, Autonómica e Europea.
- 2017. Constitución de Pescanova Biomarine Center.



Vista aérea Nova Pescanova Biomare Center

RETOS PARA OS PRÓXIMOS 10 ANOS

Os retos de futuro para a I+D+i na acuicultura en Galicia.

-Patoloxía

Producíronse avances moi significativos, pero daqueles antigos problemas algúns inda quedaron sen resolver por exemplo a Forunculose. Faise necesario esa sinerxía coa Universidade Galega para no futuro seguir traballando no desenvolvemento de novas vacinas, farmacocinética, métodos de diagnóstico, formas de presentación, etc.

-Nutricionais

Na actualidade debemos ser mais esixentes nas investigacións sobre os substitutos da fariña de peixes para poder manter unha acuicultura sostible. Estudos sobre aditivos,..

-Comerciais.

Prevense novos escenarios na oferta do produto polo que necesariamente xurdirán novas presentacións, apertura de novos mercados e sucederán vellos problemas.

-Mellora Xenética.

Este campo necesita de dedicación a medio e longo prazo e resulta imprescindible para lograr melloras nas patoloxías, crecementos e poder optimizar os custos de fabricación .

-Fisioloxía e Benestar Animal.

Neste eido é imprescindible o coñecemento sobre o benestar animal das especies cultivadas e a busca continua de protocolos acorde co benestar.

-Xestión Medio Ambiental.

Na acuicultura mariña de peixes levamos xa 35 anos de convivencia amigable co medio ambiente e consideramos obrigado continuar con precisos estudos do comportamento das augas do noso litoral para evitar posibles disfuncións .

- Falla de territorio.

Mais alá do Plan Acuícola , que é urxente para poder manter un sector competitivo, resultará imprescindible un labor didáctico por parte dos principais actores da acuicultura (sector e administración) para espantar os atavismos dos grupos que hoxe teñen comportamentos da era glaciario e impiden un normal desenvolvemento do cultivo do mar.

-Apoios da Administración.

Sendo un sector que naceu fai tan só 38 anos aínda se precisan apoios por parte da Administración nos campos do coñecemento, lexislativos, publicitarios, comerciais e mesmo financeiros.

O sector no eido do I+D+i ten identificado mais de 65 áreas do coñecemento que podemos resumir nas seguintes áreas de traballo:


Área automatización..... 10

Área Medio ambiente 15

Área Criadeiro 15

Área Patoloxía 25

Estimamos que se necesitarán desenvolver mais de 105 programas de investigación nos vindeiros anos para satisfacer as demandas no campo do I+D+i na piscicultura dos peixes planos da Galicia.



NECESIDADE DE INVESTIGACIÓNS CIENTÍFICAS NA ILLA DE ONS “BATERÍA DE COSTA NA COVA DO LOBO”

Por: Celestino Pardellas de Bias

INTRODUCCIÓN

Tocabamos o tema das Fortificacións da costa das Rías Baixas na revista AUNIOS¹ referíndonos ao ano 1810 cando expulsados os franceses de Galicia miraron a necesidade de blindar e protexer as rías galegas da entrada de posibles inimigos que viñeran por vía marítima.

Para defenderse desas posibles incursións, decidiron construír baterías de defensa coas súas conseguíntes pezas de artillería cun alcance, o suficientemente efectivo, como para cumprir a súa misión de salvagarda da costa.

Entre as zonas escollidas, nas Rías Baixas, estiveron as illas de Cíes e Ons. Para iso puxéronse sobre a mesa, e a disposición de quen correspondera, todas as facilidades, tanto económicas como burocráticas para podelas levar a bo porto.

O certo foi, polo menos nas que se pretenderon facer en Ons, que visto que o perigo pasara e que a economía non estaba moi boiante, en pouco tempo quedaron sen presuposto e con grandes dificultades para poder rematar o que con tantas ganas comezaran. En menos de tres anos a idea derrubouse e só quedaron os muros do proxecto que ía a ser.

Durante case cen anos, 1810-1910, houbo unha relativa normalidade nas rías, no que se refire a accións bélicas, pois agás algún tema corsario e de piratería, pouco máis podemos salientar nesa centuria, polo que a temporal tranquilidade non daba pé a levar a cabo construcións de defensa marítima nas rías baixas galegas.

Co estalido da Primeira Guerra Mundial comezaron a xurdir en Galicia, aínda que España mantívose á marxe, pequenos acontecementos, como o recalar de buques nos seus principais portos, aínda que estes eran neutrais, episodios bélicos nas súas proximidades con afundimentos de submarinos, espionaxe, ..., así como tamén vantaxes económicas relacionadas coa pesca e a conserva ao subministrar alimento aos exércitos belixerantes, ...

Aínda así, non houbo necesidade, polo menos nas rías Baixas, de armar as súas costas en previsión de defensa por posibles ataques marítimos, pero o certo é que debeu de prender algún tipo de receo que rematada a contenda no ano 1919, catro anos despois, 1923, aproveitando que o acorazado España, embarrancado preto de Melilla, non se podía rescatar, tomaron a decisión de abandonalo, non sen antes, retirar as importantes pezas de artillería de que dispoñía que acabaron na que ía a ser a batería de costa de Cabo Silleiro en 1923.

Non sabemos se antes comezaran, por algún motivo estratéxico, as obras da Batería de Costa de Cabo Silleiro, o que si coñecemos é que a partires do comezo da Guerra Civil Española, os sublevados viron a necesidade de protección das costas das Rías Baixas e comezaron a construción de varias baterías.

As Baterías de Costa, con posible variante de ano de comezo, principiaron no ano 1936, e con posteriores modificacións e ampliacións, estas foron as construídas entre a Península do Barbanza e a Serrada Groba, para defensa da entrada das rías de Arousa, Pontevedra e Vigo:

J1, situada en San Vicente, O Grove con 4 canóns.



Lugar de San Vicente (O Grove) onde está a batería de costa J1

¹ Celestino Pardellas de Bias. “Baterías de defensa na Illa de Ons I, II, III”. AUNIOS nº 22,23,24. 2016, 2017,2018. Asociación Cultural Píneiróns.

J2, situada en Cabo Udra, Bueu, con 2 canóns.

J3, situada en Monteferro, Nigrán, con 3 canóns.

J4, situada en Cabo Silleiro, Baiona, con 3 canóns.

Das catro, actualmente só está en activo con presenza e actividades militares a de San Vicente que dependeu do Rexemento de Artillería do Cuartel de Campolongo, hoxe da BRILAT e onde, ao igual que as outras, só serviron para manobras militares, nunca entraron en activo en contenda bélica.

INICIO DOUTRAS BATERÍAS: PUNTA FAXILDA E ONS

Estamos a principios dos anos 40 s.XX. España rematara a súa guerra fratricida e os sublevados vencedores, estaban comezando o pago a Alemaña e Italia da súa axuda. En Europa respirábanse aires de nova contenda e España, aínda que quedaría de novo neutral, ten unha posición estratéxica.....

Galicia e no caso que nos compete, as Rías Baixas, están nunha situación privilexiada para calquera país europeo en contenda. Nas proximidades hai xacementos de volframio, necesario para a industria bélica. Os portos, sobre todo o de Vigo, vai ser importante para buques belixerantes no seu descanso e avituallamento. Preto das nosas costas, van ser afundidos submarinos alemáns....

Poderíamos seguir dando un bo número de datos que demostran que as costas galegas e, en especial pola súa doada navegación, as das rías Baixas, poden ser lugar estratéxico para barcos e submarinos que estean en contenda na recente estreada II Guerra Mundial. É por iso que o Xeneral Franco decide, a carón de reforzar as Baterías de Costa existentes na zona, comezar a construción dalgunha máis para mellorar o espazo defensivo.


Punta Faxilda

Punta Faxilda está situada na Península do Salnés, entre as rías de Arousa e Pontevedra e fronte á Illa de Ons, na parroquia de Noalla, municipio de Sanxenxo. No caso que nos incumbe, entre as Baterías de San Vicente e Cabo Udra.

Ten unha situación óptima para a protección da costa do Salnés, xa que, a Illa de Ons pode dificultar a visión de entrada á Bateria de Cabo Udra e, a de San Vicente, pola súa posición, vería moi difícil defender tamén a entrada por ese lugar, por iso o Ministerio do Exército debeu ver case imprescindible posicionar outra Bateria en Punta Faxilda, cunha excelente visión da costa entre Cabo Silleiro e San Vicente e así defender mellor a entrada cara á Ría de Pontevedra de calquera barco inimigo.

Ata o de agora hai un déficit de datos sobre esta nova Bateria (sería un punto importante de investigación). O que si sabemos é que as obras comezaron a principios dos anos 40 e alí houbo un destacamento ata, polo menos, finais dos 50.

Comezaron as obras cun importante arranxo dos accesos. A execución destes accesos, quizais, foi o único interesante deste intento de posicionamento de nova Bateria, xa que tiveron que preparar, mellorar e realizar unha estrada entre o concello de Sanxenxo e a zona de Noalla pola costa, que só dispoñía de camiños, case de carro. Comentaba o Sr. Jacinto, propietario do Asador Pinarejo, no lugar de Soutullo en plena estrada entre Sanxenxo e O Grove: *“Tivemos que preparar os camiños para facer unha carretera pola que puideran pasar os camións para ir ata a Faxilda onde se estaba instalando o destacamento. Grazas a eles, hoxe temos esta carretera que deu vida aos terreos dos desherdados, aos que lles deixaban as peores propiedades onde non se podía cultivar. Alí estiveron anos...”*



Na foto, lugar de Punta Faxilda. No rectángulo vese o foxo onde se ía instalar a peza de artillería e as trincheiras a cada lado. Na circunferencia, parte da zona onde estaba o campamento militar en tendas de campaña.

Hoxe, aínda que se atopa nun estado deplorable esta zona pola acumulación de lixo, vexetación,..., e, sobre todo, pola falla de interese por parte do Concello de Sanxenxo para aseala e axeitala, atopamos estes restos: Un foxo onde se ía a instalar un dos canóns e dúas trincheiras a cada lado. Tamén parece que hai un espazo, hoxe moi taponado, ao norte deste foxo, onde comezaran a abrir outro, o que nos fai supoñer que a idea primaria era a da instalación de dúas pezas de artillería, aínda que hai quen fala de tres.

Nos terreos lindeiros, non chegaron a facer obras de importancia como as que podemos ver nas outras baterías de costa para albergar ás tropas ou destacamento. Instaláronse tendas de campaña, de tipo militar, e zonas de servizos e de garda de material. Comentan que nas tendas durmían e facían vida os soldados,; os xefes e oficiais, agás os que estiveran de garda, durmían nas casas de veciños da zona.

A cociña e supoñemos que a zona de comedor, estaba un pouco máis afastada, quizais buscando un lugar máis abrigado para desenvolver ese cometido. Estaba situada onde hoxe atopamos o cámping Monte Cabo, a menos de 100 metros das tendas dos militares, é por iso que esa zona ten o topónimo de “As Cociñas”.

Dende logo, sen unhas instalacións como as que podemos ver nas Baterías tipo J, a vida no inverno nesa zona, con influencia de ventos dominantes de norte e sur, debería ser moi complicada.

Aínda que estiveron alí un longo tempo, e onde fixeron a mili moitos dos habitantes da zona, o certo é que nunca se chegaron a instalar pezas de artillería, o que quere dicir que esa década que vai dos 40 aos 50, as dificultades económicas eran moi complicadas no país. O decurso da Guerra Mundial e a posterior derrota alemá deixaba a España nunha posición complicada e quizais esperando que a paz en Europa no complicara máis o estado no que se encontraba o país, o feito é que Punta Faxilda seguiu en uso militar durante uns anos máis e despois abandonaron a zona.

O que si, aínda que non houbo canóns instalados de xeito permanente, foi un lugar onde se realizaron innumerables manobras militares e a onde transportaban dende Pontevedra e Marín (Escola Naval) pezas de artillería para realizar operacións e exercicios de tiro.

Illa de Ons

Son os anos 40 s.XX. Vén de rematar a Guerra Civil. Hai necesidade de protexer as nosas costas de posibles inimigos, aínda que, máis de Alemaña e Italia que nosos. O Ramo de Guerra estuda a posibilidade de reforzar a seguridade coa instalación de máis baterías de costa nas Rías Baixas. Punta Faxilda e Illa de Ons, poden ser lugares estratéxicos. Comezan os preparativos....

Como estaba por aquelas datas a Illa de Ons para que poida ser empregada para fins de defensa? Mirémolo a grandes liñas:

— Ons era propiedade de Didio Riobó. Didio era de ideas republicanas. Didio, nos anos anteriores á Guerra Civil non harmonizaba ben cos potentados da conserva en Bueu e no Morrazo. Co estalido da contenda, vai ser perseguido polas súas ideas debido a delacións deses antigos “amigos” cos que xurdiran problemas por cuestións de negocios. Aínda que tiña medios para fuxir, prefire refuxiarse en Ons. Aínda así, toma unha decisión evitable, como foi o suicidarse na propia Illa a principios de outubro do ano 1936. Incrivelmente, a súa viúva, que tiña que saber dos problemas do seu home, Didio, cos conserveiros, decide que quede como administrador da empresa Isla de Ons, S.L., un dos conserveiros considerado “camarada”, D. Gaspar Massó. Sobre a xestión de Massó, vigoempresa.com comenta: “...parece ser que en sus años de gestión sacó en beneficio un buen provecho de la actividad pesquera, mientras que los Riobó veían como sus réditos descendían de manera muy considerable”.

Pasados case cinco anos de xestión por parte dos Massó,1941, o exército ve na Illa de Ons, xunto con Punta Faxilda, un posible punto estratéxico de defensa e, por medio do Ramo de Guerra, decide expropiala con fins militares.



Expropiación de Ons. Base de Submarinos

O tema da expropiación é levado en secreto nos despachos. Os illáns non teñen coñecemento oficial do que está a acontecer, aínda que xurde posteriormente un documento no que se di que os veciños foron avisados de que poderían ser desaloxados. Preguntados os veciños de máis idade (a principios dos anos 80 s.XX, os informantes tiñan entre 60 e 80 anos, é dicir, nados entre 1900 e 1920, co que en 1941 terían entre 41 e 21 anos, idade suficiente para saber o que sucedía), non tiñan coñecemento de que se lles facilitara algún documento nin colectivo nin individual por familia e casa, asinando o recibín, no que se lles informara do posible desafuzamento das súas vivendas.

Os veciños sospeitaban que algo acontecía ou ía acontecer, cando viron os galeóns dos Massó preto do mínimo embarcadoiro existente daquela, principios dos anos 40, e que neles se cargaban os efectos que os Riobó tiñan na súa mansión illán. Terían os familiares, herdeiros de Didio Riobó, coñecemento diso?

Quizais os Massó, tiñan información privilexiada e sabían que esa casa grande preto do embarcadoiro e da zona subministrados (alí tiña Riobó unha tenda-bar) podería ser empregada como cuartel ou aloxamento para os militares que despois virían a Ons, sen saber cal sería o seu obxectivo, e polo cal foi expropiada a Illa.

Dende logo coidamos que ese conto que xurdiu de que Ons ía a converterse nunha base de submarinos alemáns, non ten nin pés nin cabeza. Para ese cometido, só poderíase pensar na zona leste, e iso con moitísimas problemáticas, e dende logo, realizando unha grande infraestrutura para que, de verdade, servira como tal. Estaban as arcas españolas neses anos para meterse neses gastos? E, Alemaña, en plena II Guerra Mundial, ía mandar cartos para realizala? Sería unha quimera só pensalo, podendo utilizar calquera punto das Rías Baixas para ese cometido.

Houbo, e aínda hai, un enorme receo por parte do Exército para dar a coñecer e abrir os seus arquivos co fin de pesquisar que foi ou que pasou daquela en Ons, o por que da expropiación, cal foi o motivo para que se enviara alí un destacamento, din que de vixilancia, e estivera case ata os anos 50, ..., e un longo etc... O pouco que sabemos é de boca dos veciños que viviron nesa etapa ou do que lles contaron os seus pais e avós, tendo en conta o medo que había pola represión á que foi sometido o pobo².

Caseta de vixilancia preto da Cova do Lobo

Á espera de que un día permitan aos investigadores acceder aos arquivos militares, só temos, para poder ir abrindo algunha ventá sobre este tema, os testemuños dos veciños, algún documento que poida xurdir e ir sacando conclusións segundo as informacións que nos van chegando, polo xeral hipotéticas.

Comezaremos buscando un por que á expropiación. Poderíamos ir en dúas direccións. Unha baseada na procura dunha fórmula legal para facerse coa propiedade, quizais moi lucrativa e rendible nun futuro, a un suposto republicano e masón. Outra podería ser, a posición estratéxica de Ons, tendo en conta o conflito bélico que estaba ocorrendo en Europa e con dous aliados na contenda aos que había que axudar.

Eu case tiraría por unha mestura das dúas. Ons, xunto a Punta Faxilda, eran dous lugares estratéxicos para defensa da costa pontevedresa e, á vez, a Illa sería confiscada legalmente a un republicano.

A resposta non se fixo esperar, tramitado todo o papelorio legal e paralelamente ás obras que se levaban en Faxilda, a Ons acude un destacamento militar. A súa misión, segundo contan os veciños, era instalar na zona de monte de Cova do Lobo, na parte nordeste da Illa, un posto de vixilancia, e así se fixo. En pouco tempo e mentres facían vida no Faro,



O "General Mola" embarrancado a carón do Illote da Freitosa na Illa. Único submarino que tivo en Ons a súa "Base" e morte

² Foto submarino: sacada do artigo "El arma submarina; 100 años en imágenes. 1915-2015". Publicacións.defensa.gob.es

construíuse un recinto que, din, servía de lugar de vixilancia de entrada de barcos polo Centulo e, supoñemos que, segundo foran, darían aviso.

Non entendo ben esta posición de control, xa que a edificación estaba nunha zona baixa e só se darían conta da presenza dunha embarcación, non momento que xirara polo illote do Centulo. Ademais, hai que ter en conta que, mesmo enfronte e con mellor visibilidade desa zona, estaba o destacamento de Punta Faxilda que podería dar máis rapidamente aviso de calquera incursión.

Os informantes non estaban moi seguros da situación real dos militares do destacamento, pois algúns apuntaban a que o posto de vixilancia estaba no Faro, o que é máis lóxico, e que a esa construción de Cova da Loba ían a descansar, comer e durmir, non quitando que tamén dende alí fixeran quendas de garda.


De todos os xeitos, segue sendo moi confusa a situación. Se a vixilancia se facía dende o Faro, por que non utilizaron como lugar-habitación a casa confiscada á familia Riobó en Curro? Era un lugar máis céntrico, con mellor acceso e máis preto do Faro, á vez terían máis comodidades e vida social cos veciños. Por que escoller logo unha zona máis inhóspita, afastada do Faro, sen vida social,...., e coa problemática de ter que realizar unha nova construción?

Moitas dúbidas que habería que investigar: Por que o motivo desa construción? Cal era a súa misión? Por que non escoller a mansión dos Riobó? Que tipo de manobras realizaban? Chegaron a pensar nalgún intre de levar a cabo o posicionamento dalgunha batería no lugar? Falan de que estiveron alí arredor de cinco anos, non é unha estancia moi longa só para servir de vixilancia?...

Moitas incógnitas, o que si é certo é que enriba da zona coñecida como Cova da Loba, houbo unha construción da cal, penso, que aínda quedan no chan as baldosas que eu vin a principios dos 80 s.XX despois dun incendio que devastou toda a zona norte da Illa e que, segundo me relataron posteriormente os veciños, foi unha área de vixilancia militar a mediados dos anos 40 s.XX.

Sinto non poder ofrecer máis datos sobre este tema, o que si pretendo é deixar portas abertas á investigación e coido que neste modesto artigo ofrezco fíos polos que tirar para coñecer máis do pouco que sabemos da historia de Ons. Estes anos que van dende 1934 a 1950 ocorren na Illa moitos acontecementos que deberían ser investigados en profundidade.

Por poñer un exemplo e seguindo unha orde cronolóxica: Ons case é adquirida polo Estado para crear unha colonia de vagos e maleantes. Sublevación dos veciños pedindo as terras que traballan. Xorden problemas entre Didio Riobó e os conserveiros de Bueu. Didio é delatado e perseguido. Didio suicídase. Faise cargo da Illa a familia Massó. Hai dúbidas sobre a posición de Gaspar Massó na persecución de Didio Riobó. Causa estrañeza que a viúva de Didio nomee a Gaspar Massó como administrador da Illa despois do ocorrido co seu home. Que relación había entre a viúva de Riobó e a familia Massó.... Cal foi o verdadeiro motivo para expropiar a Illa. Que relación houbo entre o abandono da casa illán polos Massó a pouco da expropiación e coa chegada dese destacamento militar.... Que pasou con todos os mobles que había na casa de Didio.... E un longo etc que daría para unha profunda investigación e coñecer máis polo miúdo a historia da Illa de Ons antes de pasar a mans do Estado.



Más que Petroglifos: mayo 2013

masquepetroglifos.blogspot.com/2013_05_01_archive.html

miércoles, 15 de mayo de 2013 ... 2.3.1. - Las islas Cíes y el mito de Casitérides, 2.3.2. - Isla de Ons 2.3.3. - Otras evidencias en las Rías Bajas Capítulo II 2.4.

Quizais esta reconstrución que fixeron do que deron en chamar Castro de Cova do Lobo, cos seus muros, sexan os restos da construción feita nos anos 40 como posto de vixilancia. Habería que pescudar máis profundamente.

PROFESIONES NALGUNHAS POBOACIÓNS DE INTERESE NO ANO 1881

Por: Emilio Ferrer Jaureguizar

Grazas á publicación do almanaque Bailly-Ballieri nos anos finais do século XIX, podémonos asomar á vida social de varias localidades da Ría de Arousa. Recordemos que dito Almanaque se auto titulaba “*Pequeña Enciclopedia Popular de la Vida Práctica*” e describía a maneira do “*Who is who*” inglés a todas as persoas de certo relevo en todos os concellos de España, incluíndo profesionais de todos os rangos da sociedade. Como sempre, cinguirémonos ás poboacións de Pobra do Caramiñal, Ribeira, O Grove e Bueu por ser obxecto das nosas investigacións noutros traballos.

POBRA DO CARAMIÑAL.- Concello de 5.136 habitantes, composto das parroquias seguintes:

CARAMIÑAL (Santa María. P.) Lugar onde reside o concello, situado a 19 Km. de Noia.

Aceite y vinagre.- Abal, Purificación.- Lampan, Manuela.- Rodríguez, Tomasa.

Administrador de fincas.- Calleja, Rafael.

Agrimensor.- Mieites, Félix.

Billar (Juego de).- Pujan, José Andrés.

Carniceros.- Pardavila, Juan.

Casino.- Círculo de Recreo.

Farmacéuticos.- Mieites, Wenceslao.- Vales, Esteban.

Granos (Tratantes en).- Abal, Manuel.- Lago, Gabriela.- Lago, Socorro.

Harinas (Molinos de).- Amigo, Cipriano.- Bermúdez, Josefa.- Boo, Brígida.- Castelo, Campio.- Ces, Miguel.- Chaun, Juana.- Costa, Manuel.- Domínguez Chaun, Juan.- Domínguez González, Juan.- Domínguez, María.- Enríquez, Josefa.- Enríquez, María.- Fariña, Manuel.- Fernandez, Jacinto.- Fernandez, José.- Fernandez, Josefa.- Fernandez, Manuel.- Fernandez, Ramona.- Hidalgo, Bibiana.- Focia, Miguel.- García, Rosa.- Gago, José Juan.- Hermo Fernandez, Francisco.- Hermo, Francisco.- Hermo, José.- Hermo, Juan.- Hermo, Luis.- Lojo, Jacobo.- López (a) Pitolo, Juan.- Mariño. Manuel.- Martínez, Rosa.- Millán, Francisca.- Millán, Manuel.- Muñoz, Benita.- Noceda, Pedro.- Noval, Manuela.- Núñez, Andrés.- Oujo, María.- Oujo, Juan.- Parada, Cipriana.- Perez, José.- Perez Fernandez, Cipriano.- Perez Vilasó, Juan.- Pío, Manuel.- Piñeiro, Francisco.- Piñeiro, Josefa.- Rey, Pedro.- Río, Juan Francisco.- Rivas, Juan.- Rivero, Ramón.- Rodríguez, Antonio.- Romero, Bonifacio.- Romero, Manuela.- Rosende, Severino.- San Isidro, Cipriano.- San Isidro, José Benito.-San Isidro, Juan.- Sauso, Juan Francisco.- Santiago, José.- Santiago, María Benita.- Santiago, Pedro.- Santiago, Ramón.- Santos, Francisca.- Seoane, José.- Sieira, Juan.- Vidal, Ramón.- Vila, Pascual.- Vila, Cayetano.- Vilasó, Ignacio.- Vilasó, Ramón.- Villar Pena, Pedro.

Herreros.- Alvarez, Manuel.- Lago, José.- Paz, Manuel.- Vellez, José.

Hojalateros.- Basquino, Cándido.- Blanco, Severino.- Canedo, Vicente.

Maderas (Tratantes en).- Vidal, Juan.- Vila, Pascual de.

Médicos.- Alonso, Félix.-Alonso, José María.- Cristóbal, Laureano.- Ferreiro, Manuel.- Mariño Puxos, José.

Mercerías.- Abal, Ramón.- Hidalgo, María.- García. Manuel.- Iglesias, Josefa.- Pena Rivera, Crisanto.- Tato, Santiago.

Navieros.- Abal Lapo, Manuel.- Fernandez, Lázaro.- Ferrer Casellas, José.- Gelabert, Joaquina.- Gomez Rivademar, José Joaquin.- González, Rafael.- Rodríguez, Juan.- Soler, Salvador.

Notarias.- Gomez Moreno, Gregorio.- Marcos, José Gabriel.- Santos Fontán, Manuel.

Panaderos.- Domínguez, Encarnación.- Gago, Josefa.- García, Manuel.- Perez, Teresa.- Santos, Juan.- Sobrino, Encarnación.- Suárez, Higinio.-Vázquez, Manuela.

Sal.- Tato, Santiago.

Salchichería.- Calviño, Rosa.

Salazón (Fábricas de).-Barreras, Francisco.- Ferrer Marlés, José.- Soler Domenech, Salvador.

Sastres.- López, Juan.- Rodríguez, Manuel.

Tejidos.- García Cerecedo, Antonio.- Hermo, Josefa.- Jelavet, Joaquina (probablemente Gelabert, Joaquina).- Lojo, Francisco.



Ultramarinos.- Cardama, Ramón.

Vinos y licores.-Abal, Manuel.- Abal, Ramón.- Acuña, José Benito.- Bermo, Rita.- Gago, Donato.- Hermo, Soledad.- Lorenzo, Celestino.- Martínez, Antonia.- Mellan, Antonio.- Perez, Angel.- Perez, José Benito.- Perez, Juan.- Río, Domingo.- Rodríguez Sanmiguel, Juan.- Romero, Francisco.- Sampedro, Margarita.- Soler Ferrer, Salvador.- Tovín, Luis.- Vázquez, Miguel.- Vila, Manuel de.

Zapaterías.- Abeijón, Juan.- Fernandez, Cipriano.- Fernandez, José.- García, José.- González, Mariano.- González, Vicente.- Mariño, Juan.- Martínez, Carmen.- Martínez, Manuel.- Moares, Rafael.- Otero, Manuel.- Recarey, José María.- Torea, Manuel.- Vázquez, José.

RIVEIRA.- Concello de 7.837 habitantes, composto das parroquias seguintes:

SANTA EUGENIA (Riveira P.).- Lugar onde reside o concello, distante 22 Km. de Noia.

Secretario del Juzgado Municipal.- Blanco, José María.

Agrimensor.-Bretal, Tomás.

Bodegoneros.- Cardona, Francisca.- López Romay, Manuel.

Carnicero.- Pintas, Manuel.

Cirujano.- García, José Manuel.

Harinas (Molinos de).- Abeijón José, Ramón.- Becerra, José Lorenzo.- Caamaño, Felipe.- Canibe, José.- Crugeiras, Juan Benito.- Domínguez, José.- Fernandez, Andrés.- Fernandez, Juan Manuel.- Gonzalez, Cipriano.- Gonzalez, Feliciano.- Gonzalez, Francisco.- Gonzalez, Juan Manuel.- Gomez, José Rosendo.- Gomez, Manuel.- Gude, Felipe.- Hereno Rodríguez, José.- Lijó Crugeiras, María.- Lijó, Francisco.- Lijó, José.- Mantemoiña, José.- Mariano, Domingo.- Mariño, Andrés.- Mariño Sena, Andrés.- Martín Olveira, José.- Martínez y consortes (sic), Lorenzo.- Martínez, Isidro.- Martínez, Lorenzo.- Migia, Pedro.- Millán, José.- Oubiña, Joaquín.- Oubiña, Manuel.- Oujo, Antonio.- Parada, José Antonio.- Pena, Benito.- Piñeiro, José.- Ramayo, Cipriano.- Saiñas Mariño, José.- Sales, Benito.- Santamaría, Isidro.- Santamaría, Manuel.- Santamaría, Simón.- Santiago, Ramón.- Santos, Joaquín.- Sego, Santiago.- Teira, José.- Tilve, Antonio.- Vidal y consortes, Francisco.- Vidal, Pedro.-Vidal, Roque.

Herreros.- Campos, José.- Parada, José.- Perez, José.- Perez Gonzalez, Manuel.- Perez, Pedro.

Medico.- Perez Peiteado, Santiago.

Mercerías.- Roque Martínez (Viuda de).- Sarasquete, Agustín.- Sieira, Víctor.

Navieros.- Barnet, Vicente.- Fernandez, Manuel.- Río, Andrés.- Soler Paz, Salvador.

Notario.- Torres, Manuel.

Panadera.- Fernandez, Francisca.

Salazón.- Barreras, Marcelino.- Colomer, José.- Crusat, José.- Fernandez, Lázaro.- Fernandez, Manuel.- Ferrer Marlés, José.- H. del Río, Andrés.- Lago Moar, Victoriano.- Martí, Victoriano.- Barreras, Francisco.- Perez Domingo, Antonio.- Roque Martínez (Viuda de).- Soler Domenech, Salvador.- Soler Paz, Salvador.- Vidal, José.- Villoch (Viuda de).

Tejedores.- Coto, Agustín.- Masoña, Joaquín.- Martínez, Isabel.- Parada, Juan.- Parada, José Benito.- Sieira, Francisco.- Vidal, José.

Vinos y licores.- Agritos, José María.- Reiriz, Juan Francisco.- Cayón, Ángela.- Cores, José.- Domínguez, Alejandro.- Fernandez, Antonio.- Fernandez, Viuda de Domingo Antonio.- Fernandez, Juan Francisco.- Fernandez, Juan Ventura.- Fernandez, Tomás, Fernandez, Ventura.- Gonzalez, José Manuel.- Martínez, Tomás.- Millán, José Benito.- Nazario Perez, Ramón.- Paisal, Andrés.- Paros, Ramona.- Perez, Andrés.- Pintos Silva, Juan.- Prego, Juan Ramón.- Prego, Roque.- Rivas, Manuel.- Rodríguez, José Ventura.- Romay, José.- Romay, José angel.- Santos, Tomasa.- Sanpedro, José.- Sayar, José.- Vizcaya, viuda de Sotero.

Zapateros.- Enríquez, Agustín.- Gomez, Juan.- Gomez, Marcos.- Pais, Francisco.- Torres, Filiberto.

Outras parroquias:

ARTES.- Poboación situada a 1,3 Km. de Santa Eugenia.

CARREIRA.- Poboación situada a 1,9 Km. de Santa Eugenia.

CORRUBEDO.- Poboación situada a 5,5 Km. de Santa Eugenia.

OLVEIRA.- Poboación situada a 3,7 Km. de Santa Eugenia.

OLEIROS.- Poboación situada a 3,2 Km. de Santa Eugenia.

PALMEIRA.- Poboación situada a 2,6 Km. de Santa Eugenia.



GROVE. (*Parroquia de San Martín*)- Vecindade con Concello de 2.438 habitantes situado a 8,3 Km. de Cambados.- No seu termo existen os famosos baños de *Louxo*, cuxas augas están clasificadas de cloruradas....debilmente sulfurosas, abertos na tempada de 1º de xullo ao 30 de Setembro, baixo a dirección do médico D. Manuel Morales Gutiérrez.

Secretario municipal.- Leiro Berta, José María.

Carnicero.- Millán Troncoso, José Antonio.

Cirujano.- Benavides Otero, José Daniel.

Conservas (Fábrica de).- Otero Morena (sic). (Probablemente Otero Moraña.).

Gorros.- Besada Barral, José.- Luna Abuín, Antonio.

Herreros.- Domínguez Germade, José.- Oubiña Porta, Vicente.

Joyero.- Botana Barbeito, José.

Médicos.- Benavides y Mestre, Luis.- López Sanin, Vicente.

Panaderos.- Alvarez González, Eduardo.- Torres, Dolores.

Pescaderías.- Agiriño y Cobelo, Francisco.- Antonio Gondar Lois, Domingo.- Besada Barral, Miguel.- Domínguez Alvarez, Francisco.- García Cubelo, Francisco.- Otero Moraña, Francisco.

Salazón.- Bargés Carrós, José.- Bargés Sobeira (Probablemente Lobeira), José.- Carreiro (Probablemente Carreró) García, Manuel.- Carreró Mascato, José.- Ferrer Casellas, Ventura.- Fernandez, Juana.- Goday Güal, José.

Tejas (Fábrica de).- Portela García. Juan.

Vinos y licores.- Alvarez Romay, Dolores.- Antonio Porto Vidal, Domingo.- Carreiro y Mascato, Cándido.- Leira Cornido, Bernardo.- Lijó Domínguez, Josefa.- Martínez Castro, Francisco.- Núñez Otero, José.- Otero Díaz, Bernardo.- Perez Álvarez, José Ramón.- Soutullo Prola, Ignacio.



GROVE (San Vicente).- Poboación situada a 4,5 Km. de O Grove.

Instrucción Pública (Profesor de).- Calvete Monilla, Emilio.

Párroco.- Movila, Juan Benito.

Curiosamente o único caso no que se cita ao mestre e ao párroco.

Médico.- Benavides Mestre, Luis.

Como se pode apreciar, aparte dalgún erro de impresión nos apelidos e algunha que outra omisión lóxica, porque a enquisa para realizar o Almanaque quizais non tivera as garantías que podería ter na actualidade, sen embargo proporcionámanos unha serie de datos moi interesantes como veremos a continuación.

BUEU. Vila con Concello de 6961 habitantes situado a 16,6 Quilómetros de Pontevedra.- Ten moitas fábricas de salga de sardiñas e multitude de teares de lenzos caseiros.

Secretario municipal.- Villagodoy, Joaquín,

Instrucción pública (Profesores de).- Bares, Manuel y Mariño, José Manuel.

Aceite.- Viegra Cesáreo, Enrique.

Agrimensor.- Bernardos Mavido, Rosendo.

Carros (constructores de).- Fernandez, Benito y Leal, José.

Farmacéutico.- Mourella, Ramón.

Harinas.- Masó e hijos, Salvador.

Harinas (Molinos de).- Antonio García, Domingo; Cerviño, Francisco; Cueva, José; Franco, Eugenio; Lorenzo, Pedro; Pereira, Manuel; Piñeiro, Domingo; Río, Rosa.

Herreros.- Agulía, Manuel; Fernandez, Francisco; García, José María; García, Ramón; Vilas, José.

Médico.- Pérez, Manuel.

Notario.- Gomez Blanco, Manuel.

Panaderos.- Posada, Benito; Rodríguez, Alejandro; Terradas, Francisco.

Salazón.- Agulía, José; Bolívar e hijos, Viuda de; Galup y Bargés, Narciso; Masó e hijos, Salvador; Playó Aballe, Agustín; Soto, Vicente; Tapias y hermanos, Francisco; Vergé y Coll, Juana; Villoch, Viuda de.

Tejidos.- Gelpí, Agustín; Martínez Martínez, José; Pérez, Ramón.

Tornero de jarros.- Antonio Boado, José.

Zapatero.- Pousada, Benito.

Agregados

BELUSO.- Poboación situada a 2,4 Km. de Bueu.

Instrucción pública (Profesor de)- Bares, Ramón.

Panadero.- García, Juan.

Salazón.- Carballal, Manuel; Massó e hijos, Salvador; Méndez, Evaristo.

CELA.- Poboación situada a 2,2 Km. de Bueu.

Herrero.- Reino, Ventura.

HERMELO.- Poboación situada a 4,1 Km. de Bueu.



PROFESIÓN	PUEBLA	RIVEIRA	GROVE	BUEU	TOTAL
<i>Aceite y vinagrꝰ</i>	3	-	-	1	3
<i>Administrador de fincas</i>	1	-	-		1
<i>Agrimensor</i>	1	1	-	1	3
<i>Billar (Juego de)</i>	1	-	-		1
<i>Bodegoneros</i>	-	2	-		2
<i>Carnicero</i>	1	1	1		3
<i>Casino</i>	1	-	-		1
<i>Ciru jano</i>	-	1	1		2
<i>Conservas (Fábrica de)</i>	-	-	1		1
<i>Gorros</i>	-	-	2		2
<i>Farmacéuticos</i>	2	-	-	1	3
<i>Granos (Tratantes en)</i>	3	-	-		3
<i>Harinas (Molinos de)</i>	71	49	-	8	128
<i>Herreros</i>	4	5	2	6	17
<i>Hojalateros</i>	3	-	-		3
<i>Joyer</i>	-	-	1		1
<i>Maderas (Tratantes en)</i>	2	-	-		2
<i>Médicos</i>	5	1	2	1	9
<i>Mercerías</i>	6	3	-		9
<i>Navieros</i>	8	4	-		12
<i>Notarías</i>	3	1	-	1	5
<i>Panaderos</i>	8	1	2	4	15
<i>Pescaderías</i>	-	-	6		6
<i>Sal</i>	1	-	-		1
<i>Salchichería</i>	1	-	-		1
<i>Salazón (Fábricas de)</i>	3	16	7	12	38
<i>Sastrꝰs</i>	2	-	-	-	2
<i>Tejas (Fábricas de)</i>	-	-	1		1
<i>Tejidos</i>	4	-	-		4
<i>Tejedorꝰs</i>	-	7	-		7
<i>Ultramarinos</i>	1	-	-		1
<i>Vinos y licorꝰs</i>	21	29	10		60
<i>Zapaterías</i>	14	5	-	1	20

Chaman a atención, entre outros, a ausencia de agrimensor no Grove, que soamente haxa un carnicero por concello, a ausencia de farmacéuticos en Ribeira e no Grove, que soamente exista un xoieiro (Grove) ou que haxa dous xastres na Poboia e ningún en Ribeira ou no Grove cando neste último hai dous fabricantes de gorros. De largo, as profesións máis estendidas son as de muiñeiro, a pesar de que no Grove non exista ningún, e os establecementos de viño e licores con bodegueiros o taberneiros.

Si sumamos os habitantes dos tres primeiros concellos, teremos unha poboación total de 15.411 persoas; entre as cales habería un médico para 1.926 habitantes, un muiño de fariña para 128 habitantes, unha taberna ou licoreiría para 256 habitantes (aínda aquí deberíamos ser prudentes, xa que teremos que descontar a mulleres e nenos que sería impensable que acudiran a estes locais), etc.

Tamén nos queda a impresión que o concello mellor dotado de profesionais especialistas é o da Poboia e, botamos en falta o número de profesionais relacionados co mar e as súas industrias.

A única información que conseguimos ao respecto proporcionámona o Anuario do Instituto Nacional de Estatística do ano 1888 que publica no apartado de “sardina pescada en las provincias marítimas durante el quinquenio de 1877 a 1881” na súa páxina 741, o seguinte para a Provincia Marítima de Vilagarcía que recordemos que comprende todo o litoral comprendido entre Punta del Río Sieira en Ribeira, ata Punta Faxilda en O Grove.

<i>Millares de sardina pescada</i>	233.390.
<i>Valor en pesetas</i>	1.572.606.
<i>Hombres empleados en esta pesca</i>	5.565.
<i>Número de barcos empleados</i>	1.956.
<i>Toneladas (de los barcos)</i>	3.959.
<i>Número de artes empleadas</i>	9.917.
<i>Valor de dichas artes en pesetas</i>	855.614.*

**Todo ello habría que dividirlo por cinco.*

E na súa páxina 742, infórmanos de que o número de Fábricas de Salga e Conservas de Sardiña existentes no ano 1881 en dita Provincia Marítima era de 66 (para un total de 246 en toda Galicia), cun valor de 697.900 pesetas. O total de sardiñas elaboradas foi de 216.370 millares con un valor de 1.791.900 pesetas e delas dedicáronse ao consumo nacional 105.523 millares por valor de 889.130 pesetas, e exportáronse ao estranxeiro 110.847 por valor de 902.770 pesetas. Tamén se produciron en ditas fábricas 437.157 Kg. de Sain (graxa de sardiña) cun valor de 225.494 pesetas, e Escamas e desperdicios cun peso de 450.003 Kg. por un valor de venta para abonos de 30.625 pesetas. Para producir todo iso, necesitáronse 3.452.370 Kg. de Sal con valor de 82.274 pesetas, Aceite cun peso de 14.874 Kg. con valor de 17.824 pesetas e de Vinagre (para escabeches) gástanse 320 Kg. cun valor de 14 pesetas. Para contribuír a toda esta produción necesitáronse, na Provincia Marítima de Vilagarcía, a cantidade de 2.544 operarios; o que nos dá una idea da magnitude do sector da pesca e a conserva nas súas diferentes variantes.



Vemos por tanto que unha parte importante da poboación activa dos tres municipios antes mencionados dedicábase a esta actividade toda vez que, aínda que con erros, as Fábricas de salga e conserva mencionadas anteriormente no Almanaque, xunto coa pesca e a actividade dos veleiros mercantes da zona eran a principal fonte de traballo destas poboacións de la Ría de Arousa.

DIXITALIZACIÓN EN ALTA CALIDADE DE FORMATOS DE AUDIO E VIDEO



Bobinas de magnetofono, cassetes, discos, telecine, cintas de video...

www.AudioDigitalizaciones Edelmiro Trillo 13 of. 5B 36600 Vilagarcía de Arousa telf.638789523

[MARISCOS SERVIDOS POR NUESTRA PROPIA CET.ÁREA]



Restaurante Marisquería

Cocina tradicional Gallega
Gran variedad de pescados, mariscos y ternera gallega
Pastelería casera
viveros propios de marisco

O Corgo, 2B. O GROVE • Reservas: 986 73 07 48



Tapas Variadas
Cocedero
Vivero
Bar

O GROVE

Telf.: 986 73 27 16

Beiramar 144 (Paseo Marítimo)



RESTAURANTE - HOTEL
PINAREJO



Nuestro lema:
SERVICIO Y CALIDAD

DISPONEMOS DE 10 CÓMODAS HABITACIONES DOBLES Y 7 AMPLIAS Y CONFORTABLES HABITACIONES DE MATRIMONIO CON UN DORMITORIO ADICIONAL DE 2 CAMAS, todas exteriores, con baño, TV, parque infantil, aparcamiento propio y a 100 m. de la playa.

Especialidad en PESCADOS y CARNES a la BRASA, MARISCOS frescos y excelente TERNERA GALLEGA

RESTAURANTE - HOTEL PINAREJO

Ctra. de La Lanzada, Noalla - Sanxenxo - Telf.: 986 74 56 70

Xerfa
mesón - restaurante

Arca, 15 A
Telfs. 986 691 875
606 609 643
PORTONOVO - SANXENXO
(Pontevedra)

www.descubregalicia.com
e-mail: mesonxerfa@hotmail.com

Posición GPS:
latitud: 42° 24'9" N
longitud: 8° 50'23" W
altitud: 38m



Recettes Típicas Gallegas: **Parrillada de Mariscos Especial de la Casa**

COMIDA PARA LLEVAR

AMPLIA CARTA

Tenemos Menú con tres Primeros, tres Segundos, Postre y Café

Tls.: 986 691 875 - 606 609 643

mesón
LAREIRA D' LAREXO

RECOMENDADO EN **tripadvisor**

RESTAURANTE OFICIAL DA "COFRADÍA DO CENTOLO LARPEIRO"

Alberto M. González
Graña, 7 B - Telf. **986 731 718** - 36980 **O GROVE**
www.lareiradolarexo.com · lareiradolarexo@gmail.com

Rutas al Parque Nacional de las Islas Atlánticas de Galicia

Disfruta con nosotros de la belleza natural de la **Isla de Ons** y las **Islas Cíes**: las rutas a pié, los miradores, las playas de arena blanca y agua transparente, la rica gastronomía isleña...

ONS Servicio de barco desde Sanxenxo y Portonovo en Semana Santa, puente de mayo y verano.

CIES Servicio de barco desde el puerto de Vigo en verano.

También puedes realizar rutas guiadas en catamarán con visión submarina, rutas especiales, eventos... Precios especiales para grupos y escolares.

Información y reservas:
T 986 731 343 - info@crucerosriasbaixas.com
Compra tu billete on-line en:
www.crucerosriasbaixas.com

NA ILLA DE ONS, HOUBO UNHA TELLEIRA?

Por: María Jesús Otero Acuña

Cando no mes de agosto do pasado ano ao coordinador desta revista pasáronlle unha foto da antiga telleira que houbo en Sálvora, acordouse (xa vai para 30 anos) que cando eu estaba a recompilar datos para o meu libro "Illa de Ons. Privilegio de la Naturaleza", entrevistara e solicitara información á miña familia e a un bo número de veciños de Ons, entre os que estaban os Srs. Piñeiro e Blanco Solla.

Recordo, que moi amablemente, estes dous veciños recibíronme na súa casa de Bueu e entrevistéinos gravando toda a conversa cun radio casete, e de cuxa charla saíron dúas cintas cunha importante cantidade de datos, entre os que estaba un moi curioso no que me explicaban que o primeiro, digamos negocio, que montou o Marqués de Valladares en Ons fora unha telleira.

Non sei onde podo ter esas cintas e a súa transcripción ao papel, pasou moito tempo e a vida deu moitas voltas, o que si recordo é que, con moita paciencia, fun escribindo o que nelas contaban e sei que unha copia pediuma Tinón e paseilla, pois el ía a axudarme co libro poñendo á miña disposición a documentación que posuía sobre Ons e a súa colección de fotografías.

Díxome, que ao ver a foto da telleira de Sálvora e despois de moito buscar, atopou a copia da transcripción desas cintas onde estaba ese dato da Telleira de Ons. Envioume os parágrafos máis relevantes e convenceume, contando coa súa axuda, para que escribira un pequeno artigo sobre o tema co fin, como el di, de que ese dato da telleira quede reflectido e, se hai sorte, ver se alguén quere investigar sobre a súa posible existencia.

INTRODUCCIÓN

Dende sempre o meu sentimento cara á Illa foi enorme. Primeiro porque alí nacín e din os meus primeiros pasos; e logo, debido a que a miña familia posuía alí unha tenda-bar e aínda que fomos obrigados a unha emigración forzosa cara a Bueu, pasabamos en Ons longas tempadas e, dende moi nova, axudaba aos meus pais no traballo. Pronto, o meu apego á Illa levoume a pensar que alí tiña o meu futuro, como así ocorreu.

Recordo que no ano 1990 e debido á falla de publicacións sobre a Illa, as persoas que a visitaban, sobre todo os que viñan só a pasar o día, atopábanse perdidos e sen motivación para a realización dalgunha andaina. Non sabían a onde ir e, agás a visita ao Faro e ás praias, só algúns atrevidos aventurábanse a ir ata o Buraco do Inferno do que tanto se falaba.

Moitísimo menos, aínda que preguntaban, coñecer máis sobre a historia da Illa e dos seus habitantes. Os veciños non estaban moito polo labor de explicación e na caseta de información pouco coñecían ao respecto. Foi así como decidín ese ano, vendo que podía compatibilizar o meu traballo familiar co posto de información que a Delegación de M. Ambiente, dependente da Consellería de Agricultura, montara a carón do peirao, que mandei a miña solicitude e aceptárona.

A experiencia foi positiva, non polo labor realizado nese posto que era moi monótono¹ senón por comprobar outra realidade turística: Os visitantes viñan a un lugar descoñecido, do que pouco ou nada atopaban para informarse e que, aínda por riba, na propia Illa, os que podían aconsellalos e darlles algunha explicación, estaban inmersos noutra tarefa. Foi aí cando me dei conta dos fallos dese servizo e, a carón de solicitar máis persoal para poder atender mellor aos visitantes², propuxen facer quendas de paseos pola illa entre as horas de chegadas dos barcos e así poder dar información aos que paseaban polos sendeiros illáns. Á vez propúxenme para o inverno, preparar un folleto informativo coas Rutas que se podían realizar pola Illa, con fotografías, unha mínima información e contando cun mapa guía.

Así xurdiu, ao ano seguinte, o primeiro folleto que contaba con tres Rutas A: Centro, B: Norte e C: Sur, con pequenas explicacións do que ver en cada unha e un mapa da Illa onde, con diferentes cores, distinguían as tres Rutas propostas.



Interior do Forno da Telleira de Sálvora
Foto: De Antonio Parada. Publicada por Parques

¹ O traballo no Posto de Información daquel tempo consistía, nun 80 %, en cumprimentar os permisos de acampada de Melide e Chan, que levaba o seu tempo, imposibilitando atender, como é debido, aos turistas que viñan necesitados de información.

² Esa suxestión foi atendida pola Delegación de Agricultura de Pontevedra ao ano seguinte.

O folleto triunfou entre os visitantes e houbo que facer dúas tiradas o mesmo ano. Ao seguinte verán repetín, cambiando algunha foto e dándolle un nome as Rutas A: Ruta do Faro, B: Ruta Naturista e a C: Ruta Histórica. Foi neste ano, 1992, cando animáronme a facer un folleto máis amplo, onde explicara algo máis sobre a historia e vida na Illa.

Supoñía un reto e animeime. Fixen un pequeno libriño de apenas 35 páxinas, onde explicaba, un pouco máis amplo que nos outros folletos, a historia, etnografía, arquitectura, bioloxía, economía, ..., de Ons.

Aínda que non era gratuïto como os folletos, resultou un enorme éxito, pois estaba a prezo de custo, contiña máis información, fotografía e era a cor.

A información para a elaboración deste pequeno libro collina dos poucos traballos que ata ese intre estaban publicados. Fixen varias tiradas del, ata que, animada pola documentación que poñían á miña disposición se quería facer un libro en condicións, no inverno de 1997, decidín poñer mans á obra e comecei a recompilar datos, facer entrevistas á familia e a outros veciños, os amigos puxeron ante min moita información nova e facilitáronme todas as fotos que necesitei. Con toda esa información na man, decidín facer un libro xa máis serio e de aí naceu "*Illa de Ons. Privilegio de la Naturaleza*", escrito en castelán para facilitar a lectura a ese importante número de persoas que nos visitan e que non son galegas.

ENTREVISTAS. XURDEN DATOS

A entrevista aos veciños Srs. Piñeiro e Blanco, foi moi produtiva e amena. Levaba preparadas unhas preguntas para intentar afondar máis nos datos que xa tiña, pero, a medida que a conversa avanzaba, xurdían temas novos que me obrigaban a formular novas cuestións.



Curioso foi a teoría que me deron sobre o poboamento: "... segunda a miña avoa, que lle contara a súa nai, os primeiros poboadores eran de Santo Tomé de Piñeiro, viñan a pescar e traballar a terra á Illa cando estaba deserta, pois marcharan os mouros e estaba deserta... Pasaban varios días na illa e para resgardarse mentres sementaban, poñían unhas pedros enriba das outras e facían unha palloza e as cubrían con táboas, pause palla... Logo volvían a terra, pois era onde tiñan a vida... Iso foi durante uns anos, despois, ao ver que na illa podía haber futuro, pola pesca e polo terreo, entón foi cando comezaron a quedar de xeito definitivo... As casas eran chabolas, chamábanlle <casetas>, aínda que polo interior chamábanlle pallozas, cubríanas con palla e unhas varas, ás varas poñíanlle unhas cordas para que non caeran os tellados, os buracos tapábanos con barro para que non lle entrara o frío..."

Noutro intre da conversa, entrou o Marqués: "... por aquela, na Illa, non mandaba nadie, pasaron anos establecidos e por alí non pasou nadie, nin a chamarse dueños nin nada... Cando levaban uns catro anos alí, apareceron os marqueses a chamarse dueños... Foron a preito polas terras e gañaron os isleños, pero convencéronos dicíndolles que ían a estar mellor, que lle ían dar facilidades, imos a arranxaros as casas, ..., e quedais aquí coma colonos, aferradamos a terra, pagades por ferrado e ides a estar mellor..."

Segundo contaron, os marqueses lograron convencelos e dende aquela quedaron como colonos. Explicaron como certo, que lles arranxaron as chabolas onde vivían, fixéronlles unhas casetas un pouco máis grandes, telláronlles as casetas, déronlles e preparáronlles os terreos agrícolas, ..., e establecéronlles unha renda de pago en ferrados segundo o terreo fose de primeira, segunda o terceira. Foi nese intre da conversa, cando falaban de tellarlles as casetas, cando saíu o tema da Telleira.

A POSIBLE TELLEIRA DE ONS

Segundo podemos sacar das palabras dos entrevistados, o marqués cumpre a súa palabra e accede á consolidación das persoas que traballaban as terras na Illa e, tamén á vez, que estes melloren a súa calidade de vida permitindo melloras nos eventuais e precarios alboios que empregaban como vivenda e axudándoos naquilo que necesitaran para a súa reforma ou reconstrución.




Arriba: Primeiro folleto con rutas. Abaixo: Portada do libriño e dúas das súas páxinas interiores.

As necesidades de materia prima non eran só dos habitantes da Illa, senón tamén do marqués para a rehabilitación da que ía a ser a súa morada en Curro a carón do pequeno embarcadoiro que antes fora utilizado pola Xunta de Defensa e para a construción, no barrio de Canexol, da Casa Agrícola, de dous grandes piornos para almacenar o resultado da renda que pagaban os xa veciños, e da ermida.

Quizais desas necesidades e da dificultade do transporte, foi que xurdiu a necesidade de fabricar in sito algúns dos materiais necesarios, entre os que estaban as tellas.

Explicaba o Sr. Blanco: *“Contaba a miña avoa, que a súa nai, a miña bisavoa, traballou na telleira. Os marqueses fixeron o almacén e unha telleira. Alí, onde está a Casa Grande onde estaba a escola de Canexol, era o forno da tella. A telleira era facer tella e foi antes do salazón, foi a primeira industria que montaron os marqueses que compraron a Illa. Viñan barcos, segundo contaba a miña avoa, de aí do norte, traían o barro en galeóns, varaban na praia coa marea chea e descargaban o barro, e logo, cando estaban feitas, cargaban a tella.”*



Possible radicación da Telleira en Canexol. Foto sacada do traballo “A Illa de Ons” de Álvaro de las Casas.

É curioso que lle chaman a esa posible telleira “industria”, quizais, como imos ver despois na charla co Sr. Piñeiro, foi debido a que nela traballaron moitas persoas, da Illa e de fóra, e cobraban en cartos, moi diferente ao sistema que levaban coa renda agrícola coa que lle pagaban ao marqués de, por exemplo as terras de 1ª, que o facían por ferrado de terra-ferrado de millo.

O Sr. Piñeiro, estendeuse máis á hora de tocar o tema da telleira: “A telleira foi feita cando os marqueses eran donos da Illa, antes de Riobó. Estaba montada diante da escola, naquelas chans que hai alí, é onde lle chaman “O Forno da Tella”. Para traballar nela viñeron xente de fóra pero tamén traballou xente da Illa.

O barro traían do norte, nos galeóns que transportaban a madeira, eran galeóns a vela de Vilanova de Arousa. O dono da telleira, mercáballo.

Cando viñan, tiñan que esperar que a marea estivera chea, logo varaban os galeóns na praia e as mulleres, os homes e ata os rapaces carrexaban o barro ata o lugar onde estaba o forno. Despois facían a tella e cando había unha cantidade, baixábana de novo á praia para metela nos galeóns. Seica a levaban para Vigo, Marín,...

Alí, diante da Casa Grande, amasaban o barro e logo, con moldes, facían as tellas, como as telleiras de Vilanova e Dena. O dono mercara moldes e ferramentas de amasar. Daquel tempo o farían coas mans ou cos pés, pois non había maquinaria como a que hai agora. Só fabricaban tella.

Aparte de levala para vender fóra, tamén a vendían na Illa, pois como os marqueses permitían arranxar as casetas e facer outras novas, os que podían ou aos que lle daba facilidades o marqués, mercábanas para ir cambiando a palla por tella.

Na telleira traballou toda a miña familia dende a miña bisavoa e despois, cando os marqueses deixaron a telleira e permitiron a instalación dun salgadoiro, pasaron a traballar nell’.

Ata aquí os datos da posible Telleira de Ons da que me falan os Srs. Piñeiro e Blanco. A dicir verdade, naquel intre non lle din importancia a este dato, que agora recoñezo que é interesante e do que ninguén tratou en traballo ou investigación algunha, quizais de sabelo, intentaría sacarlles máis información.

O que si, como lle prometín ao director desta revista, aquí queda reflectido o que me explicaron, agora está na mans dos investigadores o pescudar sobre este tema e comprobar se verdadeiramente en Ons houbo un pequeno forno e se fabricaron tellas para as casas illeiras e para fóra.



Patio interior da Casa Grande de Canexol, onde tamén puido estar instalado o “Forno da Tella”

RAMÓN CABANILLAS E O ENSINO

Por: Xoán Antonio Pillado Silvoso

Alá polo ano 2004 as librerías de Cambados tiveron a feliz iniciativa de instituír un premio anual en homenaxe a Ramón Cabanillas, para recoñecer o labor de persoas ou institucións en prol donoso poeta, iniciativa á que se sumou posteriormente o concello. Con tal motivo tódolos anos lembrámolo e falamos da súa obra, vida e traballos, contribuíndo a manter viva a súa memoria. Porque o principal obxectivo ten que ser que Cabanillas sexa o centro destas homenaxes. As persoas premiadas só debemos ser o medio, o instrumento ou pretexto para este fin.

En todos estes anos téñense posto de relevo diversos aspectos de Cabanillas, e non só da poesía, cos seus variados xéneros que os dominou todos, senón tamén que falamos da faceta como dramaturgo, como periodista, como narrador, como político, e incluso se ten destacado, merecidamente por suposto, o seu labor de funcionario ou o de animador cultural... Desta ocasión, se cadra por unha certa deformación profesional, gustaríame apuntar unhas breves notas sobor dunha cara pouco coñecida de don Ramón, mais non por iso menos interesante: a da súa relación co mundo da educación, co ensino. Neste senso, penso que poderíamos falar tamén dun Cabanillas pedagogo.

Antes de ir para Cuba, antes de se dar a coñecer e ser saudado como o poeta que viña suceder a Curros, en Cambados funda e dirixe o xornal *El Umia* en 1907. Dende o primeiro número queda patente a preocupación que amosa este medio polo ensino en Cambados en sucesivos artigos que, aínda que sexan redactados materialmente polos mestres Antonio Magariños e Jaime Potti, representan a liña editorial, que é o pensamento colectivo do equipo de redacción e, dun xeito especial, do seu director. Sostén Cabanillas, e os seus colegas de aventuras xornalísticas, que a educación e a instrución constitúen a base e fundamento da prosperidade, engrandecemento e benestar moral e material dos pobos; que nas nacións máis poderosas o ensino público, e moi particularmente o primario, é cuestión preferente; denuncian que Cambados, como o resto de España, en educación e instrución, como en outras moitas cousas, deixa bastante que desexar; falan da necesidade de que mestres e pais traballen conxuntamente; e reclaman dos encargados de rexer os destinos dos pobos que a atención ao ensino sexa un deber primordial e inescusable. Como podemos observar, estamos xa diante dunha primeira e verdadeira declaración programática do que Cabanillas pensa sobre o valor da educación.

Tres anos despois, na nova aventura xornalística de *El Cometa*, non lle vai prestar tanta atención ao ensino, máis atento ás loitas políticas comarcais. Só unha mención, no contexto dunha crítica na que se di que todo segue igual, ás escolas abandonadas – e non polos mestres, aclara – é a única referencia ao tema do ensino no novo xornal. O mesmo que o seu antecesor, a vida destes xornais foi moi breve.

Xa en Cuba prodúcese a eclosión de Ramón Cabanillas como poeta, a raíz da publicación de varios soltos na revista *Suevia*, ante a petición de amigos que sabían da súa arte versificadora. E é aquí, en La Habana cando, no segundo libro que escribe, o emblemático *Vento Mareiro*, que publica en 1915 antes de virse definitivamente para acá, fai unha verdadeira



Ramón Cabanillas entre os anos 1920 e 1930

declaración de amor pola educación. É nun poema evocativo, *O sábado na escola*, no que ao facer un repaso das súas xornadas escolares da infancia di:

*Tardes de escola! Fontiñas
de ágoas limpas e segredas!
Raiolas de sol dourado
na negrura da tromenta!
Nunca podrei esquecervos...*

Tamén amosa a súa admiración e respecto pola figura do mestre:

*... e alí, no sillón de coiro
ou santa flor de pacencia!
a imponente maxestá
daquel vello de serea
mirada escudriñadora
a ler nas almas afeita,*

Mais, a actitude de Cabanillas non vai quedar en versos e palabras bonitas. Con feitos demostrou a súa preocupación pola mellora educativa do noso pobo. Cando regresa de Cuba, entre outros traballos, desenvolveu o cargo de secretario en varios concellos. En 1918, estando no de Mos, escribelle unha carta a Raimundo Riestra, deputado no Congreso, fillo do marqués, co que xa fixera as paces, para darlle conta das novidades do congreso que as Irmandades da Fala viñan de celebrar en Lugo, e de paso dille: *“Tamén sería para vosté cousa moi faceadeira pasar polo Ministerio de Instrución Pública... e faguer porque lle desen o oficio de creazón da escola que ten pedida*



Escola do Convento (ano 1923)

o auntamento de Mos para a parroquia de Sanguñeda; si lle cadrase tamén podía falar das mesas bipersonales”. Temos aquí o Cabanillas funcionario, interesándose por asuntos educativos do concello no que traballaba, facendo xestións máis propias doutros. Estou ben certo de que, se se investiga nos arquivos doutros concellos nos que estivo servindo, han aparecer máis mostras deste tipo.

No ano 1922, consagrado xa como escritor, e despois do seu ingreso na Real Academia Galega, Ramón Cabanillas vai afrontar, con máis azos que medios, a aventura de levar adiante unha iniciativa pedagóxica anovadora. Estou a falar de *As Roladas*. *As Roladas* non foi só o nome dunha revista escolar, senón que tentou ser un proxecto de traballo na escola, achegado á realidade galega. No primeiro dos dous únicos exemplares que se chegaron a publicar, Cabanillas, director e redactor, xunto con outros, como Castelao, Vicente Risco ou o Antonio Palacios, asinan un chamamento, no que se dan a coñecer os obxectivos deste proxecto. Explica que *As Roladas* serían grupos de rapaces (cando menos, cinco) que traballarían en equipo, recollendo *“con todo amor e vontade, notiñas e apuntes sobor da toponimia e folklore de Galicia e, en xeral, no que teña intrínseca e relación coa cultura galega”*... A primeira rolada que se constitúe, na escola de Mouriscados (Mondariz), declara no número dous da revista que *“con todo amor e coidado... recollerán... nomes das árbores, dos paxaros, das flores, das erbas, dos ríos, das montañas, dos pazos, das fontes, dos mosteiros, dos lugares de tradición e devoción...*

e os contos, copras, romances e lendas...” Temos tamén noticias da formación dunha rolada en Cambados, en San Adrián de Vilariño, posiblemente da man do mestre José Monge Otero.

Aspectos tan novidosos como o traballar en equipo, o contacto directo coa natureza, o rescate da cultura popular, a introdución da nosa lingua na escola... adiantáronse en ducias de anos a algúns movementos de renovación pedagóxica que xurdiron, sobre todo, na época da Transición. Precisamente, un deles, o *Movemento Cooperativo da Escola Popular Galega*, editou entre 1978 e 1981 unha revista co significativo título de *As Roladas 2*.

A repentina morte en setembro do mesmo ano do deputado e empresario xornalístico Leonardo Rodríguez, verdadeiro mecenas da revista, provocou a desaparición desta e o esmorecemento dos grupos de traballo nas escolas, ao fallar o vehículo que os estruturaba e coordinaba.

Mais, Cabanillas non se deu por vencido, e un par de anos despois embárcase nunha nova aventura, a de escribir, editar e distribuír gratuitamente a tódalas escolas de Galicia un libro de lectura en galego. Cóntase en círculos achegados á súa familia a anécdota, recollida en papel impreso por Luis Rei na *Crónica de desterros e saudades* e por Víctor Caamaño no limiar dun libro de Moncho Caride, que di que en certa ocasión o noso poeta chegou todo contento a casa porque lle ían editar un libro, e que a muller, moi escéptica ante a dubidosa repercusión económica deste feito nos ingresos familiares, espetoulle: *Bah!, se escribises silabarios...*

Non sabemos ata que punto o comentario influíu na decisión de Cabanillas, mais si temos constancia da súa teimosía neste tema. A finais de 1925, nunha carta dirixida ao xerente da revista *Céltiga*, que se publicaba en Buenos Aires, expónlle o proxecto de publicar un libríño “de texto cuidado literaria y pedagógicamente”, para o que se ofrece a escribilo “por modesta que fuxera la retribución”, e proponlle que a revista que dirixe tome a iniciativa e faga unha campaña de subscrición de fondos a través dos numerosos organismos culturais galegos que hai na cidade porteña. A idea é ben acollida, no mes de abril do seguinte ano a revista promotora fala xa dun “éxito rápido y rotundo” da iniciativa, e mesmo publica o primeiro listado de donativos. Mais a subscrición non deu avante. En outubro *Céltiga* organiza un festival artístico-literario para recadar fondos, pero, en palabras do cronista do acto, “el número de gallegos asistentes distó mucho del que esperábamos”. Durante máis dun ano os achegamentos económicos foron escasísimos, e o proxecto entrou definitivamente en vía morta.

Por estas alturas, 1926, Ramón Cabanillas era nomeado académico da Real Academia Española, xunto con Armando Cotarelo Valledor. Unha necesidade tan sentida entre escritores e intelectuais, como era a confección dunha gramática e dun dicionario galegos, deu pé nestas datas a unha polémica encol de quen debería levar a cabo estes traballos, se a Academia Galega ou a Española, que agora contaba cunha sección de Lingua Galega. Cabanillas, que se mantén un tanto á



Portada da revista *As Roladas*, nº 1

marxe, sen desbotar calquera das vías, é seguro que durante os seguintes anos traballou (e moito) na elaboración do dicionario, tal como nos conta Luis Reina súa *Crónica de desterros e saudades*. Desta vez foi a guerra a que frustrou as ilusións da xente boa e xenerosa que estaba a traballar pola nosa cultura.

Terán que pasar aínda algúns anos da longa noite de pedra da posguerra para que a finais dos anos corenta, principios dos cincuenta, se inicie un tímido rexurdir cultural. Durante esta década, e ata a súa morte, Cabanillas non parará de insistir, en entrevistas na prensa, en cartas a amigos, como Francisco Fernández del Riego, Valentín Paz Andrade, Ramón Piñeiro, Ben-Cho-Sey, Isidoro

Millán (fillo)... da necesidade de facer o dicionario e a gramática que tanto necesita a nosa lingua, e non só isto, senón que teima en chegar a un acordo de unificación ortográfica e procederá recolleita urxente de verbas, xiros e modismos que están a piques de se perder. *“Cada galego que morre leva consigo para o sartego unha verba ou unha forma sintáctica”*, dicía nunha das cartas.

Cabanillas non chegou a ver feito o Gran Dicionario da Lingua Galega, mais hoxe é rara a editorial que non ten publicado o seu. Tampouco escribiu o libro escolar que quería repartir por tódalas escolas, e hoxe nas escolase bibliotecas escolares hai libros escritos en galego, incluídos silabarios. Nas escolas son hoxe normais métodos de traballo e actividades que se propoñían nas Roladas. A lingua, entrar, entrou, mais estase a atopar con atrancos, cando non cunha clara animosidade, por parte dos poderes políticos.

Cabanillas non fracasou nas súas iniciativas pedagóxicas. Non tiña medios para levalas adiante, nin tampouco era a súa función. Porén, el sementou, abriu camiños, espertou consciencias, promoveu iniciativas, creou estados de opinión favorables a estas... E nesta función cumpriu con xenerosidade. É ben certo que queda moito camiño que andar, moito. É un *camiño longo*, se cadra *escuro e triste*, ou unha *vereda torta, arrodeada de toxos, sen carballos que den sombra, nin chouzas que den pousada*; mais, o noso vate tamén nos anima. Nos primeiros versos do primeiro poema do seu primeiro libro, *No desterro*, di:

camiño adiante ... adiante ... sempre adiante!



IN MEMORIAM

† A Antonio Magariños Pastoriza

Escolante de verba crara e limpa,
como ágoa da riancho montesío,
camiñou pol-a vida, sorridente,
de vagar, repousado, paseniño,
do xeito que cruzaba
a estrada do Convento, de cotto.

Unha mañán a Morte véu buscalo.
E foise, sin saloucos ni-arrepíos,
da cadeira do ensino, ceo adiante,
ô seu novo destiño.

De tenrura e pacencia
tiña o ardente corazón tecido
e era crente e sinxelo. No-o choredes.
Tras do mantelo azul estrelecido,
nestora ten unha cadeira d'ouro
e está pón dolle escola ôs anx eliños.

R.CABANILLAS

Palabras que lle dedicou Cabanillas ao seu gran amigo o mestre Antonio Magariños, finado en 1955

COLABORA:



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
CULTURA, EDUCACIÓN
E UNIVERSIDADE

A BORDO DO ABRAKADABRA POLOS SETE MARES (II)

Por: Maracaibo

Debuxos do autor



A capitana Noa contábanos a historia daquel astuto pirata da Costa da Prata.

—Soprando os alíseos do Pacífico, ondeando a negra bandeira con dúas tibias cruzadas e unha caveira, coa Virxe María de Lima embarcada discretamente no Callao, derivaron pola antiga ruta de Dampier o Bucaneiro, recalando na Española e na Isabela esperando ao verán austral.

A veloz fragata tomou rumbo ao sur do Trópico, á illa de Juan Fernández e, Sala e Gómez. Polas Cuarenta Rugientes dobraron o temible Cabo de Hornos e de arribada fondearon en Botafogo apestada da febre amarela, cunha inmensa fortuna a bordo e pavillón inglés.

O piloto Kalikatres afirmou na bitácora.- Del Brasil... O Portugués morreu na illa, soterrárono nunha furna de area ao sur, cerca do Buraco do Inferno. En Fedorentos, alí quedou a súa espada e a negra bandeira. Un mes máis tarde, en corentena, o Corvo Negro... ardeu en Oporto... o moi astuto aproveitara a confusión no Callao, ante o avance do exército de Bolívar.

Todo un botín das piraterías, a Virxe india de ouro macizo, de lastre na sentina— Noa.

Cantos rodados e mar de fondo do sur, labirintos rochosos e máis dun século baixo a area de Melide, canóns e cofres ocultos nos fondos de augamariña, turquesa e azulado zafiro.


Marak, o tripulante buzo da campá submarina con ollos de peixe lanterna... anotaba cunha pluma de goelands e tinta de calamar lucecú no caderno de abordo, entre fume de rubio tabaco... pipas de buxo, de vermello coral e espuma de mar.

E así foi, no medio do neboeiro reflatamos dous longos canóns de bronce e un cofre metálico, utilizando tres barrís na baixamar, a vinte brazas cos escafandros, baixo a sorrinte serea do mascarón de proa. Varados na praia, dous carros de bois levaron os canóns ao vello fortín do “Castelo da Rueda”... no peirao das Dornas.

Coa vista gorda do señor Gobernador da Illa... unha pomba mensaxeira, con selo lacrado do “señorito”, corta travesía nun bote xeiteiro de Bueu.

Dourados dobróns e coroas, azul verdosos pesos e patacóns de vella prata sobre cuberta. Á sombra na toldilla, baixo a lona cun sol de xustiza, voces amigas de republicanos illeiros, rostros curtidos, miradas curiosas e saúdos amables.

Ante os corenta da sorrinte tripulación do Abrakadabra, recitaba o feiticeiro contramestre Kalamake, acendidos ollos de transparente carei e pupilas de acibeche: <<Non vendan xamais as súas almas ao “Diablo Encarnado”, o que vive na botella e cheira a fume de xofre queimado>>. Cando azoutan as marusías e as galernas do sur, entre raios, tronos e lóstregos e o ruxir de mil canóns, aparecen polo horizonte os barcos fantasmas. Espellismos de Santas Compañías de Corsarios e Piratas... Krakenes, Leviatáns, Megalodóns, Architeutis, Saccopharynx mutantes... e outros monstros mariños das profundidades abisais. Estraños cantos de sereas e voces de illas misteriosas que nos amosan o espanto da dúbida. As veces compadézome de min mesmo cando me levan os ventos polo ceo.



¡¡¡Que a vida nos leve a bo porto!!!

FROIZ



Siempre a su servicio

 **GARDO**
ALUMINIOS PVC



DIRECCIÓN

C/. Ponte Dena, 3
36967 Dena - Meaño [PO]

TEL/FAX

T. 986 070 157
T. 625 015 067

E-MAIL/WEB

info@aluminiosgardo.es
www.aluminiosgardo.es



**TABERNA
LAVANDEIRO**
Corgo, 2

O GROVE

mariscos - cocina caseira
viños de Galicia

Telf.: 986 731 956

O GROVE (Pontevedra)





**ESPECIALIDAD EN: PULPO,
PESCADOS, MARISCOS Y CALDEIRADAS.**

MENÚ DEL DÍA

**Amplio comedor para:
EXCURSIONES, GRUPOS,
ESCOLARES, DESPEDIDAS...**

696 991 986



**PROFESIONALIDAD Y EXPERIENCIA
ILLA DE ONS**



Arra, 8 - 36970 Portonovo (Pontevedra)
Telf. Bar: 986 691 991
Telf. Casa: 986 723 029 - 986 691 617
www.casazulema.com
info@casazulema.com
Situada a 900 m. de la Playa Montalvo



El hotel Gaviota se encuentra en Sanxenxo, en el entorno natural que rodea a la playa de Montalvo, una de las más bellas de la zona, a 200 m. del hotel.
Dispone de habitaciones dobles y exteriores con terraza, cuarto de baño, televisor y calefacción.
Cuenta con piscina, jardín, aparcamiento, cafetería con terraza, salón social con biblioteca, recepción, WI-FI gratis.

Playa de Montalvo, 32 - 36979 SANXENXO (Pontevedra)
T. +34 986 72 39 42 - info@hotelgaviota.es - www.hotelgaviota.es

O Entroido na Illa de Ons 2 Recorrer os entroidos

Por: José M. Dopazo Entenza

O ano pasado presentamos dúas posíbeis figuras tradicionais do Entroido da Illa de Ons –os *mudados* e as *máscaras*–, que apuntaban ter roles diferentes a pesar de que na actualidade tan só se fala de *mudados* pese a mostrar roles e vestimentas contraditorias. Suporían estas figuras a diversión do Entroido tanto para as capas máis novas da sociedade (os *mudados* basicamente encarnábanos persoas mozas ou mesmo nenas e nenos), como as capas máis vellas (as *máscaras* eran unhas figuras reservadas a persoas adultas, chegando incluso aos setenta anos), poñendo o punto de inflexión no casamento e, xa que logo, inicio da adultez.

Nesta nova entrega do *Entroido na Illa de Ons*, gustárame amosar o resultado da investigación que levei a cabo desde 2018 ata hoxe a respecto da figura do *entroido*, as diferentes versións que dei recollido sobre ela e unha reconstrución do que puidera ser o seu rol nesta festividade.

En todos os Entroidos tradicionais existe unha figura que encarna todo o intanxíbel desta época, que se humaniza ou simboliza nun boneco. Mesmo nos Carnavais de corte máis urbano aparece esta figura mostrando a parte satírica da festividade. En Bueu temos o *paxaro de mal agoiro*, en Pontevedra o *loro Ravachol*, en Aldán o *mexillón* e en moitos lugares a mui coñecida *sardiña*.

Pola súa banda, nos Entroidos tradicionais atopamos figuras antropomórficas que se denominan *mecos*, *compadres*, *lardeiros* ou *lardeiras* e mesmo *entroidos*. Estes seres construídos de palla, xeralmente cunha hiperepresión xenital, contribúen á mofa dunha persoa concreta da sociedade. En moitos casos foi o señor feudal, pasou polo gobernador ou mandatario do momento e, hoxe en día, pode ser tanto un político local como dun ámbito superior. A finalidade deste monco era anunciar o inicio do Entroido e pechar a festividade mediante a súa queima no *Mércores de Cinza*.



Paxaro de Mal Agoiro. Bueu

Debido á sátira mordaz que supuña, foi unha figura mui mal vista polas autoridades durante o franquismo, feito que contribuíu á desaparición non só deste persoeiro, senón de moitos *entroidos* ao longo e ancho do país.

O Entroido da Illa de Ons contaba con esta figura tamén, como non é de estrañar. E, igual que noutros lugares, perdeuse no primeiro terzo do século XX. Neste caso, é imposible establecer a data e o motivo concreto que levou á súa desaparición dado que non temos testemuños recollidos de persoas que o lembren. Así e todo, podemos hipotetizar que, por un lado, os encontros furibundos entre Didio Riobó e os insulares da época en relación ao gando e á masa forestal, puideron levar a que este primeiro fose o representado en palla, coa consecvente encarnizada batalla de ambos os dous bandos. Como digo, só hipóteses sen base.

Por outro lado, un feito máis evidente pode ser a propia Guerra Civil, que supuxo unha ruptura coa harmonía cultural que se xestara até ese momento. E a conseguinte ditadura que, como mencionei, perseguiu directa ou indirectamente este tipo de prácticas satíricas e pagás. Insisto, continúa a ser unha hipótese dada a falta de información ao respecto.

COLABORA
ACTIVIDADES:

Concello de
BUEU



O certo é que actualmente o personaxe do *entroido* está practicamente esquecido e tan só conservamos del ecos do que puido ser. Amáis imprecisa de todas estas lembranzas é a de José o Carabicho. Da súa afirmación tan só extraemos a certeza de que se fixeron noutrora estas figuras de palla e que había xente do seu redor que o comentaba –tanto vellos como adultos maiores ca el– nos parrafieos que precedían ou pechaban a xornada laboral:

Si, fasían un muñeco e listo. E fasían un muñeco pero eu xa non me a recordo deso. Non non. Ese non mirei. Eso era antes, or véllor de antes. Eu acordo contar, home, contar si, o que contaban si, pero hai tantos anos...

Cando é que había inverno, ibas dunha casa pa outra e estaban así a falar, ou estaban aí fóra os que iban ó mar. E eu teño oído, pero xa non me recorda. Hai tantos anos! Onde vai aquilo da Illa que era? Aghora xa son un vello.

José naceu en 1941 e tan só lembra falar que se facía un moneco durante o Entroido. Non sabe cal é a función que desempeñaba nin absolutamente nada da súa construción. Pola contra, Aurita de Miro, que naceu catro anos antes ca el, ten oído algo máis a este respecto:

Eu teño oído falar. Nunca o vin, eh, pero teño oído falar diso. Puñan unha auvella e puñan enriba dela como onha figura de palla, coma se fora un muñeco de palla. E levábano enriba en dela e iban así polas casas, si. Non sei si lle chamaban o entroido se non, pero como era día do Entroido, pois podía ser. Eu non sei se habería un ou varios. Habiría máis dun, porque como éramos tantos elí, habería máis.

Aurita apunta a que o moneco se facía de palla e se levaba enriba dunha ovella de casa en casa. Mesmo amosa a posibilidade de que se construíse máis dun en tanto que, daquela, eran moitas as persoas que habitaban A Illa de Ons. Finalmente, María de Barbeiro, con todo ser a máis nova dos tres únicos testemuños afirmativos recadados até o momento (naceu en 1946), é a que maior información nos achega desta práctica xa desaparecida:

Ai, si, diso de andar a facer ese muñeco de palla, iso si. Iso n'ó acordo eu, pero papá ten contado. O moneco fasían de palla. Cullían un pau, cubríano de palla e fasíanlle a cabeza toda. E dispois puñano elí enriba da auvella. Vístíno de roupa vella, así, chaquetás e pantalóns vellos, chaquetas dos homes. Si, e logho!, enriba dunha auvella. Andaban p'las cásax. Iso contaba meu pai, polax cásax a mirar. Cheghaban a Pireiró, ó Sentulo... era as cásax que había, que antes estaban todas habitadas.

O moneco fasían or vesíños. Xuntábanse uns cos outros, home! Os homes falaban, cando iban a xogare, e despois armaban todo. Non todos! Iban alghunhos que fasían ben, eu que sei, home. Móitor neghábanse a ir, dixo papá. Serían os máis amighos, eu qui sei? Éler fasían. Enriba da auvella e andaban a pasea-la auvella. Xa a puñan parir!

E dispois poñían así coma un espantallo pa lle p'ra espantar, que non lle foran or bichos a comer as ervillas e as fabas que se botaban. Iso dispoise! O do Entroido, dispois, poñían pa iso, deixábano pa iso, entendes? Xa estaba feito e ghardábase coma ouro en paño. E quedaba pa iso xa, no-ibas a tirar co-el, co traballo que pasaban!?

Certamente, tan só a descrición de María de Barbeiro se achega ao que debeu ser esta práctica. Os homes eran os encargados de realizar este moneco de palla. Collían un esqueleto de pau, recubrían de palla e puñanlle roupa vella. A



Aurita de Miro, na súa casa illá, preparando o forno para facer pan

continuación amarrábano a unha ovella e levábano por toda a illa, de casa en casa. Aínda que non o asegura, dado que os homes se reunían “*cando iban a xoghare*” e, de aí, saía a construción desta figura, cabería pensar que cada grupo de amigos (dos diferentes núcleos de poboación da illa) realizarían un.

Malia o valor incalculábel deste testemuño, a aseveración de que se empregase como espantallo parece pouco críbel, pois carecería do poder ritual e catártico dun peche en condicións para o Entroido, que habitualmente se realizaba a través da queima desta figura. Así e todo, en tanto que os datos que achega casan todos coas prácticas comúns deste personaxe, tampouco podemos descartar a súa afirmación.

Con todo, pese a que non se dá resposta ao que lle acontece ao moneco de palla nin tampouco se indica cando o sacan pasear, a peza clave para chegar a saber que existía esta figura presentouse en forma de casualidade. En 1967, un antropólogo danés, Gustav Henningsen, chegou a Galiza co fin de recoller información sobre as prácticas máxicas: ritos, supersticións, bruxas, seres mitolóxicos... De casualidade, Henningsen chegou á Illa de Ons (probabelmente da man de Staffan Mörling, que arribara alí uns anos antes). Entre as sete horas longas de gravación que realizou², un señor anónimo interrompe a entrevista para comentar tanxencialmente en menos dun minuto que existía esta figura, como se realizaba, o nome e mesmo menciona o nome desta acción. De fondo, unha muller, tamén anónima, confirma todo o que el relata. A partir deste testemuño, dei recollido a información presentada anteriormente:

*Antes, acórdame a min dos Carnavales, acórdame que falaba o afinado de meu pai dos Carnavales. Cando eran os Carnavales, or véllor de antes fíxían un **muñeco de palla** coma un zanto. E dispoix collían **unha auvella e montábanllo enriba**.*

*E un chamaba da Punta Vella³, de punta a punta, **chamaba o canero e recurrían así toda a illa**. Despois **iban ás fiadas, ás festas que eran de pandareta**, destas. **Chamábanlle o entroido ó muñeco**. É de cando **iban recorre-los entroidos por toda a illa**, entende? E axuntábanse tódose, toda a xente e iban **recorre-los entroidos pola Illa adiante**.*

Apunta, por tanto, o nome desta figura (*entroido*). Parece indicar que había só un (*fíxían UN muñeco*). Sinala como se realizaba (con *palla*), ademais de que se montaba enriba dunha ovella (*auvella*). Finalmente, afirma que unha persoa (*canero*) chamaba polo animal para que se fose movendo dunha punta á outra da Illa de Ons (*de Pereiró ao Centulo*, que dicía María de Barbeiro) e que a esta acción se lle chamaba *recorrer os entroidos*. Faltaría saber exactamente que día saía e que lle acontece ao *entroido* unha vez rematada a súa función na festa: usalo como espantallo –como apunta María– ou prenderlle lume como acontece en moitos dos entroidos do país.

O curioso é que insiste na idea de que o moneco realizábano “os vellos” e quen *recorría o entroido* era toda a xente. Polo tanto, a construción do *entroido* estaría reservado á xente que xa non pode facer parte activa da festividade, mais si desde a sombra. Ademais, todo o mundo andaría atrás da ovella que levaba o moneco enriba, unha sorte de corcel cabalgado por unha figura dantesca.

Finalmente, aínda que non desmerecendo a información fornecida, esta persoa que gravou Gustav Henningsen achega un dato que podería pasar desapercibido entre toda a abundancia deles. Trátase do nome que recibía a persoa encargada de chamar pola ovella: *canero*. Se cadra é demasiado arriscado afirmar que sexa unha nova figura do Entroido illán, pois poderíase tratar tan só dun apelativo cariñoso que este informante emprega para se referir a un rapaz, como acontece comunmente na fala espontánea. A dúbida aboia no aire e os datos son insuficientes para realizar unha afirmación contundente, con todo, semella factíbel xa que o nome remite ao feito de levar unha *cana* coa que poder guiar o animal. Porén, o feito de estar medio castelanizado supón un atranco para realizarmos unha aseveración definitiva.

María López, filla de María e José, indicoume que, se cadra, esta denominación pode ser o alcuño dunha persoa da Illa de Ons. Por tanto, deixaría de ser unha figura como tal e pasaría a estar encarnada ou identificada nominalmente. Sexa como for, non temos suficientes datos como para dar unha resposta a esta incógnita.

En sucesivas entregas, debullaremos outros aspectos do Entroido que atinxen ao desenvolvemento dos festexos máis que aos persoeiros que o compoñen. Agardo que esta figura supuxese unha grata sorpresa, na medida en que o foi para min.

² Depositadas e atesouradas polo Museo do Pobo Galego, en Santiago de Compostela, constituíndo un bo quíñon de gravacións do proxecto APOI (Arquivo do Patrimonio Oral da Identidade), dirixido por Concha Losada. Tamén forman parte do proxecto CORILGA (Corpus Oral Informatizado da Lingua Galega), do Instituto da Lingua Galega, dirixido por Xosé Luís Regueira Fernández.

³ Foime imposíbel identificar a que lugar fai referencia a Punta Vella na actualidade.

Como a capela da Lanzada levantada polos veciños do Grove, “pasa a manos del Sr. conde en 1818”



Por: Lino J. Pazos Pérez

“Cesión que hizo el Ayuntamiento del Grobe del Patronato y más derecho que le asiste del Santuario de Nuestra Señora de la Lanzada, a favor del Sr. Conde de Torre Múzquiz¹ en virtud de poder.”

Á reunión onde asinariase a cesión formal tería lugar ante o escribán público, e do concello, D. Ambrosio de Seoane, o 4 de febreiro de 1818, ao que acudirían, ademais das testemuñas, Juan Manuel Otero, José Rodríguez Carbaljal, presbítero, e Ramón Otero, veciños da vila do Grove, os Sres. D. Manuel de Castro, Alcalde e Xustiza ordinaria dela; D. Juan Fernández, Rexidor primeiro; D. Manuel Iglesias, que o é segundo e D. Antonio Vidal, Procurador síndico xeral.

O motivo que os reunirá non era outro que as queixas sobre as disputas e refregas que levábanse a cabo nos días da romaría da Nosa Señora da Lanzada, polo que tomouse a decisión de facer unha consulta aos veciños co fin de buscarlle unha solución.

A convocatoria fixose a “*boz de campana, según costumbre en las Juntas vecinales del Partido, y reunidos en ella los que constituyen la mayor y más sana parte*” do pobo, dando fe da reunión o escribano.

O alcalde dirixiuse aos congregados facendo un pormenorizado percorrido polas vicisitudes que pasaba a ermida, apuntando que, “*antes de ahora los vecinos de la expresada villa fundaron y dotaron con barios bienes el Santuario de Nuestra señora la Virgen Maria, llamada de la Lanzada, nombrando para que sostuviese el debido culto a la Santa imagen un hermitaño (sic) a quien después sustituyó un presbítero en el concepto de hermitaño capellán, y como en su nombramiento ocurriesen en las subcesibas (sic) bacantes muchos altercados y diferencias por la diversidad de pareceres y que es consiguiente a la multitud de electores de que también se originaban disgustos en algunas familias, acordaron los predecesores vecinos ceder y traspasar el Patronato de dicho Santuario con todos los derechos conexos y con la jurisdicción que conservaban en el territorio del Santuario en el Ayuntamiento de esta villa el cual aviéndolo admitido y aceptado ejerció las funciones*



Capela da Lanzada, 27 de novembro de 1994



Festa da Ostra, agosto de 1996

¹ Luis Antonio de Múzquiz e Aldunate, primeiro conde de Torre Múzquiz (Torremúzquiz, título concedido por Carlos IV o 30 de agosto de 1795), natural de Viana, en Navarra, (25/8/1760 – 31/10/1828), fillo de Fermín de Múzquiz e Latorre e Martina de Aldunate e García; foi “*oidor de Guadalupe, alcalde de Casa y Corte supernumerario, ministro togado del Consejo de Indias...*”.

Durante a invasión francesa Múzquiz figurou como membro do “*Consejo de Gobierno de José I, una vez restablecido el Consejo en 1814, Fernando VII lo nombró para la Cámara el 23 de julio*” (Real Academia de la Historia).


de tal Patrono en los nombramientos de hermitaños capellanes y la jurisdicción en el tal territorio en las ocurrencias de romerías y funciones de iglesia para (no) consentir desórdenes que suelen ser comunes en aquellas, sin que los Alcaldes ni a los que representasen ... ni al Ayuntamiento en el nombramiento de capellanes el menor impedimento ni embarazo, ni los vecinos ni otra persona alguna hasta ahora de próximo que los otorgantes se hallan perturbados en la posesión de este nombramiento sin embargo de ser antigua e inmemorial, pues se sabe que habiendo nombrado interinamente para tal hermitaño capellán D. Jacobo Aguiño, se vio este impedido en el ejercicio de su ministerio por otro, y lejos de resistirlo dicho D. Jacobo, permitió al nuevo capellán intruso ejercer las funciones de tal, y a poderarse de los territorios y propiedades del Santuario mirando con abandono su derecho por fines desconocidos, y sabido de ello los otorgantes considerando el derecho originario en los vecinos... acordaron después de varias conferencias y contestaciones que no les siendo como no les era de algún interés la conservación del Patronato del expresado Santuario de Nuestra Señora de la Lanzada, ya cedido por sus predecesores vecinos al Ayuntamiento y aceptado por este no había razón para que en obsequio del mismo hubiesen de costear los gastos de la disputa que se había de sostener por la perturbación que se les indicaba sufría el hermitaño interino D. Jacobo Aguiño, y si era negocio privativo del Ayuntamiento como tal concesionario si les parecía conveniente sostener la regalía del Patronato y derechos a él anexos pues a ellos les era indiferente que fuese el Ayuntamiento el Patrono ...”.



A Nosa Señora da Lanzada, abril de 1998

Debido a que o concello non se atopaba con cartos suficientes, solicita aos reunidos que se fagan cargo dos gastos que se ocasionen, asumindo “generosamente” esa responsabilidade D. Juan Manuel de Otero, aínda que “posteriormente se arrepiñtió el Otero de lo prometido sin que se hubiese hecho la menor gestión a su nombre”, por ser demasiados costosos, “dejando a este Ayuntamiento toda libertad para obrar”.

O Padroado era un problema para o alcalde², que di sen ambaxes, que é difícil solucionar os “abusos y desordenes indicados en las romerías y concurrencias a él” debido “a la gran distancia que hay de esta villa al santuario”, polo que decidiron “los otorgantes abdicar el Patronato del expresado santuario de Nuestra Señora de la Lanzada en una persona que por sus recomendables circunstancias obtenga el Patronato y sus regalías anexas”, acordando co Sr. D. José Benito Gayoso, cura abade de San Martiño de Salcedo como persoa moi recomendable indicáselles unha persoa que puidera facerse cargo do Santuario, para o que propuxo ao “Ilustrísimo Sr. D. Luis de Musquiz del Consejo y Cámara de Su Majestad en el Supremo de Indias y caballero de la Real y distinguida orden de Carlos III”.



Conde de Torremuzquiz

² Os alcaldes, rexidores de Mar e de Terra, e os *síndicos*, eran elexidos polos do mesmo cargo saíntes, proponendo os candidatos cada un na súa xurisdicción, así, o alcalde Joseph Antonio Blanco, que o era en 1810, propón a Nicolás Serantes e Joseph Otero e Pérez, para sustituílo; nomeamento que finalmente faríao o Excmo. Sr. Arzobispo de Santiago, ao cal rógaselle “se sirva nombrar y elegir para el año siguiente, de los dos que van por Alcalde, el uno; de los cuatro para Regidores, uno de Tierra y otro de Mar, y de los últimos dos electos, el uno para Síndico Procurador General”.

Dábase a circunstancia que o Sr. Gayoso era “apoderado general, nombrado antes de agora por dicho señor conde”.


O ilustre cabaleiro aceptou de bo grado a encomenda deixando todo en mans do abade Gayoso, asinando ante notario en Madrid o acordo, sendo testemuñas D. Evaristo Álvarez, cura reitor de Santa María de Paradela, veciño da Corte, D. Javier Estanga, cabaleiro da mesma orde, “arcediano de Trastamara y canónigo de la santa iglesia Santiago y D. Miguel Blazquez, que lo es en la Real Colegiata de la Coruña”.

Unha vez aceptado o “agasallo”, o alcalde decide referir todo o sucedido ao “párroco rector de la parroquia de esta villa el Sr. D. Francisco Varela y Carbajal, para que como persona literata y celosa les diese su parecer (cando xa asinaran a entrega)”, renunciando ao seu dereito de presentación do ermitán que ocuparía o santuario e traspasa, “sin reservarse derecho alguno en el mencionado Ilustrísimo Señor conde de Torre Muízquiz, su hijo primogénito y más sucesores en sus casas y mayorazgos per petuamente para que puedan usar de tal Patronato, regalías y propiedades en la manera y forma en que la han usado hasta aquí los otorgantes y los que le precedieron”.

Descoñezo, polo de agora, si o Sr. conde pisou ou non a Lanzada, achegándose á ermida o día da festa co seu séquito, que de seguro o acompañaría gustoso a este lugar de peregrinación para todo aquel que queira saber como é o Mar de Galicia, a súa cultura, as súas xentes, e sobre todo os seus mariscos, e dar a volta ao altar, coller a vasoira e varrer o chan, como pide o costume popular.

Tampouco teño noticia de que as armas dos Torremuzquiz (así figura na páxina nobiliaria consultada³) deixaran a súa pegada ningures da contorna, pero se alguén reconece este escudo, por favor, comunicádeo á dirección desta revista.

As xentes do Grove non gañaban para sustos, así de novo repenican as campás o 7 de marzo cando unha fragata portuguesa de alto bordo, debido ao temporal reinante vaise contra as pedras nese tramo de costa, tendo os veciños que mobilizarse para axudar a rescatar aos seus tripulantes mentres non chegaban as forzas do Tercio Naval de Vilagarcía... pe roesta é outra historia que contaremos no seu momento.



Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra

³ Viana Digital Archive – Heráldica de Viana. “Nobiliario y Armería General de Navarra. Cuaderno Segundo”. J. Argamasilla de la Cerda y Bayona. Madrid, 1902.

RECORDOS SOBRE O CAMPISMO EN ONS, EN TEMPOS PRETÉRITOS.

Por: Fernando Trigo

Pasaron xa unha porrada de anos e, aínda que os recordos aflúen, non é doado rememorar con facilidade como era o campismo cando eu cheguei a Ons sobre o ano 1978.

O primeiro que me vén á mente é que non era fácil ir a Ons. Recordo achegarnos a Bueu no mes de xuño e o barco de pasaxe, o Azor, non tiña un horario nin tan sequera uns días fixos para facer a ruta, tivemos que estar preguntando e, con moita sorte, dimos cun patrón que non tivo inconveniente en achegarnos, iso si, despois de chorarlle un bo rato. Recordo que o barco chamábase algo así como “Santa Silva”.

Daquela non había unha normativa para acampar. O poder ou non montar nun sitio determinado o <tolde>, como lle chamaban os insulares á tenda de campaña, dependía de que o dono che dera permiso ou que fose un terreo que quedara orfo ao marchar os propietarios ou usuarios a Bueu, aínda que, de todos os xeitos, tiñas que preguntar pois como viñeran a Ons e atoparan un *tolde* no seu terreo, xa había liorta.

Os lugares de acampada que polo xeral non tiñan problema, estaban na zona de Curro, Caño e no lugar de Chan da Pólvora ao lado do camiño que ía cara ao Faro. Tamén había campistas que preferían as praias, sobre todo na das Dornas á sombra das árbores e outros en Area dos Cans. Nós eliximos, para esa primeira vez, o terreo que estaba a carón das casetas dos mariñeiros, aínda que o chan era moi duro para cravar as piquetas.

Por aqueles anos acudían moi poucos campistas e os que había, viñan á Illa a realizar algún tipo de estudo ou traballo, aínda que non faltaban aventureiros que querían coñecer unha illa que acochaba moitas historias de meigas, demos, trasnos, santas compañías,..., sen esquecermos da pesca deportiva que daba moitas alegrías a aqueles que a practicaban.

A primeira vez, teño que recoñecer, non foi moi satisfactoria. Despois de percorrer a Illa, visitar o Buraco, acceder á Cova dos Mouros, ver os restos do Castelo da Roda,..., e darnos uns baños nas praias, incluída Melide á que por aquela non ía ninguén, pouco máis había que facer, agás que tiveras algún asunto que pescudar ou moita confianza cos insulares, do contrario, só che quedaba facer amizade cos poucos campistas que había e charlar, pois estar nos bares tampouco estaba ao noso alcance xa que eramos mozos e a nosa economía dependía do que boamente podían darnos os nosos pais semanalmente.

Cando fun por segunda vez, un par de anos despois, a cousa cambiara moito. Era finais do mes de xullo, acudían máis campistas, había un Campamento en Pereiró que montara Cultura e outro relixioso, creo que evanxelista, que instalaban as tendas na parte de atrás do Acuña e das casas dos mestres e celebraban reunións por toda a illa. Había moito máis ambiente e moita xuventude o que facía a estancia máis agradable.

Desta vez acampamos no lugar coñecido como As Xabreiras, preto do barrio de Caño, había unha zona arborada que permitía montar a tenda entre os arbustos e estaba moi protexida. Desta vez xa había tendas montadas no piñeiral de Chan e comezaba o campismo en Melide. Na zona de Curro acampábase no terreo de Gloria (que uns anos despois montou na súa vivenda o bar “O que Faltaba”) que se atopaba na baixada dende as escolas á praia de Area dos Cans, tamén nos campos de Rogelio detrás da igrexa e un pouco máis arriba, a carón da fonte no camiño que ía a Melide. Había tendas diseminadas por todo o barrio de Curro e Caño aínda que xa o Garda Forestal, que comezara a traballar na Illa co Icona, recomendaba ir ou ao Pineiral de Chan ou a Melide, pois había moitas protestas dos veciños por como deixaban os terreos os campistas ao marchar.



O Azor arribando a Ons cun bo número de campistas

Atrévome a dicir que o campismo verdadeiramente dito, comezou a partires de 1980 en Ons. A relación entre veciños e campistas mellorara e os faladoiros e as cantarelas nas tabernas mesturados uns cos outros traían moita camaradaría. Moitos campistas, que acampaban nos terreos próximos aos de labranza, axudaban aos insulares á hora de tirar polo carro de man para levalo cargado de millo ou patacas ata o piorno da casa. Os mariñeiros, non dubidaban en deixarse acompañar nos seus barcos por campistas para que os viran faenar, botarlles unha man a limpar nas redes,..., e, despois, normalmente había un pequeno quiñón que ao xuntarse todos os campistas á noiteña no bar de Checho este, por un módico prezo, preparaba as caldeiradas para deseguido, como sempre había algunha guitarra, continuar a troula que duraba ata que Checho, encargado do motor da luz de toda a illa, vía que o gasto comezaba a ser mínimo, entón, todos fóra e apagaba o motor.

O que si, vai xurdir un cambio no campismo na primeira metade da década dos 80. En Galicia prohibese o campismo libre e só quedan, polo menos na provincia de Pontevedra, dous redutos onde aínda pódese practicar, as Illas Cíes e Ons. No 1982 decláranse as Cíes Parque Natural e o campismo redúcese só ao cámping existente, o que provoca unha desbandada do campismo libre cara ao único lugar onde se pode practicar, a Illa de Ons. Á vez o turismo neste arquipélago (Ons) vai en aumento. Un novo barco de pasaxeiros procedente da zona turística de Sanxenxo-Porto Novo, vai a provocar o incremento de visitantes e, polo tanto, tamén de campistas. Comezan a regresar insulares para arranxar as casas que deixaran deshabitadas durante uns anos para formar a súa nova vida no continente, co conseguinte problema cos campistas que acampaban nas súas terras. Melide comeza a ser unha zona de acampada complicada para a administración coa chegada masiva do campismo de Cíes... Todo isto suscita a necesidade de regulamentar o campismo, que o intentan coa publicación dunha normativa.


Esa normativa, vai ser levada pola nova xestora da Illa, a Consellería de Agricultura por medio do Servizo de Medio Ambiente de Pontevedra. Comeza a funcionar no ano 1985 e, con respecto ao campismo dicía: *“Será necesario permiso para acampar nas zonas destinadas na Illa de Ons a tal fin e que son as paraxes de “Chan da Póvora e Praia de Melide”. Tales permisos, persoais e intransferibles, serán gratuitos e de quince días de duración, podendo renovarse cando a afluencia de visitantes permita”*.

Pero todo quedou en nada. Si, tomaban nota dos campistas no posto de información ao lado do peirao, pero eses supostos permisos non eran vixiados por ninguén, o que provocaba que houbera máis campistas dos apuntados, algúns pasaban alí todo o verán,..., un verdadeiro caos que non sei se era froito da incompetencia dos xestores ou estaban amañando unha fórmula para que xurdiran problemas e ter así unha xustificación para levar a cabo o que fixeron 10 anos despois, eliminar a zona de acampada de Melide.

A zona de acampada de Chan era precaria en servizos, por non dicir que non tiña ningún. Fixeron, ao igual que en Melide, un pozo de barrena para dar auga e puxeron unha fonte no medio da acampada. Pouco durou, en nada o pozo deixou de dar auga e tiveron que buscar outras alternativas. Construíron unhas latrinas, pero non había quen as limpaba todos os días o que provocaba que se fixeran as necesidades noutros lugares co conseguinte deterioro ecolóxico pola abundancia de feces e papel hixiénico disperso, a recollida de lixo facíase daquela maneira,..., e, a carón da mala situación da acampada, en costa, que en días de choiva anegábase as tendas, o peor, era a falla de vixilancia e control que provocaba que todo aquel que non quixera estar de festa, non pegara ollo en toda a noite.

Así a todo, había boa sintonía nesta zona e, se lograbas adaptarte ao ritmo marcado, non se estaba mal, pois en nada facías unha boa cantidade de amigos, as festas no Acuña non traían problemas, para a rapazada mocear era doado,..., e se non tiñas cargas familiares (fillos ou persoas maiores), pasábase ben.

Esta etapa vai durar 10 anos (1985-1995). Repito, estíbese ben a pesar da falla de servizos e non había tantos problemas como os que, dicían, había na zona de Melide. Pero as manobras da administración para eliminar, polo menos, unha zona, seguiron adiante e apuntaron á de Melide, deixándoa totalmente abandonada e cunha falta



Folla coa normativa de 1985



Pozo de barrena da acampada de Chan inutilizado, entre outras cousas, pola falla de luz continua

de servizos total: non había latrinas, non existía recollida de lixo, non había auga (amañaron a última hora unha caída de auga no cantil como fonte), non había lavadoiros,..., e moito menos control, o que trouxo algunhas situacións polémicas que foron aproveitadas pola administración para decretar a súa eliminación, cousa que levaron a cabo entre Semana Santa e o Verán de 1995, quedando como única zona de acampada a de Chan.

No 1995 comeza outra nova etapa para o campismo en Ons na única zona de acampada. Mellóranse os servizos. Arranxan a fonte de Caniveliñas e, dende ela, levan a auga á acampada. Cambian o lugar da montaxe de tendas, situándoa nun terreo plano ao norte da anterior. Poñen máis latrinas, duchas e lavadoiros. No anterior lugar de acampada, colocan unhas mesas de pedra para servizo de campistas e turistas. Xa con Parques, constrúen un espazo para poder cocinar en días de choiva. Hai recollida de lixo, poñen unha caseta de atención ao campista, aínda que estaba case sempre baleira, ... Todo parece que comeza a funcionar, pero, de novo, aínda que había unha boa relación entre os campistas, polo menos nun principio, a falla de control, de persoal de vixilancia nocturna e a inexistencia dunha normativa para que non houbera problemas, vai a traer novamente que Parques, como novos xestores e co fin de evitar gastos en persoal, deixen facer, sobre todo co xurdir do botellón e, como se fixera no 95, eliminar tamén a acampada de Chan, promovendo, como única alternativa posible, a creación dun Cámping privado en réxime de concesión, cousa que comezou a funcionar no ano 2016.

Como me pediron dende a redacción desta revista, aquí intentei glosar as miñas experiencias persoais e as que escoitaba a outros campistas e a persoas relacionadas coa Illa. O campismo en Ons só tivo un problema grave, **a falta de servizos, atención e vixilancia por parte dos organismos xestores** que provocaron, en certos momentos, algún altercado que se podería evitar facilmente.

Pero, temos que recoñecer que Ons enganchara, as amizades feitas alí perduran no tempo, había boa harmonía na acampada, non se viviron conflitos graves, as relacións entre os campistas eran case familiares, a festa era sostible,... Polas noites pasábase moi ben tanto no Acuña, nun principio, como logo no Checho, non vivíndose liortas destacables, máis ben todo o contrario, calquera disputa que xurdira era rapidamente aplacada polos donos dos negocios e polos propios campistas, e un longo etcétera de bo campismo,..., só nalgún intre, sobre todo nos últimos anos, polo xurdir do botellón e o exceso de alcohol que, ao non quere a administración controlalo, provocou algún conflito que aproveitaron para despertestixiar o campismo e buscar a alternativa da privatización como solución.

Coido que non imos a atopar en Galicia un só cámping privado que tivera menos problemas de conduta campista, provocados tanto no propio establecemento como na súa contorna, que os que houbo na zona de acampada de Chan da Pólvora.



Primeira zona de Acampada de Chan. Apréciase a inclinación do terreo e a fonte



Última situación da zona de Chan, con terreo máis plano.

A TOXA VISTA POLAS ESCRITORAS INGLESAS

Por: Patricia Arias Chachero

A finais do século XIX A Toxa revelou-se como un lugar ideal de descanso e vacacións. En pouco tempo, os coidados termais alentaron a chegada dun turismo que vía na saúde un obxectivo e que logrará que na illa se desenvolva unha importante actividade económica que traerá aparelada unha violenta transformación do espazo, no que deseguida comezaron a convivir, con aparente naturalidade, estratos sociais abertamente diferentes. Desde os máis ricos e sofisticados turistas chegados de todos os recantos de España e do estranxeiro, ata os máis humildes e esforzados traballadores e visitantes.


Entre os veraneantes e bañistas, algúns deixaron pegada escrita do seu paso pola Toxa. Entre eles, sorprende un grupo importante de mulleres; moitas delas estranxeiras, que visitan a illa soas ou en compañía de familiares ou amigos, e que describen o que ven centrándose, polo xeral, na paisaxe e nas comodidades da hospedaría.

Boa mostra do que dicimos atopámolo nas páxinas de *Vida Gallega* que, en xaneiro de 1909, acollen un longo artigo titulado “Fomentando el turismo: dos escritoras inglesas”. O texto faise eco da visita de dúas intelectuais, Desdemond Deane e Stors Turner que, segundo parece, pararon quince días en Galicia. Neste tempo visitaron A Toxa e admiráronse de que alí, “naquela encantadora illa que parece colocada lonxe da comunión das persoas”, houbo un “hotel tan fermoso, tan grande, en tal maneira espléndido“. A prosa, que recorda ben ao discurso propagandístico de Jaime Solá, pon en boca das visitantes a seguinte afirmación: “Non hai necesidade de acudir a países estranxeiros para atopar un modelo de establecemento deste xénero. Nada se encontraría máis perfecto e máis fermoso que o hotel da Toxa”.

Moitos anos despois, en 1953, hospedouse na Toxa outra inglesa, Nina Epton. Contou a súa experiencia nun libro que acadou gran difusión, *Uvas e granito*, publicado en 1956 en inglés e traducido ao galego en 1993. Tras relatar a lenda do burro e a descuberta dos mananciais termais, Epton párase a explicar os beneficios dos produtos da Toxa e as bondades do seu hotel. Pouco di, como as súas predecesoras, sobre as persoas que ocupan o lugar (Epton 1956 201):

Pese a toda información que me deran en contra, o Gran Hotel non era moi rigoroso. O traxe de noite só se usaba en noites de gala, e ninguén estaba obrigado ás regulacións estrictas do baño corrente nas praias “de moda”. Eramos libres de facer mesmamente o que nos dese a gana. Case tódolos hóspedes eran sudamericanos, con grandes automóbiles, que estaban a dar unha volta por Galicia e viñeran á Toxa para uns días de descanso, ou empregaban a illa como base para as súas excursións.

Entre unhas e outras, no verán de 1910, visita a illa a xornalista inglesa Catherine Gasquoine Hartley. Contou a súa experiencia no volume *Un verán en Galicia*, publicado por vez primeira ao ano seguinte, 1911, e recentemente reeditado en galego pola editorial Rinoceronte. A autora, que viaxa na compañía dun grupo organizado pola Asociación Internacional de Periodistas Británicos, chega á illa un día despois de que se inaugurase a ponte de formigón. A súa visión é notablemente diferente a de Desdemond Deane, Stors Turner e a propia




Nina Epton. Pouco fala da nova e imponente construción e moito da xente que a observa:

Chegaran veciños de toda a contorna para asistir ao acto, e nós aproveitamos unha parada ao principio da ponte para observalos. A beleza extraordinaria daquel grupo de xente e as cores vivas que levaban ben servirían de motivos para o pincel de Goya. Poderíase dicir que tres de cada catro mulleres eran ben parecidas, e todas tiñan unha sorprendente aparencia rexa. O costume das galegas de levaren cargas pesadas sobre a cabeza fai que manteñan o corpo ben ergueito, e isto salienta, vantaxosamente, a súa figura esguía. De novo decateime de que había moitas mulleres de pel moi clara e pelo alourado. Vin unha nena que tiña os ollos gazos e pelo da cor do liño, igual ca un cativo inglés (Gasquoine 2021: 89).

Algo máis adiante, segue reflexionando sobre as mulleres:

Normalmente son altas e teñen moitos outros riscos peculiares, especialmente o nariz. Nos seus rastros, cada trazo ten carácter, é forte e á vez cheo de humor, elévase cara a uns ollos fermosos e converxe nunha boca que se abre nun sorriso; a pel é dunha cor oliva cálida e, cando van vellas, convértense nunha masa amarelecida de engurras. Non sei se estas feituradas se deben aos vestidos que levan —os panos de vivas cores que colocan nas súas caras nunha especie de marco oriental— ou a que estas mulleres teñen un aire serio e apaixonado que é totalmente fascinante (Gasquoine 2021: 96).

Insiste en que pouco se parecen as galegas —e os galegos— “aos paisanos do sur de España” que, segundo di, son máis baixos ca nós e máis simpáticos e misteriosos. Indica tamén que “Os homes parecerónme, en xeral, inferiores ás mulleres”. Algo máis adiante, no mesmo volume, Gasquoine (2021: 307) explícalle ao lector que: “As caras máis belas e distin-



A ponte de A Toxa



guidas que vin non estaban entre as mulleres da clase alta, senón que pertencían ás regateiras e mulleres dos mercados nas vilas e ás labregas das zonas rurais”.

Observadora especialmente sensible das abertas diferenzas sociais e económicas que conviven na illa, conclúe que non é só un problema de beleza senón tamén de intelixencia (2021: 309): “as galegas traballadoras son máis robustas e máis intelixentes ca as mulleres das clases media e alta”. Ela mesma (2021: 310) explica a orixe desta diferenza:

A preparación para a vida que reciben as mulleres das clases alta e media é moi inferior á das traballadoras, que cooperan cos homes, fan os mesmos traballos e son igual de habelenciosas ca eles. As mulleres das clases máis ricas levan unha vida caracterizada pola inferioridade; ao non teren a oportunidade de traballar e ao impoñéren-lles unha vida pouco activa, éelles imposible desenvolver as súas calidades físicas e intelectuais.

A humildade daqueles visitantes ocasionais, atraídos pola novidade da ponte, debía chocar moito coa riqueza dos hóspedes do Gran Hotel. A escritora continúa:

O sorriso venme aos beizos cando lembro a un cativo duns dous anos, que vestía os restos duns calzóns e unha camisa, vermella por diante e por detrás amarela verdosa; este atavío completábase con dous remendos de pano azul. Os farrapos teñen aquí unha especie de esplendor pintoresco, e todo o mundo, mesmo os cativos, levan a roupa remendada cunha gravidade fermosa e inconsciente (Gasquoine 2021: 89-90).

Fronte a Epton, Deane e Stors Turner; Gasquoine Hartley sorprende ao lector actual pola súa mirada limpa e solidaria, pola fraternidade que demostra coas clases sociais máis humildes, ás que ela, evidentemente, non pertencía. O seu relato e a visión da Toxa—e en xeral de toda Galicia—supón unha alegre descuberta. Unha sorpresa que paga a pena non perderse.

BIBLIOGRAFÍA CITADA

EPTON, NINA (1993) *Uvas e granito (Unha viaxe por Galicia)*. Vigo: Ir Indo Edicións.

GASQUOINE HARTLEY, CATHERINE (2021) *Un verán en Galicia*. Cangas do Morrazo: Rinoceronte Editora.



HOMENAXE A: Staffan Mörling

Mr. Mörling, un amigo para sempre

Por: Roberto Ledo Garrido

Director de www.diarioluso-galaico.com

Escribir de Staffan Mörling é un grato recordo dunha amizade que chegou a través do xornalismo. Coñecín a Staffan e Chefa, a súa dona, para facer unha reportaxe de estranxeiros en Galicia. Non lembro quen me falou do 'sueco de Bueu'. Achegueime alí, desde Santiago, para entrevistalo. Era no ano 1991. Teño a gravación da reportaxe de 'Estranxeiros xa galegos' que emitiu a TVG o 16 de abril de 1991.

Un tempo despois, por unha iniciativa súa, fomós á Frouxeira, Lugo, ao cumio onde estivera outrora a Torre da Frouxeira. Chefa, vestida co traxe tradicional galego, cantou unhas coplas e gravamos aquilo tamén para a TVG. As fotos que lles fixen naquela ocasión namoraron a Staffan e pediume ampliacións, que enmarcou e colgou na parede do salón da casa de Beluso, Bueu. Sempre gabou os meus primeirísimos planos fotográficos.

Despois empezamos a cruzarnos correspondencia. Teño máis de medio centenar de cartas xunto con postais, recortes de artigos... Ademais de temas persoais, Staffan sempre abordaba nas cartas cuestións culturais sobre as publicacións ou as viaxes que facía. Son interesantísimas anotacións onde queda reflectida a súa opinión sobre os temas que dominaba, coma as embarcacións tradicionais.


Pósúo máis de cincuenta cartas de Staffan, máis as postais de Nadal, recortes de xornais, colaxes que me enviaba...Eran cartas longas de varias cuartillas ou folios con letra xenerosa, grande, a máquina, manuscritas, aproveitando as marxes para seguir a escribir...Non era doado manter o ritmo do seu carreo. Gustaba de pór no sobre a provincia e logo sempre Galicia, España. Encabezaba sempre situando desde onde escribía, por exemplo, unha das máis comúns, Praia da Robaleira.

Teño recibido tamén libros e estudos de embarcacións tradicionais...da súa autoría. Un dos últimos foi o de Namoreime en Ons. Mágoa que non teña dedicatoria del! Só me quedou a tarxeta do editor que o envía por orde de Staffan.

Do seu trato, lembro unha pasaxe sorprendente na nosa amizade, cando os Mörling viñeron un día a Santiago para pasalo na miña casa, polo ano, quizais, 94. Chefa sempre traía "a merenda", como dicían sempre, e non sei para que fixen eu comida...Ao remate leveinos ao tren. Aquel día pode que fose un venres, e os famosos 'camelos', aqueles trens amarelos, estaban ategados de estudantes ansiosos de pasar a fin de semana nas súas casas familiares. Con dificultade Staffan e Chefa subiron, pero tras uns minutos, baixaron. E decidiron agardar a por outro. Quedamós con escasas persoas no andén, cando se nos acercou un empregado da Renfe que dixo: -Señores, para aqueles que non tiveron sitio no tren, temos un autobús que vai cara a Pontevedra agardando para saír. Staffan non se



Con Chefa e Staffan, nunhas xornadas sobre Ons. 2010



Carta de Staffan Mörling

HOMENAXE A: Staffan Mörling

inmutou, el tiña o corazón no tren. Ao cabo dun tempo, volveu o empregado advertindo que o autobús ía saír e, se non se apuraban a subir,...Staffan contestoulle que el pagara un billete de tren e quería ir en tren. Engadiu que é o transporte que menos contamina...O empregado non saía do seu asombro. Así que quedei a acompañalos ata que chegou outro tren. Morling era tan partidario deste medio de transporte que, na súa casa de Lund, Suecia, tiña un pequeno tramo de vía cunha dresina.


Sempre me chamou a atención que Staffan e Chefa estaban profundamente namorados. Staffan sempre asinaba todos os seus traballos xunto con Chefa, aínda que, imaxino, a creación intelectual era sobre todo del. Estaba moi orgulloso dela e implicábaa en todo o seu. Moitas veces dicía: “Casei cunha pandeireteira da Illa de Ons”. Así definía a Chefa. Ademais sempre gababa moito os seus dotes culinarios, e, era ben certo, tiveron moitas veces a oportunidade de degustar, en Beluso, os seus pratos, e que eran unha delicia. El sempre gustaba de harmonizar preferentemente con viños galegos. Incluso onde os tomaba era importante para el, por iso gustaba das copas medievais, das cuneas tradicionais...

Mörling era un home profundamente relixioso. Esta era outra das súas compoñentes máis fortes. Aquí enlazaba cos santos medievais dos que tiña lido moito na súa xuventude. Se por el fora asistiría á santa Misa en latín todos os días...E creo non esaxerar...Un devoto da patroa de Suecia, santa Bríxida, e este era outro aspecto no que conectabamos moi ben os tres.

A parte cultural era outro nexo fortísimo. Aquela reportaxe longa, tres páxinas, no Correo Gallego, no ano 94, ‘Patrimonio Marítimo, una gran marea viva’, repasando todo o tema das embarcacións tradicionais, xunto a outra reportaxe, ‘El futuro incierto de la Isla de Ons’, sobre un estudo histórico-xurídico que se estaba a realizar e que determinaría quen tiña competencia sobre ese territorio, serviron para estreitar a nosa amizade, loitando por temas comúns que nos identificaban como amigos.

Tiveron a fortuna de vivir o seu nomeamento como fillo predilecto de Bueu. Foi moi emocionante. Estivo apadriñado polo arquitecto César Portela. Logo da cerimonia tivemos un almuerzo nun restaurante bueués onde estivemos moitos dos seus amigos. Foi moi agradable e Staffan estaba moi contento polo recoñecemento.


O profesor Mörling era un volcán de iniciativas, un exemplo de aproveitamento do tempo...Un home cun gran nivel cultural...de análise fonda...Un namorado de Galicia e das súas xentes...Cun grande enraizamento na illa de Ons. E, ante todo, un amigo para sempre. O seu ton de voz, especialmente pronunciando o meu nome, e o seu sorriso nunca o os esqueceréi.



Con Chefa e Steffant na súa casa de Beluso. Anos 90



Presentación do libro “Lanchas e Dornas” en Bueu. 2005



O legado de Staffan Mörling

Por: Arturo Sánchez Cidrás

O primeiro número da revista O Candil, ano 1994, titulado “*Bueu na súa xente*” dicía de Staffan Mörling, que era o autor dun libro que trataba sobre as embarcacións tradicionais de Galicia e definíao como “*Etnólogo sueco que foi feito ‘prisioneiro’ polo embruxo da Illa de Ons, onde casou*”, expresión que a el lle gustaba.

A súa estadia pola nosa terra comezara no 1964, co seu peregrinar científico na busca da identidade máis ancestral, máis illada, menos contaminada culturalmente,... da península xa que “*As experiencias nas Féroë inspiráranme a buscar un entorno parecido no chan ibérico...*”. E disto encargouse o azar en mans do arquitecto César Portela e do seu pai Agustín que serían non só os canalizadores para achegar Ons a Mörling senón para relacionalo co mundo do mar presentándolle a persoas referentes no estudo das embarcacións coma José M^a Massó¹ que foi, como el mesmo reconece, a persoa que o puxo, por primeira vez en contacto físico coa dorna; ou do profesor Filgueira Valverde, do mundo da cultura en xeral, que lle facilitou o acceso aos primeiros datos documentados sobre a mesma, así como aos arquivos do Gremio de Mareantes, protocolos notariais, etc.

Un primeiro contacto coa realidade galega, coas personalidades mencionadas, ás que habería que engadir outras no ámbito do Museo Naval en Madrid e, sobre todo, coa singularidade comunitaria da illa de Ons (que aínda por riba utilizaban pequenas embarcacións como a dorna) foron circunstancias o suficientemente fortes para que tivera claro cal sería o seu proxecto investigador a presentará cátedra de etnoloxía da Universidade sueca de Lund.

Un avance das pescudas ao longo deses primeiros anos en Galicia é o libro, publicado pola Consellería de Pesca en 1989, co título «*As embarcacións tradicionais de Galicia*», obra que colocou no punto de mira de moitas persoas o patrimonio vencellado ao medio natural, fundamentalmente marítimo-fluvial.

Aínda que non é o primeiro libro en tratar esa importante “ferramenta” dos pobos que dependen do mar, como son as embarcacións e dentro destas as máis modestas, si o é en acoutalas en todo o ámbito xeográfico litoral de Galicia. Fíxoo de forma rigorosa e documentada, bebendo nos arquivos e, sobre todo, no estudo directo das mesmas (1964-1967) e nas fontes máis coñecedoras e interesadas como son os mariñeiros e carpinteiros de ribeira de case que todos os portos galegos.


A minuciosidade do tratamento dos datos obtidos vese magnificada polos mapas e planos explicativos de barcos, aparellos e velas que o mesmo Mörling confeccionou.

O libro estruturado en tres partes, *Método e obxectivos*, *Execución e As embarcacións galegas na perspectiva xeográfica e histórica*, está moi lonxe dunha exposición monográfica das características de cada unha das embarcacións. Máis ben é un percorrido guiado polas mesmas, coa anécdota ou devagar persoal do autor como complemento enriquecedor para a localización e coñecemento das circunstancias que rodean a estas.

As fotografías, na case a totalidade de Mörling, a profusión explicada dos elementos das embarcacións así como a grande cantidade de léxico recollido sobre elas fan que este libro posúa un valor engadido.

Todo isto acompañado da actividade divulgativa do autor, así como a súa “capacidade de aglutinar e crear marcos para o encontro”² farán que este libro sexa un clásico dentro do estudo das embarcacións tradicionais.

Mais o paso do tempo e o estudo serviron de amplificadores e á vez de catalizadores da súa continuada investigación na contorna das embarcacións tradicionais e da experiencia humana que as rodea. E este traballo investigador serviu como base fundamental para presentar a tese de doutoramento de Mörling na Universidade de Lund. Tese que



1 Publicaría en 1992 «Barcos en Galicia: De la prehistoria hasta hoy y del Miño al Finisterre». Deputación de Pontevedra. ISBN 84-500-7629-3.


2 Así se expresa co seu pasamento a Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial, Culturmar.

HOMENAXE A: Staffan Mörling

foi publicada como «Lanchas and dornas»³ no 2003 e que anos despois, 2005, editaría, en galego, a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos da Xunta de Galicia como «Lanchas e dornas» e como subtítulo «A estabilidade cultural e a morfoloxía das embarcacións na costa occidental de Galicia».

Como pode apreciarse a finalidade do estudo acúntase a lanchas e dornas pero amplifícase no espectro cultural na que estas se moven.

Para Mörling o obxectivo da publicación desta obra é, en primeiro lugar, servir de complemento a «As embarcacións tradicionais de Galicia» pero dando un paso máis, ser “*analítica, ir ao gran*” e explicar os por que puideron subsistir durante tanto tempo a dorna e a lancha de relinga ata chegar ata os nosos días. El mesmo dá a explicación examinando a estrutura de produción da ‘pesca á parte’ na que son os patróns os que mandan que tipo de nave lles conviña (tanto na súa feitura como nos aparellos) aínda que reconece que esta decisión non a fai en solitario senón que se apoia na tradición do pobo (“*ideoloxía que non dá lugar a moitas innovacións*”).



En segundo lugar baséase en que os mariñeiros comparan as súas experiencias e de aí resulta en “*que os barcos do pobo chegan a se construír de acordo coas leis da física aínda que os carpinteiros de ribeira non coñezan estas leis na súa formulación teórica*”. Este proceso dá como resultado unhas embarcacións con grande estabilidade que non precisan de lastre algún grazas á relación nas medidas da manga, puntal e eslora, froito da “*experiencia acumulada e socializada*”.

En terceiro lugar, que posuían as características idóneas para o traballo ao que estaban destinadas e potencial versatilidade para o cambio de faenas de pesca.

Ao longo de todo o libro vai debullado unha serie ampla de cuestións arredor das embarcacións dende o aspecto social, xeográfico, histórico, estrutural, morfolóxico, etc. sen esquecer a realidade socioeconómica, e a todas elas trata de dar resposta ou, polo menos, avanzar posibles alternativas de explicación.

O que si cualifica de primordial para esta obra (ao igual que na primeira) era que o verdadeiro e o esencial do libro lle chegou a través da “*información e os datos que me deron os mariñeiros galegos*” xa que case todos eles fóronlle facilitados polos 1.100 km da costa galega e pola da xente do mar que se tomaba o tempo, non só para darlle a información senón que lla ilustraba con debuxos feito na area das praias.

Un aspecto a destacar desta tese/libro de Mörling é que ao ser inicialmente editado en inglés serviu de proxección internacional da cultura marítima galega, sobre todo para catapultala ao mercado norteamericano e do occidente europeo.

Ata aquí un pequeno percorrido polos primeiros libros de Staffan Mörling. Libros, como xa comentamos, pioneiros e referentes no mundo da etnografía marítimo fluvial, etc. Aínda que estes serían unha peza importante por si mesmos vense apuntalados, reforzados e actualizados pola escrita de artigos e charlas, así como da súa presenza activa nos foros de apoio e divulgación da cultura mariñeira o que permitiu facer dese conxunto un verdadeiro Corpus destinado ao espallamento e ampliación da investigación científica no mundo das embarcacións tradicionais.

Por poñer algúns exemplos de artigos e ponencias:

- “*La dorna de Galice*” (Chasse-Marée-1992)
- “*Äkta sang till Brest*” (Kysten-1992)
- “*Clinker built boats in the Iberian Peninsula*” (Oxford-1994)
- “*Patrimonio marítimo, qué futuro?*” (Povoa de Varzim-1994)
- “*La lancha de relinga y la buceta. Tradición e innovación en la carpintería de ribera de Caldebarcos*” (Santiago Compostela-1996)
- “*Las embarcaciones tradicionales gallegas en clave de antropológica*” (Santiago de Compostela-1997)
- “*Identidades de Grupo y de cultura en los marineros de bajura del Noroeste de Galicia*” (Pontevedra-1997)
- “*Trincados y lanchas*” (Ferrol-1998)
- “*La transformación morfológica de la embarcación de pesca de bajura de Galicia Norte*” (Pontevedra-1998)

3 En Skärhamn, Suecia.

HOMENAXE A: Staffan Mörling

E así poderíamos continuar con, polo menos, unha ducia máis de artigos en revistas e capítulos de libros, aportacións enciclopédicas, presenza en Xornadas como a que se fixo, organizada pola Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial (Culturmar) sobre o Patrimonio Marítimo, en Bueu no 2011, etc.

E así chegamos á segunda parte da súa obra distinta á anterior pero á vez concatenada e co foco no estudo das formas culturais de vida da comunidade da Illa de Ons á luz dunha etnografía social. A súa introdución na observación directa da realidade illá veuse amplamente reforzada polas vivencias da súa muller Josefa Otero que en todo momento lle serviu de guía non só do acontecer cotiá, costumes, etc. senón de algo máis difícil de percibir como son os sentimentos e a acepción destes no contexto vital.

Grazas a que o seu traballo de campo para a recolleita de datos o documentaba coa imaxe fotográfica, Mörling dotouse dunha colección ampla e especialmente valiosa por canto coincidiu no tempo co final dunha época na que se deu o esmorecer da comunidade da Illa de Ons co seu abandono forzado do territorio.


No 2006 artellouse, coa axuda de entidades públicas, unha exposición itinerante (Illa de Ons, Bueu,...) na que se presentaron unhas 60 fotografías dos irmáns Staffan e Mikael Mörling e Josefa Otero. Paralelamente, e como catálogo da mesma, a Consellería de Fesca e Asuntos Marítimos publicou un libro cos textos e fotografías: «A illa de Ons, unha cultura, unha identidade» (2006).

No 2008 publica un artigo no número 13 da revista Aunios titulado: «*Namorar, namorar namoreime, namoreime no medio do mar*» que, á súa vez, era un extracto do diario, logo manuscrito, «*El amor cerca del fin del mundo*» onde a mirada máis persoal, máis intimista puña á vista de todos un corazón espido de vergoña pero cheo de amor que no 2012 sacará á luz coma libro, na súa lingua materna, o sueco, co título: «*Långt borta ute i havet*».

Staffan repasando o libro das fotografías decide seguir enchendo de contido esa mirada da illa, da paisaxe, do seu mar e das súas xentes polo que decide recompilar algunhas das súas notas e darlles unha pincelada etnográfica e publicación no 2013 (en galego e castelán) co patrocinio do Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia, baixo o título: «*Alá, no medio do mar*» e subtítulo «*A comunidade da illa de Ons*» («*La comunidad isleña de Ons*»).

No 2015 Edicións do Cumio edita o libro «*Namoreime en Ons*» que é a tradución ao galego do xa mentado «*Långt borta ute i havet*». Libro que pode concibirse como unha disección antropolóxica do corazón coas ferramentas que lle aporta a mirada etnográfica da comunidade da illa de Ons. Nese corazón aberto vemos o latexar de dúas culturas pero tamén vemos o vagar dunha embarcación nórdica na busca desa outra dorna que navegaba pola nosas rías. Froito da unión desas velas no só foron os fillos senón tamén o foron esas outras embarcacións que quedaron reflectidas na memoria documentada, que son os libros, e que puxeron a Galicia, a Bueu e a Ons nun lugar relevante da etnografía e cultura mariñeira.

Falar do legado de Staffan Mörling, non só é falar do sueco de Ons, dun Fillo Adoptivo de Bueu ou dunha rúa de Bueu... senón tamén é falar de libros de barcos, de cultura mariñeira, de etnografía e de Amor por Ons, pola nosa cultura e por esta terra que por máis de cincuenta anos tamén foi a súa.



HOMENAXE A: Staffan Mörling

A exposición fotográfica celebrada na Illa de Ons en xuño de 2007, permitiu demostrar que o mundo idílico reflectido na memoria gráfica de Staffan Mörling seguía a zumegar sensacións que críamos perdidas na brétema do tempo.

O mesmo autor sentiuse, coa contemplación da súa obra, transportado a un pasado que o viu chegar cunha mochila cargada de ilusións e que nese momento lembraba coa realidade física que lle aportaban os sentidos.


Pero deixemos que sexa o mesmo Mörling o que nolo describa en primeira persoa á vez que nos aporta elementos de reflexión sobre as xentes da beiramar e a súa contorna.

Arturo Sánchez Cidrás

Vcã en castelán tal e como o escribiu o Sr. Mörling

La contemplación de estas viejas fotografías trae a mi recuerdo un mundo de antes, que en mis cincuenta y siete años todavía encontré yo, y que ya no existe. Las imágenes me recuerdan el aroma que desprendían al sol las dornas con su carena de brea, azufre y saín, el último ingrediente perfeccionando una gama olorosa a la que tampoco le faltaban los vapores del alquitrán aplicado el interior de la embarcación y que para mí está unido a la impresión de las playas de entonces. Playas de arena mucho más blanca, sin bolsitas de plástico y listas de aluminio, playas bordeadas por casas armoniosamente blancas con cal y dentro de cuyas paredes de piedra uno encontraba la misma impecable impresión de limpieza, en la forma de blancos suelos de buen pino del país fregados cada día y con algo de arena fresca encima. Casas que, donde formaban conjunto en cualquiera de nuestras villas marinerías, hacían destacar la individualidad de la arquitectura y el aspecto de cada una de ellas y sus dimensiones hechas a la medida del hombre como individuo. Creo que es el carácter humano, en todo el sentido de la palabra, que hace tan atrayente el aspecto de esos pequeños – y tan funcionales – entornos urbanos de beiramar. Ahí, cada vivienda parecía dar expresión a un concepto de identidad de la misma manera hacía que conociera a sus ocupantes como un conjunto de individuos, cuyos nombres – o apodos – eran de dominio común. Tanto variopinto detalle no le restaba un logrado aspecto de entidad a esos pueblos de las costas del Morrazo, uno diría de monumentalidad en el caso de Mirón, coronado como estaba por la almenada torre del Pazo del Priorato de Oseira.

Hace ya algún tiempo que la noble estructura del Priorato no le da su antes inconfundible aspecto de marinense a la silueta de esta formación urbana. Si por un lado lleva a muy poco el darnos a lamentaciones es este caso, no es menos cierto que nuestro entorno sigue sujeto a un acelerado proceso de desindividualización, de despersonalización, ante algunas de cuyas manifestaciones al menos tenemos el derecho de preguntar ¿por qué? ¿Por qué la recomendación de abandonar el esquema de



HOMENAXE A: Staffan Mörling

colores tradicionales de las dornas y demás embarcaciones pequeñas y pintarlas de un agresivo rojo o amarillo? Una medida sin apoyo en las disposiciones de la Unión Europea pero que, a su manera e innecesariamente arremate contra el sabor y el sosiego de nuestros rincones marineros, donde formaba parte del entorno la obra muerta negra de las embarcaciones y su obra viva de color blanco o de patente, el contraste dándole belleza hasta a ls líneas de las sencillas gamelas y chalanas.

“O mundo de antes”, será, quizás, el resumen que haga el visitante a esta exposición de sus impresiones. Diría yo, que el mundo de antes nos importa, porque somos descendientes de él, al igual que somos descendientes de nuestros padres y abuelos. Si bien el concepto del “Mundo de antes” trae para algunos connotaciones de una vida más sencilla e incluso de carencias, no podemos por ello descalificar ese mundo globalmente. Ofrecía una gran solidaridad y un sentido de cohesión entre las personas, que hacía la vida llevadera incluso en los momentos difíciles. Casi siempre había contacto humano al alcance, el individuo no tenía que encontrarse con una sensación de soledad y abandono; había con quien hablar, había con quien echar un chiste y, dicho sea también, la diversión estaba la alcance sin casi necesidad de disponer de dinero. Quien ha vivido el baile de pandereta o las fiestas patronales en un eirado o un atrio recordará la sensación que “todos éramos como una familia”. “O mundo de antes” reflejado en esta exposición fotográfica merece nuestro cariñoso respecto. Su tecnología en la explotación de los recursos de las rías, inmensamente más ricos antes de la contaminación actual, no era mala. La embarcación de propulsión vélica lucía perfeccionamientos notables, como las buenas proporciones del casco haciendo innecesario llevar lastre y el sistema de las “picas” para el palo, con las que se podía graduar la altura del centro del velamen – interesante solución técnica que sólo ha visto en Galicia.

Sirva, pues, el testimonio de esta exposición para recordarnos una capacidad de los hombres y mujeres de estas Rías Bajas de haber hecho posible una vida, que si bien con medios distintos suponía una forma perfectamente racional de afrontar la existencia frente a ese enorme reto que es el océano. Una vida que también tuvo sus factores gratificantes, sus buenos momentos y que nos ha dejado un legado cultural que, independientemente de los cambios tecnológicos, siempre se mostró ser un marco logrado y adecuado para la existencia en esta parte de nuestra querida Galicia.

En la villa de Bueu, a cinco días de marzo del año del Señor mil novecientos noventa y cuatro.

Fdo: Staffan Mörling

Licenciado en Antropología Cultural por la Universidad de Lund, Suecia. Profesor de la Escuela Naval Militar.



Xosé Núñez Búa e o activismo cultural de preguerra na comarca arousa (1ª parte)

Por: Emilio Xosé Ínsua

Á vista das contradicións entre as fontes, resulta difícil saber con exactitude cando e onde naceu Xosé Núñez Búa. Segundo unhas, tería vido ao mundo en 1903 en Ourense, ou nese mesmo ano, pero en Tenorio (Cotobade); outras indican Pontevedra o 31 de decembro de 1897. A partida de nacemento sitúa tamén o feliz intre na cidade do Lérez, mais o 11 de xaneiro de 1899... Algo máis precisa semella a data e lugar do pasamento: Mar de Plata (Arxentina), o 30 de decembro de 1980.

Fillo da pontevedresa Eduarda Búa e de Roxelio Núñez de Couto, profesor de instituto e ex alcalde ourensán, e sobriño do coñecido pedagogo Xoaquín Núñez de Couto (animador por volta de 1916 de sociedades agrarias en localidades da nosa bisbarra como Meis, Portonovo, Ribadumia ou Cambados), Xosé pasou a súa infancia na aldea de Tenorio (Cotobade), na compañía dunha curmá de seu pai, a labrega “Mamá Consuelo” e adquirindo os primeiros rudimentos de latín con Don Uxío, un “crego de misa curta e de mesa longa” ao que evocaría nun artigo na revista *Galicia Emigrante* (xullo de 1965).

Mais desde moi cedo as paisaxes e as xentes da ría de Arousa formaron parte tamén dos seus afectos e vivencias. Así o reflicte o seu pranto en prosa, publicado no *Galicia Nueva* de Vilagarcía o 11 de outubro de 1917, polo amigo morto Manuel Viqueira, a quen presupomos relacionado familiarmente co médico e varias veces alcalde da cidade Valentín Viqueira Torrente e co tamén médico Xosé Viqueira Barrio. Nese texto, dicía o mozo Núñez Búa que a súa alma rebotaba “de nostalgia al recordar los años que pasé en la encantadora capital de la Ría de Arosa”, mais tamén de mágoa ao saber morto ao seu compañeiro “de aquellos inocentes y pueriles días, azules, risueños, sin nebulosidades que en ti pasé, pueblo bonito”.

Estudou logo o bacharelato no instituto de Ourense, onde foi alumno, entre outros, de Eduardo del Palacio, Jesús Soria, Vicente Risco e de Antón Lousada Diéguez. Sobre este último diría: “Lousada, máis que un informador, era un formador.... Eu non adeprendín na súa clase moitas nocións de filosofía, pro a íl débolle o anxeio que abrochou en min de me pór no meu camiño, de me botar a camiñar cara un fito ideal”.

O primeiro artigo en letras de molde que lle coñecemos a Núñez Búa, publicado co título de “Recuerdo” no xornal agrarista ponteareán *El Tza* (nº 139, 22 de setembro de 1916), está dedicado precisamente a dous compañeiros seus de “risas y fatigas escolares” no liceo da cidade das Burgas, Benigno Pesqueira (“moreno, lanzal, simpatía derramada que se apagó en Melilla”) e Herminio Conde (“rubio, muy arregladito, siempre con las lecciones sabidas”). Sobre outro deles, *Tucho* Ribeiro, con quen se reencontrou casual e fugazmente no exilio arxentino, escribiu tamén un traballo na xa citada revista *Galicia Emigrante*, en marzo de 1958.

Desde mozo Núñez Búa vincularíase ao agrarismo, ás nacentes Irmandades e ao Seminario de Estudos Galegos, aspectos estes da súa traxectoria sobre os que habemos volver, se hai ocasión, noutras entregas futuras de *Aunios*.

Cando no verán de 1919 o coro ourensán “De Ruada” anunciou que se desprazaría ata Vilagarcía para ofrecer un dos seus festivais, deu noticia de que pensaba incluír no seu repertorio a representación da peza teatral de Núñez Búa *A volta d'a cadza*, hoxe infelizmente ilocalizábel. No exilio arxentino, Núñez Búa retomaría esporadicamente nos anos 40 este cultivo teatral, con pezas breves como ¡Miragre! e mais *O peto das ánimas*.

Ese mesmo ano, o noso autor sería citado co número 51 entre os mozos chamados a fileiras en Vilagarcía, e debeu de realizar ese servizo de armas, pois aparece amentado o 15 de setembro de 1920 no *Diario de Pontevedra* como soldado do



Núñez Búa visto por Seoane

Rexemento de Topógrafos. Probablemente a localidade en que estivo destinado fose A Coruña, pois nela asina unha sentida lembranza en galego da figura do seu curmán Atilano, ao se cumprir o primeiro cabodano da súa morte. Ese texto, titulado “¡Non te poido chorar!”, veu lume nas planas do xornal ourensán *La Región* o 10 de marzo de 1920.

Acabado o bacharelato en Ourense, emprendeu Xosé a seguir a carreira de Dereito en Madrid, Valladolid e Compostela, sucesivamente. Pero antes mesmo de dar cabo en setembro de 1921 aos seus estudos para avogado, veríase na tesitura de asumir en Vilagarcía a dirección do “Colexio León XIII”, fundado por seu pai e por seu tío anos antes, en 1903. Ese vínculo

profesional e laboral coa localidade arousá acabou xerando en Xosé un arraigo sentimental e cívico que se manifestou en practicamente todas as facetas do seu vivir¹. Boa proba é que o seu libro *Revoeira*, editado na Arxentina en 1971, recolle un sen fin de anécdotas de ambiente e protagonistas vilagarcíans do período de preguerra, o que, en atinadas palabras de Gonzalo Bouza-Brey, “o converte ó mesmo tempo no cicais mellor relatorio descriptivo da Vilagarcía daqueles anos”. De todas esas anécdotas paga a pena reproducir aquí a titulada “Rebautizo”, tan breve como simpática:

É sabido que tódalas embarcacións teñen un nome que vai escrito na proa. En Vilaxoán houbo unha traiñeira de moita sona na ría de Arousa polas regatas que gañaba e polas liortas que se armaban cando perdía. Chamábase “Remedios”. Co tempo, puxéronlle motor e tracáronlle o nome. Antepuxéronlle unha conxunción e trocáronlle o acento: “Que Remedíós”

A nivel familiar, foi en Vilagarcía onde coñecería a Otilia Valladares, con quen casaría o domingo 8 de xullo de 1923, co seu pai Roxelio e o seu sogro Remigio como padriños da voda. Establecido o casal no número 7 da rúa Doutor Carús, Núñez Búa tería con Otilia varias fillas: unha meniña que morreu aos poucos días de nacer, en outubro de 1924; outra co mesmo nome da nai, á que alcumaron cariñosamente “Tilita” e, finalmente, María Xesús, nada en 1930 e futura licenciada en Filoloxía inglesa, que lle dedicaría a seu pai varios poemas alexiácos recollidos por Díaz Pardo no volume antolóxico *Escolma de textos con Galiza ao fondo*. Cuñados de Núñez Búa foron Eugenio Valladares, que se converteu en 1930 no prometido de Aurora Barreiro, filia do boticario e poeta Lisardo R. Barreiro, e Trinidad Valladares, que casou en novembro de 1929 con Ambrosio Bobo.

DIRECTOR DO COLEXIO LEÓN XIII

A nivel profesional, como xa adiantamos, Núñez Búa exerceu durante varios lustros a dirección do colexio “León XIII” de Vilagarcía, cometido este que desempeñaran con anterioridade o presbítero natural de Moraña Bonifacio Fariña, Alejandro Cerecedo Millán e o seu propio pai, Roxelio Núñez de Couto². Inicialmente, tocoulle poñerse á fronte dun claus-

La típica fiesta de los mayos

(DOS VISTAS DE SU CELEBRACION EN VILLAGARCIA. — EL “MAYO” DE LOS ALUMNOS DEL COLEGIO LEÓN XIII)



Maios do Colexio León XIII, Cértiga, Bos Aires, nº 60

¹ Aproximacións pioneiras sobre esta forte relación poden verse no capítulo correspondente do libro de Gonzalo Bouza-Brey *Los arousanos por el mundo. Nós tamén fomos emigrantes* (2008: 167-170) e no artigo de Víctor Viana “Núñez Búa, un galeguista comprometido en Vilagarcía”, publicado no *Faro de Vigo*, edición Arousa, o 14 de xullo de 2013 e accesíbel na rede en <http://www.farodevigo.es/portada-arousa/2013/07/14/nunez-bua-galeguista-comprometido-vilagarcia/845306.html>


² Sobre a historia deste centro educativo pode consultarse o traballo de fin de grao de Keli Torres Vido *O Colexio León XIII de Vilagarcía de Arousa (1903-1935): un ensaio de resposta ás demandas educativas da burguesía local*, presentado en xuño de 2014 na Facultade de Pedagogía da USC baixo a titoría do catedrático Antón Costa Rico e accesíbel no enlace virtual <http://hdl.handle.net/10347/12918>.

tro integrado por Ramón Otero Torres, Adolfo C. Herrera, Ismael Sánchez Puga, Ricardo Alarcón e Inocencio Díaz Blanco, a oque logo se incorporarían tamén Abalo Abad, Juan Cordal, José Márquez, Luís Villaverde Rey e, xa en tempos da 2ª República, o ex seminarista e poeta Aquilino Iglesia Alvariño e Jesús Garrido Álvarez. Cando Núñez Búa marchou para Vigo a finais de 1935, a propiedade do Colexio recaeu nestes dous últimos, que axiña “ficharían” como docentes a Charles Lessner, Xosé Mª Díaz Castro, etc.

Na década dos 20 do pasado século, unha parte do alumnado do “León XIII” acudía cada ano ás cidades de Ourense, Pontevedra e Vigo para sufrir os correspondentes exames, quer para a obtención do título de bacharelato, quer para acceder á Escola Normal (=Maxisterio), quer tamén para ingresar na Escola de Comercio. O *Galicia Nueva* vilagarcían e o *Galicia* de Vigo compraciáanse en ofrecer as habitualmente magníficas cualificacións obtidas por esas expedicións de alumnos e alumnas formadas no centro arousán³, que moitas veces eran acompañadas polo propio Núñez Búa en persoa. En xuño de 1923, por exemplo, o alumnado do “León XIII” obtivo 17 matrículas de honra, 56 sobresalientes, 40 notábeis e 60 aprobados, por tan só 6 suspensos, mentres que un ano máis tarde os resultados foron de 10 matrículas, 38 sobresalientes, 52 notábeis, 43 aprobados e un único suspenso.

Ademais, desde o “León XIII” Núñez Búa participaría en 1916 na organización dun grupo xuvenil de “Exploradores” en Vilagarcía, que comandaba Ricardo Urioste; realizaría múltiples excursións didácticas, como a que a finais de 1925 levou o alumnado ata o mosteiro da Armenteira na compañía de Fermín Bouza Brey e González Salgado; e, así mesmo, axudaría a implantar en Vilagarcía, xa en tempos da 2ª República, un dos agrupamentos impulsados polo entón catedrático do instituto de Noia e destacado galeguista Álvaro de las Casas. De feito, Núñez Búa fixo parte da comitiva que recibiu no verán de 1932 no porto arousán a expedición *ultreia* que viaxou polas Rías Baixas a bordo do balandro “Joaquín Pérez”.

En calidade de director do “León XIII” Núñez Búa pertencería á xunta directiva da “Asociación Regional de Enseñanza Privada”, ocupando concretamente o posto de secretario canda o presidente Antonio Ríos Noya (director do “Colegio Buenaventura” compostelán) e o tesoureiro José Teijeiro Rodríguez (da “Academia Gelmírez”)⁴. Esa asociación, segundo se explicaba na nota de prensa en que anunciaba a súa constitución reproducida por *El Compostelano* o 18 de xullo de 1933, tiña como misión



Restos de la torre fericiá (?) de la Lanzada, lugar en donde el P. Sarmiento, Murguía y el P. Fita sitúan la antiquísima Lámbrica, sin gran fundamento al parecer.

(Fot. Núñez Búa)



Un “horreo” en el Pazo del Marqués de Aranda (Vilagarcía). Sobre el típico carro de bues un grupo de alumnos del Colegio León XIII en excursión por el “pazo”.

(Fot. Núñez Búa)



Fotos realizadas por Núñez Búa e publicadas en *Céltiga*, Bos Aires, núm. 21

³ Citemos entre eles os nomes de Fernando e Germán Quintela Nóvoa, Carlos e Francisco Buhigas García, Ramón Comendador Peña, Ricardo Costa Varela, Argentina Villaverde Rey, Adelaida Buceta, José Abad Ameijeiras, Toribio e Pedro Berengua Ordóñez, José García Hermo, Ricardo Alvarellos Blanco, Francisco Galbán, Manuel Santos Hervés, Manuel Iglesias García, Dámaso Carrasco Duaso, Nicolás Viqueira Conde, Luís Bayón Carús, Nicolás Jamardo Araújo, Ricardo Alarcón Núñez, etc.

⁴ Integráronse tamén a “Academia Scientia” compostelá, a “Academia Rapariz” de Ferrol, o “Colegio Mezquita” e o “Colegio Labor” de Vigo, a “Escuela Politécnica” e o “Colegio Concepción Arenal” ourensáns, o “Colegio Decquit” coruñés e a “Escuela Nueva” pontevedresa.

“fomentar la enseñanza en la región y la cooperación cultural entre los asociados“, mais deixando claro que “no tiene carácter confesional ni tendencia política“. Canto ás actividades previstas, sinalábase que “han de enfocarse muy especialmente hacia la organización de instituciones *post y circum* escolares beneficiosos para los alumnos de los colegios asociados, entre ellos, excursiones, cursos de conferencias, bibliotecas circulantes, organización de residencias temporales de montaña y costa [e] intercambio escolar durante el verano entre colegiales extranjeros y nacionales“. O propio Núñez Búa ficou encargado de procurar en Francia, Inglaterra, Suíza e Bélxica alumnado para ese intercambio. Outras actividades contempladas pola Asociación foron a compra mancomunada de material escolar, a edición dunha revista escolar feita polo alumnado, a celebración dun campionato de fútbol entre os equipos que se formasen nos colexios asociados e a realización de varias excursións, entre elas unha ao monte e castro de Santa Tegra (A Guarda).

Trasladado a Vigo a finais de 1935, Núñez Búa pasou a traballar como avogado no bufete de Valentín Paz-Andrade, mais, probabelmente por complementar os seus ingresos e por non poder prescindir do contacto vivificador coas aulas, exerceu tamén como docente na “Academia Labor”, dedicada preferentemente a preparar alumnos de ambos sexos para o ingreso na Universidade e na Normal e aspirantes ás oposicións do Maxisterio e do Funcionariado estatal. Coinciden con el nesa tarefa formativa Poza Juncal, Xerardo Álvarez Gallego, Posada Curros, o enxeñeiro Antonio Fernández, Alexandre Bóveda e Ramón García Núñez.

Digamos, en fin, que cando pasou a facer parte en marzo de 1936 da Xestora da Deputación Provincial pontevedresa, ostentando a representación do Partido Galeguista e como enlace nela do distrito Caldas-Cambados, Núñez Búa viuse novamente vinculado ao ensino en Vilagarcía, desde o momento en que foi designado polo ente provincial como representante no Patronato das Escolas Elementais de Traballo que nese intre se estaban poñendo en marcha na localidade.

OUTRAS ACTIVIDADES CULTURAIAS: A BIBLIOTECA POPULAR E A EXPOSICIÓN DE ARTE DE 1928

Núñez Búa foi tamén membro da Asociación de Cultura Musical de Vilagarcía, promovida en 1924 por Luís Villaverde Rey, e mais da Sociedad Venatoria, fundada e presidida en 1926 por García Señoráns. Nese mesmo ano citado non faltou o seu concurso nunha colecta para lle render homenaxe ao falecido arcebispo Lago González; nin a súa sinatura no manifesto contra a celebración de touradas como número das festas compostelás; nin a súa reclamación para que a nomenclatura das cidades galegas reflectise a propia historia e rendese homenaxe a figuras distinguidas autóctonas. Tamén destacou a súa presenza no banquete tributado a Martín Gómez Abal, antigo director do Colexio de Santo Agostiño, duro detractor noutrora do centro promovido polos Núñez de Couto, (cabe dicir, pola “competencia“). Ao discurso que pronunciou nesa ocasión pertence este fragmento:

Señores: quien, como yo, se dedica a hacer brotar de las inteligencias los primeros hilos de luz, quienes se dedican, con el corazón encendido, a esta profesión en la cual hay siempre algo de sacerdocio y de sacrificio, no pueden hablar de la justicia de estos actos, pues, sin querer, hablarán de si propio. Mas permitidme que os diga que quienes como vosotros se reúnen para rendir público tributo de cariño a un maestro, no hacen sino cumplir con un deber, un deber ineludible para toda persona culta y educada: el de gratitud...

¡La Gratitud! Aunque muchos de vosotros, discípulos de este hombre venerable, no sacaseis de sus enseñanzas más que el aprender a ser gratos, ello bastaría para que él mereciese este tributo cordial que vuestras almas ofrecen a la del maestro digno, que fué vuestro primer amigo y hoy es un poco abuelo de todos.

Señor: Yo que, como vos hicisteis tantos años, peno o me alborozo cuando ríen o lloran mis alumnos, y que como hicisteis vos, también les doy cuanto se y valgo - que por poco que sea es todo, todo lo que tengo-, solo aspiro a merecer, cuando la albura y los surcos de los años vengan a mí, un día como este[...]. Y luego, como el santo maestro Pestalozzi, pedir que abran mi tumba bajo el alero de una escuela[...].

Nesa intensa vinculación co progreso formativo e cultural da súa terra adoptiva tamén destacou Núñez Búa como un dos principais promotores da Biblioteca Popular, orixe da actual Biblioteca Municipal vilagarcía. Fixo parte, efectivamente, do patronato constituído a finais de 1926 con tal fin, xunto co entón alcalde Enrique R. Lafuente, Francisco Porto Rey, Telmo Lago Maslloréns e Eduardo García Reboredo. Os propios estatutos desa Biblioteca foron redactados por el, coa axuda de Fermín Bouza Brei e Rosendo Barreiro Beloy e un dos primeiros lotes de libros entre os aproximadamente douscentos con que a Biblioteca contou ao abrir as súas portas ao público o 20 de febreiro de 1927, na Sala de Quintas do edificio do concello, procederon dunha doazón súa⁵. O citado Patronato integrou en novembro de 1927, por vez primeira, unha muller


⁵ Foron, concretamente, os libros *Arqueología naval*; *Vida gris*, de Sarah Lorenzana; *Teoría do nacionalismo galego*, de Vicente Risco; *Juan Miseria*, do Padre Coloma; *Casa por alquilar*, de Dickens; *Libre Estética*, de V. Vila; *Poesías Líricas (Antología)*; *Geografía de España*, de Zabala; obras de Euxenio Montes, Correa Calderón, Eladio Rodríguez e Castelao na colección “Cáltiga” de Ferrol; *Da vella roseira*, de Vitoriano Taibo e, por último, sete volumes con novelas curtas de Pío Baroja, *Clarín* e outros autores hispanos (cf. *Galicia Nueva*, Vilagarcía, 10 de febreiro de 1927).

entre os seus integrantes, Argentina Villaverde, e a Biblioteca Popular vilagarcía foi obxecto dunha completa reportaxe nas páxinas de *El Pueblo Gallego* (11 de xaneiro de 1928) por parte do xornalista de Cuntis Xoán Xesús González.

Por iniciativa de Núñez Búa e contando coa colaboración do “Nuevo Club“ que presidía Luís Villaverde tivo lugar a celebración entre finais de 1927-comezos de 1928 dunha magna Exposición de Arte Galega en Vilagarcía, con obras de Lloréns, Castelao, Sobrino, Maside, Corredoira, Castro Gil, Prieto, Imeldo Corral, Tito Vázquez, Villafinez, Elvira Santiso, Riego, Seijo Rubio, Suárez Couto, Juan Luís, Compostela, o escultor cambadés Narciso Pérez, Pintos Fonseca, “Lesta“, Bello Piñeiro e algún outro. Esa Exposición foi arroupada con conferencias de intelectuais como Lousada Diéguez, Salvador Cabeza de León, Rafael Dieste, Otero Pedraio e Basilio Álvarez.

Núñez Búa foi quen fixo a presentación do conferenciante Lousada e, a dicir da crónica do *Galicia Nueva* (22 de xaneiro de 1928), “con palabras llenas de afecto, recordó sus años de adolescente en que el señor Losada Diéguez fué encauzador de sus juveniles arrestos, haciendo resaltar las dotes morales del que fué su maestro“. O de Boborás comezou a súa disertación confesando “que se halla un tanto azorado por el retrato que el señor Núñez hizo de él“ e engadiu simpaticamente: “Si fuera pintor serían muy malas sus obras, pues es sin duda alguna la peor de cuantas en este salón hay, el retrato que de mi persona acaba de hacer“.


Tamén presentou Núñez Búa a conferencia de Cabeza de León, definindo o entón decano da Facultade de Dereito e presidente do Seminario de Estudos Galegos como “un precursor que sabe formar continuadores“ e aproveitando a oportunidade para expresar a súa queixa pola falta de calor institucional arredor da iniciativa da Exposición, sinalou, concretamente, que “esta Exposición encontró doquiera la frialdad de todos los organismos oficiales y sólo el amor en los individuos, en estos hombres que, sin reparar en sacrificios, vienen a honrarnos con su visita y a instruir con sus sabias lecciones a un pueblo ávido de cultura“. A visita como



Núñez Búa, Rosendo Barreiro, Argentina Villaverde e García Reboredo co xornalista Xoán Xesús González na Biblioteca Popular de Vilagarcía, en 1928.

orador de Basilio Álvarez a Vilagarcía co gallo desa mesma Exposición artística deu pé, en fin, para a celebración dun banquete no Bar Casablanca na súa honra, con presenza de Cabanillas e Asorei e discursos, entre outros, do propio Núñez Búa.

O de Tenorio significouse, en fin, recadando fondos entre os vilagarcíans durante 1928 para axudar a recompoñer a Biblioteca Provincial de Ourense, destruída por un incendio, o que lle valeu o público agradecemento de Marcelo Macías.



NO ANO 2023 A ASOCIACIÓN CULTURAL

“Pineiróns“

CUMPRIRÁ 25 ANOS




A PROPÓSITO DA SANTA COMPAÑA NA ILLA DE ONS

Por: Francisco Calo Lourido

Hai agora 41 anos que Alonso Romero, un dos primeiros investigadores que traballaron na illa de Ons, sendo por eso homenaxeado no anterior número de *Aunios*, publicou un artigo sobre a Santa Compañía nesta illa e na de Sálvora. Segundo os seus informantes, esta procesión premonitoria de mortes viña sempre desde Noalla ata o Centulo e remataba no cemiterio ou, noutra versión, ía directamente ata o prado da Paduada. Considerando o autor que a procedencia sempre era a mesma, tentou procurar a razón no universo simbólico céltico, por el tan ben coñecido e querido, o que non lle impediu, por rigor científico, rematar dicindo que tal vez esta relación Ons-Noalla “se deba a la circunstancia de que de este lugar procedían muchas de las familias que se trasladaron en diversas épocas a vivir en Ons, y que esta vinculación se deba a una asimilación geográfica al punto de origen del pueblo sin relación ninguna con la hipótesis anterior” (Alonso, 1981: 304). Eu coido que, efectivamente, o percorrido da Santa Compañía está a indicar precisamente isto: a conexión parroquial entre Noalla e Ons.

Celestino Pardellas, que dedicou a esta procesión nocturna tres artigos (*Aunios*, nº 2, 3 e 5), deixou apuntado que “A Compañía vive e vén de Noalla” e, entre os posibles motivos para sinalar esa freguesía, comenta que, cando se fai o poboamento de Ons de 1810, “as últimas familias en incorporarse á chamada da Illa foron precisamente do Salnés” e os agora illáns “Durante máis de 100 anos mantiveron coa parroquia de Noalla relacións comerciais [...], relixiosas [...] e pesqueiras” (Pardellas, 2001: 42). Lembremos que a mediados do século XVIII non había moradores en Ons (Calo, 2005), polo que esta procesión de defuntos ten, necesariamente, que ser aquí unha creación posterior, mais forxada, en dúas ou tres décadas, antes de que pasase a pertencer, administrativamente, a Bueu e, eclesiasticamente, á freguesía de Beluso deste municipio. Na división municipal de 1836, as illas de Ons e Onza quedaron sen adscribir a ningún concello. Ao ano seguinte, o alcalde de Sanxenxo elaborou o padrón dos habitantes de Ons e a Deputación de Pontevedra engadiu as illas a ese concello. En 1842, os colonos solicitaron a segregación de Sanxenxo e a incorporación a Bueu, “pois case todos eran fregueses da parroquia de Beluso”. Isto non prosperou, pero dous anos despois, en 1844, asinando unha petición semellante o Marqués de Valladares, propietario da illa, unha Real Orde adscribe Ons e Onza a Bueu, figurando Ons como parroquia (non para a autoridade eclesiástica, que, aínda hoxe, a segue considerando un anexo de Santa María de Beluso) co nome de San Xoaquín de Ons (Fariña, 1993: 210).

Semella evidente que esta Santa Compañía que vai a Ons desde Noalla non puido ser creación destes xa máis numerosos veciños procedentes de Beluso, senón que debeu de nacer cando os poboadores de Noalla, porque fosen máis numerosos que os procedentes do Barbanza e do Morrazo ou por serenos introdutores na illa da visión da Santa Compañía, conseguiron que, ata hoxe, se siga a falar do itinerario desta procesión de fantasmas desde a zona da Lanzada a Ons. Pescando uns mari-



ñeiros desta illa preto da de Sálvora, viron a Compañía e, rapidamente, velearon cara a Ons, porque “Sabían, polos vellos de antes, que a Compañía que anda por Ribeira non se achega á nosa Illa” (Pardellas, 2001: 42).

En Galicia, o mesmo que acontece no Entre-Douro-e-Minho, non así en Tras-os-Montes ou na Meseta de Castela, a parroquia ten unha enorme importancia. Aínda hoxe, o concello ten un valor identificador moi débil, non forma parte da estrutura social galega, a diferenza do que sucede coa casa, a aldea e a freguesía. En 200 anos, moitos concellos mudaron varias veces a súa composición, perdendo ou anexionando parroquias e, conseguintemente, a súa extensión territorial variou noutras tantas disposicións administrativas. A freguesía en Galicia ten moitos séculos de antigüidade, mais non tantos como se ten dito, cando se defendía que o “Parroquial suevo” (século VI) facía referencia a parroquias. Segundo o médico e grande medievalista Rubén García Álvarez, “parece seguro que hasta la segunda mitad del siglo XI la parroquia propiamente dicha aún no había entrado en la vida rural gallega”, e cita un dos primeiros textos, neste caso de 1093, no que se fai referencia á transformación dunha igrexa rural -a de San Adrián de Vilariño, preto de Cambados- en parroquia (García, 1975: 152). En Entre-Douro-e-Minho, a parroquia “é un fenómeno estruturado nos séculos XII-XIII” (Almeida, 1981: 206). Dende aquela a hoxe tivo moito tempo para chegar a ser parte fundamental da estrutura social.

Temos, xa que logo, que a parroquia, freguesía (de *fili ecclesiae*, os fillos da igrexa –“feligreses” en castelán- que deron lugar á freguesía) ou *sub-sino*, sinónimo igualmente, na documentación, xiran toda a súa vida, desde hai oito séculos, en torno a unha igrexa concreta ou baixo o son dos seus sinos, que serven para unificar e sacralizar o territorio. É moi difícil que un lugar poida oficialmente mudar de freguesía, non sendo que, polo seu emprazamento, non escoite a campá da súa igrexa e si a doutra veciña, estando de feito *sub-sino* da segunda. Esta é a razón de que moitas freguesías teñan un campanario exento, situado nun lugar máis elevado que a igrexa para se facer oír. A miña freguesía (san Vicente de Noal, en Porto do Son) ten a igrexa á beira da praia e un outeiro situado ao seu carón aínda hoxe se chama Monte do Sino, non conservando do posible campanario máis que o topónimo. Por certo, o patrón San Vicente é indicativo dunha grande antigüidade da parroquia, xa que este santo foi dos primeiros que tiveron ese rango. Ignoro a antigüidade das dúas freguesías do Grove, mais se tivese que aventurarme diría que a de san Vicente é anterior á de san Martiño; a maiores é unha freguesía de labregos, sendo a outra de mariñeiros, dedicación laboral posterior, como teño estudado noutros traballos.

Os lugares nos que o home rural fundamentaba a súa existencia eran a casa, o lugar ou aldea e a freguesía, por ese orde; e nesta última cómpre resaltar a Igrexa e o cemiterio. Dicía Lisón que iso é así en vida, pero, na morte, a freguesía é a que define e identifica e, referíndose á Santa Compañía, di que “Su santo y seña, su lábaro es la parroquialidad que engloba a todos por igual“ ou ben “La andariega compañía despliega una intensa sensibilidad geográfica; su anclaje es y está en la parroquia, en su horizonte ecológico y en su espacio sociocultural (Lisón, 1998: 217 e 210). Un galego nace no seo dunha parroquia e remata enterrándose nela. Nunha enquisa que se fixo no Ateneo de Madrid nos inicios do século XX, lemos que nos enterros en Vilameá (entre as varias entidades con este topónimo, o autor da introdución inclínase por San Vicente de Vilameá, municipio da Pontenova) a caixa vai precedida do estandarte e da cruz parroquial, e a comitiva segue un determinado camiño, des-



Igrexa de San Vicente de Noal.
Porto do Son

cansando e rezando responsos en lugares sinalados con cruces. Tamén nas respostas de Noia lemos que “Nas zonas rurais hai de ordinario os camiños chamados parroquiais, polos que deben ser conducidos os cadáveres” e neles hai cruces onde se rezan e cantan responsos (González et alii, 1990: 13 e 191-195). En Entre-Douro-e-Minho, estes camiños son chamados “caminhos da missa”. Barandiarán, falando do País Vasco, contounos que “La estrecha relación de la casa con la iglesia y el cementerio parroquial, en un mismo sentido místico, es confirmada por el carácter sagrado del camino que les une” e, despois de contar o desagradable sucedido nun enterro, explica: “Es que el paso del cadáver por una propiedad privada crea servidumbre según es uso y costumbre” (Barandiarán, 1985: 63-64 e nota 10). Escribín isto nun meu libro sobre os celtas e engadín que no Porto do Son e, polo que sei, en todos os lugares e vilas de Galicia “de cada casa hai tamén un camiño e unhas paradas fixas para os responsos que os que encabezan a comitiva fúnebre non ousaban atallar, por moito que chovese ou ventase”. E concluía eu con algo esencial para redondear a idea que estou a defender neste artigo, que “os mortos dunha freguesía tiñan que ter un camiño inmediato entre a casa e o cemiterio, sen pasaren por ningunha outra parroquia. Porque despois, cando o morto ande polas noites, penando na Santa Compañía, tampouco ousará traspasar os lindeiros e entrar na veciña. Estamos a ver aquí un reforzamento, unha enorme carga diacrítica de afirmación parroquial” (Calo, 2010: 297).

A vida e a morte de todos e cada un dos fregueses tiña como marco a parroquia, da que se chegou a escribir que aínda hoxe é, nos medios tradicionais, “uma comunidade de vivos e de mortos sob a égide de um campanário” (Almeida, 1986: 115). Era tanta a súa importancia nas sociedades rurais que precisaba estar sacralizada toda ela por medio de cruceiros, petos de ánimas ou capelas situadas nos seus lindeiros e nos cumios dominantes, signos cruciformes en petróglifos e lugares onde habitan ou onde se manifestan mouras e outros seres perigosos ou maléficos, etc. Amais era preciso que fose reafirmada continuamente con procesións “em redor da freguesia -os cercos com clamores- vedando-a, magicamente, à entrada de seres causadores de males e expulsando-os para além dos límites da paróquia” (Ibidem, 118). Entre as moitas e variadas manifestacións do entroido en Galicia contamos coa mascarada dos “Xenerais do Ulla”. Interésame citar a de San Simón de Ons de Cacheiras por dúas razóns: a primeira, porque se trata tamén dunha reafirmación parroquial, xa que a comitiva per-



Mascarada de San Simón de Ons de Cacheiras percorrendo a parroquia

corre todos os lugares da parroquia e, antigamente, ía casa por casa; e segundo, porque nunca sae dos límites parroquiais, agás a visita a dúas aldeas de Calo: Vilar e Solláns. Danse varias razóns para iso, pero, como apuntan os estudosos deste entroido, González e Mariño, “Conviene tener en cuenta que la parroquia de Calo tiene varios vecinos nacidos en Cacheiras...”. Ons tiña veciños nacidos en Noalla.

A Santa Compañía entra dentro desta categoría de reafirmación parroquial. Os mortos teñen os mesmos comportamentos que os vivos e nunca saen dos lindes parroquiais. Lembremos cando un defunto tiña que pagar unha taxa se atravesaba distintos concellos. Contoume don Xosé Filgueira que, cando se facía a autoestrada, uns veciños de Cobres foron a el queixándose de que, coa súa construción, algunha aldea se vía obrigada a levar os seus mortos ao cemiterio atravesando a parroquia veciña. Sendo don Xosé home sabido e sensible fixo en Madrid xestións para que isto non acontecese, conseguindo desviar o trazado. Un morto non pode cruzar por outra freguesía e o mesmo acontecerá despois, cando forme parte da Santa Compañía. Esta é para min a razón única de que a Compañía que vai ata Ons proceda sempre de Noalla e que a de Ribeira, como dicían “os vellos de antes”, nunca se achegase alí.



Cruceiro de Monte Faro (Noalla) de onde din os seus veciños que parte a Santa Compañía cara a Ons, pasando primeiro pola ermida da Lanzada. Foto 2021

BIBLIOGRAFÍA.

- ALMEIDA, Carlos Alberto Ferreira de (1981): “Territorio parroquial no Entre-Douro-e-Minho. Sua sacralización”. *Nova Renascença*, Porto, pp. 202-212.
- ID. (1986): “A paróquia e o seu territorio”. *Cadernos do Noroeste. Sociedade, Espaço, Cultura. Minho, terras e gente*. Ciências Sociais. Universidade do Minho, Braga.
- ALONSO ROMERO, Fernando (1981): “Los orígenes del mito de la Santa Compañía de las islas de Ons y Sálvora”. *Cuadernos de Estudios Gallegos*. Consejo Superior de Investigaciones Científicas. Instituto Padre Sarmiento, Tomo XXXII (96-97), Santiago de Compostela, pp. 285-306.
- BARANDIARÁN, José Miguel de (1985): *Mitología Vasca*. Editorial Txertoa, San Sebastián.
- CALO LOURIDO, Francisco (2005): “Ons, Onza, Louxo e San Xulián de Arousa no Catastro”. *Aunios*, nº 10. Asociación Cultural-Gastronómica Pineiróns, O Grove, pp. 79-84.
- ID. (2010): *Os celtas. Unha (re)visión dende Galicia*. Edicións Xerais de Galicia, Vigo.
- FARIÑA JAMARDO, Xosé (1993): *Os Concellos Galegos (Parte Especial). Tomo 2 (Begonte-Carnota)*. Fundación Pedro Barrié de la Maza, A Coruña.
- GARCÍA ÁLVAREZ, Manuel-Rubén (1975): *Galicia y los gallegos en la Alta Edad Media. Demografía 1*. Editorial Pico Sacro, Santiago de Compostela.
- GONZÁLEZ REBOREDO, Xosé Manuel et alii (1990): *Nacemento, Casamento e morte en Galicia. Respostas á enquisa do ateneo de Madrid (1901-1902)*. Consello da Cultura Galega, Santiago.
- GONZÁLEZ REBOREDO, Xosé M. e MARIÑO FERRO, Xosé R. (1987): *Entroido en Galicia*. Excma Deputación Provincial de A Coruña, A Coruña.
- LISÓN TOLOSANA, Carmelo (1998): *La Santa Compañía. Fantasías reales. Realidades fantásticas (Antropología cultural de Galicia, IV)*. Ediciones Akal S. A., Madrid.
- PARDELLAS DEBLAS, Celestino (2001): “Mitoloxía: o mito da Santa Compañía en Ons (II). «O seu hábitat»”. *Aunios*, nº 3. Asociación Cultural-Gastronómica Pineiróns, O Grove, pp. 41-43.

A desfeita do patrimonio do Grove, a casa dos Escuredo

Por: Antón Mascato

O patrimonio construído do Grove é unha desfeita constante, imparabile, programada e ilegal. No Inventario do Patrimonio Etnográfico, na parte correspondente aos “pazos, vivendas singulares, construcións marítimas e etnografía“ hai catalogados arredor de catrocentos elementos dos que hoxe non quedan nin corenta. Castros, torres, pazos, vivendas singulares, fábricas de salga e outras construcións industriais para usos derivados da pesca e o traballo no mar, piornos, embarcadoiros, carpintarías de ribeira, portos, rampas, faros, pombais, cruceiros, lavadoiros, muíños, canles, telleiras... todo arrasado!


Un exemplo diso é a que coñecemos como a casa da familia Escuredo, e que antes foi tamén a propiedade da familia Lores Fernández, unha unidade de territorio e vivenda mercada polo conserveiro Eugenio Escuredo Lastra aos irmáns Mestre Hernández, Luís Antonio e Luísa respectivamente. Esa compra faise arredor do ano 1940, e véndelle a Francisco Lores Fernández, tamén conserveiro, comerciante e transportista arredor do corenta por cento da propiedade territorial, na que había dúas vivendas adosadas, unha de cada irmán Mestre.

Na súa parte, Francisco Lores constrúe unha nova edificación, de gusto neocolonial, feita a semellanza dunha torre con “piricotos”, unha vez derrubada a capela adicada á virxe da Caridade do Cobre, advocación cubana á que era devoto o pai dos Mestre, Luís Mestre Roig, de orixe catalá enriquecido no espolio colonial de Cuba.

Na vivenda da familia Lores, viven os irmáns Lueiro Lores entre 1942 ata a década de 1990, no que cos fillos xa fóra da casa e residindo todos noutras cidades, Maruja e Manolo, os seus pais deciden vender a propiedade que se lles fai demasiado grande e custosa de manter, procurando antes de facelo que fose o concello quen adquirise ese voluminoso inmovible. Non foi posible xa que estando na alcaldía Alfredo Bea Gondar, inimigo político do irmán de Maruja, Pepe Lores, antigo alcalde, o concello non tivo interese ningún en adquirila, polo que acaba en mans dunha promotora que procede a derrubar, pola brava, sen coñecemento da familia coa que comparten o condominio (os Escuredo), a metade da casa, e facela desaparecer; derrubar por completo a casa dos Lueiro Lores, achaiar o terreo e xuntarlle unha mole que



Casa da familia Escuredo, as agresións



Parte amputada da torre dos Mestre Hernández, sobre a que hai hoxe unha edificación

Ile provocou inundacións de chuvia na parte medianeira durante anos de deterioro; dinamitalle o subsolo da propiedade para faceren entradas de garaxes que ocasionaron danos estruturais gravísimos; non retransquear, como obrigaba a lei nos casos de obra nova, por ningunha das tres caras da mole, nin pola parte da casa agredida; facer voados ilegais sobre o espazo público, exceder en moito o volume de edificabilidade legal, e darlle á obra bastantes máis das dúas alturas que permitía a normativa urbanística da época... Os padecementos, a constante pelexa na defensa dos seus dereitos de Margarita Escuredo, bateu sempre co desinterese, o silencio administrativo ás súas demandas e a insolvencia xurídica que batía coa catalogación de BIC, “aí non se pode tocar, é un bic” repetíanlle constantemente, acontecendo todo iso coa pasiva actitude das testemuñas directas, a inmensa maioría da veciñanza do Grove que non fixemos nada por deter aquela aberración de obra especulativa e ilegal, cunhas autoridades que se limitaban ao criterio habitual de “ti vai facendo... que mentres non haxa denuncias, eu non me meto contigo”.

Corrían tempos de lavativas do carto sucio, e nada mellor que o “ladrillo” para facer milagres na economía, tempos intermedios entre o negocio do “rubio de batea” e o que fermentaba amasando “fariña”.

Foi entón cando se inicia o expediente para declarar a casa da familia Escuredo como BIC, ben de interese cultural, do único xeito posible na época, aproveitar que a ambas casas lles chamaron A Torre dos Mestre, e logo A Torre de Escuredo e A Torre de Lores, sen que ningunha delas teña tal carácter. Unha proposta dun técnico municipal de urbanismo que, na miña opinión, decide protexer a vivenda do seu sogro, enfronte da casa dos Mestre, iniciando un expediente no que se outorga a esta propiedade a cualificación de BIC alegando que se trata dunha Torre defensiva, militar. En realidade procurábase que diante da súa vivenda e negocio, a botica de Alfonso Solá, non se edificase outra mole como a que se viña de facer na casa dos Lores. E así estivemos anos, cunha catalogación de BIC, que non tiveron nin o Adro Vello, nin a Punta do Castriño, Cantodorxo ou o cumio da Siradella, lugares con importantes xacementos castrexos, inmerecida, sostida nun expediente interesado e pouco serio, que a administración de cultura do Estado nunca se preocupou de avaliar.

Foi coa entrada en vixencia, no ano 2016, da actual Lei de Patrimonio cultural de Galicia, que as cousas volveron á súa xusta medida, retirándoselle a consideración de BIC a unha antiga vivenda, xa en estado de ruína, e man-



No centro, o comezo da obra do cruce quen arrasou a casa dos Escuredo e dos Lores



Casa amputada con obra embutida nela

tendo por parte dalgúns a interesada idea de que nese lugar hai unha torre, e que por tanto debe manterse a catalogación. Un despropósito que ao meu xeito de ver, é disparatado. No Grove houbo dúas Torres defensivas ou militares, unha en Balea, outra no alto da Vilavella, onde tamén estivo o noso burgo medieval e o primeiro concello constitucional. Así o recoñece a toponimia, e a cartografía do Estado editada entre os anos de 1880 e 1940.

Mentres redactamos este traballo, hai en curso unha alegación do concello do Grove, elaborada por un funcionario que procura convencer aos técnicos da Consellaría de Cultura, formados en Patrimonio construído, arquitectos, historiadores, xestores do territorio e do patrimonio mobiliario, de que nesa propiedade “hai, ou houbo unha torre”, o que entendemos non se sostén, e así o dicimos no informe de contra alegación que nos foi solicitado pola actual familia propietaria. En todo caso, técnicos cualificados, independentes e solventes resolverán o que mellor entendan.

Os defensores de manter e recuperar esa vivenda, en estado de ruína non porque a familia propietaria a deixara de man, senón polas insufribles agresións provocadas nos lindes norte (unha mole horrorosa que acumula irregularidades) e polo oeste (un ilegal edificio en esqueleto que ninguén devolve ao seu estadio anterior). Pouco importa que as paredes exteriores da casa sexan de ladrillo, con só os marcos de portas e xanelas de granito visto, logo recibadas con masa de area e cemento; nin que sexan realmente os restos do que foi unha casa grande labrega devorada pola obra anexa, ou que o subsolo dese lugar sexan laxes, nos que non hai restos de fortalezas, castelos nin torres, e que actualmente só se manteña (ranqueante) unha vivenda modernista, da chamada “arquitectura indiana de tipoloxía colonial” que importaron de Cuba a Galicia e Asturias os emigrantes retornados, enriquecidos co colonialismo e a escravitude, o que nada ten de honorable, e que na metade do século XIX, xa estaban en crise polo seu modelo de espoliación e abuso sistemático.

Esa é a burguesía que tivemos, a que tomaba infusións no salón árabe desa casa, unha rareza que por sisó, disque, ten méritos para recibir a consideración de BIC... non importa que sexa de escaiola e molduras de xiz, pintado con acrílico, trátase dunha ostentación “kitsch”, feita a imitación dun estilo artístico alleo á cultura occidental, a xeito de ornamentación pretensiosa, unha ocorrencia decorativa fóra de tempo e lugar. Nada, nada, só por iso xa merece o BIC, asegura algún despistado.

Borramos do mapa, do relato e das imaxes que fabricamos, as agresións brutais que padece esa casa polo norte, polo oeste e polo leste, e esiximos que nola poñan bonita para seguir entrando nela a facer fotos para modelos, levar cousas que seica están abandonadas, facermos “happenings” artísticos, obras teatrais, documentais, concertos, fotocopias en branco e negro que xa coloreamos nós para pegar con celo nos cristais, que somos moi guais... e todo sen permiso, porque “é nosa“, claro que si.



Esqueleto ilegal posterior e aberración de beirarrúa.

POESÍAS

Por: José Taboada García



AMORIOS

Vístese de azul
o mar calmo.

Pinta de branco
a neve as montañas

Enverdece a herba
enverdecen os campos

Pon a primavera
flores onde quere

Brillan os teus ollos
as luces da alba

Brillan e brillan
espellos da alma

Pois claro que te quero!
on amor de neno
que é amor verdadeiro

Amor de mozo
vaise co vento

Vou a contarche
un conto

Moza de fermosa cara
un conto sen fin
para que sexa
conto para sempre.



O TEMPO

O mar un cantar
o vento un pensamento

As estrelas os ollos do
ceo
a neve o branco da terra

Xira a terra, xira e xira
sen que ninguén o note

Vento do sur
terra mollada
vento do norte
espeluxa a cara

Amores traen desamores
as maldades rancores

Home namorado
home aparvado
muller ruín
lonxe de min

Dormen os nenos
con cantos de fadas

Voan as andoriñas
acaban de chegar

Rosas nos campos
o canto dos paxaros
días máis longos
días máis claros

Como se nota
que estamos no maio

O canto do cuco
o canto da rula
alá no piñeiral
é tempo
de sementar.



A SOLAINA. Rúa Peralto B, 8 • T. **986 73 34 04** • 36980 O GROVE (Pontevedra)
SOLAINA. Avd. Beiramar (zona del puerto) • T. **986 73 29 69** • 36980 O GROVE (Pontevedra)

RESTAURANTE CAFÉ BAR
A Nova Ponte
TAPAS E COMIDA CASEIRA
 Praia de Major, 94 / 36960
 Noalla-Sanxenxo
 986 744 165

Raxeira
 restaurante

*Amplia comedor con
 incomparables vistas sobre
 La Lanzada, ideal para
 comidas familiares y de empresa*

Pescados y mariscos de la Ría

Carretera de
 La Lanzada, 10
 986 742 023
 986 744 436
 Sanxenxo
 Pontevedra

Raxeira

Raxeira
 Vivienda vacacional

- Habitaciones con baño y TV.
- Zona ajardinada
- Aparcamiento privado
- A 200 m. De la playa

Carretera de
 La Lanzada, 25
 986 742 023
 607 22 3605
 Sanxenxo
 Pontevedra




Jaime Solá, 10
O GROVE
Telfs.: 615 40 54 38 - 986 73 02 55
David González Miguez



Rúa Oscura, 13
Tel. 986 73 39 73
36980 O GROVE



Rúa Platería, 63
O GROVE Pontevedra
Telf. 986 73 02 24
www.casaabel.com



Restaurante "O PESCADOR"
Travesía da Marina, 5 / 36970
PORTONOVO – Sanxenxo- Pontevedra
644168095



ACAMPADA DE MELIDE “OS MEUS INICIOS EN CAMAWEY”

Por: Álvaro Díaz Vidal

«Varu Camaweí»

O coordinador de AUNIOS, o amigo Tinón, pedíume unha pequena colaboración sobre a acampada de Melide, pois neste número querían tocar o tema das acampadas e campamentos en Ons.

Envíelle o capítulo 4º de «Camaweí» “A Lenda“, como primicia, xa que está en proceso de elaboración. Tempo levo traballando niso e tempo lle falta para concluílo..., despois de varios intentos, non poido escribilo nin cando quero nin en calquera lugar.

Camaweí, a súas sensacións e as súas xentes, seguen estando vivos no meu ser e é moito máis potente do que ninguén poda entender, só os que alí estivemos, podemos comprender o que foi, o resto son contos.

Este capítulo narra a miña primeira noite naquel lugar, ao que acudín só con 16 anos e 1000 pesetas no meu peto. Alí vivín unha semana, máis feliz que o máis rico do planeta,..., ata que a policía, sete días máis tarde, mandou buscarme pola insistente preocupación duns pais que non sabían do seu fillo.

Grandullón fixo a súa aparición...

— Meu, vés durmir con nós?

— Pero... pero...

— Pero nada, vés durmir con nós.

— A onde?

— ACamaweí

— A onde?

— A Camaweí. É cerca a un par de quilómetros, por detrás da igrexa, alí durmimos todos nós.

— Pero que dis? Neste balanceado estado?... Dous quilómetros? Por detrás dunha igrexa? ... A onde me queren levar? Realmente non sei quen sodes... Será seguro? Setenta preguntas máis tiña, pero non me deu tempo a formularlas...

Grandullón indicou – Colle por aí, coño!!!

Nun segundo atopeime encadeado por un lateral a unha caixa de elixir de *Estrellas* seguindo o brazo de *Grandullón* que, á caixa e a min, arrastrábanos cara á escuridade.

Saíndo do bar dirección sur, entre a penumbra que as pequenas lámpadas que a taberna xeraba e a non máis de cincuenta metros, unha grande árbore, que dende a esquerda do camiño proxectaba a súa sombra luar por riba de nós, puiden observar á dereita un rústico cruceiro de pedra que precedía a unha encrucillada, o cal estaba pegado ao contorno dunha igrexa coroada por unha alta torre central coa a súa campá que no estrelado ceo se internaba.

Xa no cruce de camiños norte, sur, leste e oeste, xiramos por detrás daquela igrexa pasando a rumbo norte, cara ao escuro dun descoñecido sendeiro para min. Desprovistos de calquera luminaria, fomos deixando atrás o pobo. A escuridade fíxose máis intensa nun intre, todo era negro, negro, negro,..., de cando en vez aquela estraña situación facíame virar a cabeza, tentando que ninguén se dese conta, visualizando cada vez máis lonxe aquelas luces da taberna do pobo, esfumándose na noite que estaba deixando xa moi atrás.

O resto do grupo seguía tranquilamente camiñando na escuridade. Xa nin sombra, nin contornos podía diferenciar, tan só o son das súas voces e risas eran a miña guía.

Seguín camiñando detrás daquela caixa de cervexas á que estaba amarrado, tirada por *Grandullón*, intentando non saírme daquel imaxinario camiño, levantando os pés coma un pato para evitar os tropezoños coque parecían algunhas pedras soltas. Despois dun par de simulacros de caída e coa responsabilidade do tesouro que me encomendaran, atrevínme a dicir:



Varu cando decidiu ir a coñecer a Illa de Ons

— Non vexo nada!!

Grandullón, por fin, parou un instante e díxome:

— Tranquilo, ti sígueme a min, camiña, pecha os ollos por uns segundos e todo o verás mellor.

Camiñei cos meus ollos pechados preto de trinta segundos e, ao abrilos, as miñas felinas pupilas, máxicamente fixéranse coa noite e o tenue brillo daquela lúa, deixándome divisar o contorno daquel sendeiro, as pedras, a maleza que o perfilaba e aos meus novos amigos dos mares que por diante camiñaban.

Despois de subir unha pronunciada rampla daquel sendeiro onde todos nos deixaron atrás polo porte que nos acompañaba, cun dos meus brazos adurmiñado, *Grandullón*, berrou:

- Irmáns, unha paradña!!!

Así, todos nos agrupamos novamente nun lateral do sendeiro e procedemos á lóxica hidratación que aqueles seres merecíamos... Quince minutos despois de charlas e risas, continuamos a nosa ruta.

Aqueles dous supostos quilómetros, fixéronseme eternos. As dúbidas regresaron pica que pica ao meu cerebro. A natural desconfianza asaltábame, pero a escuridade do momento e a miña total alerta, empurrábanme a seguir.

Cando chegamos? Estamos preto? - preguntei:

— Tranquilo. – Respondeu *Grandullón*.

En dúas ocasións, repetiuse a mesma pregunta e, cando o valor estaba a piques de abandonarme e a punto de regresar sobre os meus pasos..., un profundo e afastado berro na noite, sorprendeume.

— Camaaaweeyyyyy!!!!

Cinco segundos despois, aquel profundo e penetrante berro, repetiuse chegando de diferentes lugares con diferentes tons. Por sete veces puiden escoitar aquela indómata palabra ata que os mozos comezaron a repetila coma un saúdo da máis ancestral tribo do universo, acabando en *Grandullón*:

— Camaaaweeyyyyy!!!

— Que é iso de Camawey? – Intereseime.

— É o noso fogar meu, uns metros máis adiante. Seguimos camiñando.

Que coño é iso de Camawey? Pensaba. Quen responde a ese xemido? A onde me levan estes individuos?

Con todas aquelas preguntas, o corazón na boca e o meu brazo durmido polo peso daquela condenada caixa, coa noite ao meu redor no medio dun grupo de descoñecidos e a uns cen metros da miña posición, un gran bosque de altas árbores con infinidade de reflexos e máxicas sombras producidas unicamente pola luz do lume e a suave danza do fume, presentábanse ante min. Camiñando asombrado, continuei sen acordarme para nada da tensión que aquel camiño me producira, da dor do meu brazo, do medo ao descoñecido..., internámonos naquel bosque.

Once foron as fogueiras que puiden contabilizar en diferentes posicións daquel irreal lugar ata que deixei de contar..., por todos lados: arriba, abaixo, ao fondo, próximas, afastadas,... e, en cada unha daquelas fogueiras, pequenos grupos de persoas sentábanse en bancos de troncos, rodeados polas súas tendas de campaña. Algún solitario, algunha parella namorada, máis vultos ao fondo, cun inesquecible olor



Principios dos 80. Cabanas na duna de Melide



Camawey a principios dos 90

a leñas queimadas e café acabado de facer. Suaves sons de guitarra e fruta acariñaban cada folla daquel entorno para penetrar finalmente por todos os poros da miña pel. Non podía crer o que estaba vendo, sentindo, ulindo,...

Parei por un intre no alto facendo parar a *Grandullón* cos meus pés chantados na terra..., só quería gravar, no máis profundo do meu ser, aquel segundo para sempre..., como así foi.

— Benvido a Camawey, Varu!!! – Cun sorriso, *Grandullón*, recibíume.

— Sígueme

Sentámonos nunha daquelas fogueiras onde os rapaces acolléronnos coma Deuses pola mercadoría portada.

Naquel inhóspito lugar dunha illa do mar, sentíame nun tronco. O lume quentaba os nosos corpos e a súa luz proporcionábame a visión de ..., dos rostros e dominios do meu novo fogar.

Bonitas rapazas, precioso entorno, vaia tribo!..., rica cervexa,..., única harmonía.

Pasou o resto da noite ata acabar a poción. Algúns dos mozos desaparecían na penumbra cun apreciable balance, algunha parella abrazada e en murmurios facían o mesmo. O son das cremalleiras interrompía aquela calma. As sombras chinesas acudían ás teas facendo sospeitar o evidente... Nada máis se podía pedir, o só feito de estar alí, era un Privilexio. Camawey, escollérame e eu tiña que respectar, intentar comprender e aprender.

Grandullón, unha vez máis, co seu carácter protector cara a min, volveu a preocuparse:

— Varu... Ves esa tenda azul? Aí vas durmir, é dun colega que non está, vai dentro e mira se ten algo para abrigarte.

Levanteime a duras penas, achegueime a aquela tenda azul, abrín a cremalleira e co resplandor da fogueira, puiden apreciar que estaba totalmente baleira e así llo fixen saber a *Grandullón*, que automaticamente achegouse á tenda máis próxima, onde unha parelliña xoguetaba, dicíndolles:

— O Varu non ten saco, sóbravos algo?

Responderon sen pensar cun saco e unha estupenda manta de trazos hippies. *Grandullón* achegoume aqueles equipamentos, dicindo por último:

— Boas noites Varu, mañá máissss.

— Boas noites, grazas por todo Meu. – Concluí.

Os ollos pecháronse mecidos polas sombras e transparencias dos fogos. Esa noite os soños non superaron a realidade. A miña vida cambiara para sempre.



En Camawey acolléronnos coma Deuses



Chiringuito na praia de Melide. Camawey 1990

CONSERVACIÓN DAS AVES DO COMPLEXO ONS-O GROVE: PROBLEMÁTICA E POSIBLES SOLUCIÓNS

Por: Cosme Damián Romay Cousido e Emilio Martínez Sabarís

Introdución

En 2009 publicouse en *Aunios* unha revisión do estado de conservación das aves do Complexo Ons-O Grove¹ seguido, anos despois, doutro artigo sobre os problemas xerais de conservación da natureza neste espazo². A presente entrega pretende unificar e actualizar os contidos destes dous artigos para así abordar os problemas de conservación das aves do Complexo, suxerindo ademais posibles solucións a esas eivas. A recente actualización do *Libro Rojo de las Aves de España*³ ademais da *Lista Vermella da IUCN*⁴ e os catálogos español⁵ e galego⁶ de especies ameazadas, serven de base de traballo.

Zona de estudo

Considérase como área de estudo o rectángulo que toca os puntos extremos norte, sur, leste e oeste da Zona de Especial Protección dos Valores Naturais do Complexo Ons-O Grove, abarcando así unha área de algo máis de 30000 ha (Figura 1). O Complexo Ons-O Grove *sensu stricto* ten unha extensión de 7607 ha e abrangue numerosas figuras de protección^{1,2}. Mesmo se solapa en Ons e Onza co Parque Nacional Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia.

Especies de aves con maiores problemas de conservación no Complexo

Selecciónanse 50 especies de aves con estado de conservación desfavorable dentro do Complexo Ons-O Grove, ordenándoas subxectivamente dende as situacións *máis críticas* ata as *menos críticas*. Empréganse os nomes en galego e científicos que aparecen na última versión da lista das aves de España⁷, e úsanse, de ser o caso, os termos **CR** para *En perigo crítico de extinción*, **EN** para *En perigo de extinción* e **VU** para *Vulnerable*, sinalando o ámbito de aplicación e a referencia bibliográfica correspondente cun superíndice:

1. **Cotovía cristada** *Galerida cristata*, ave residente extinta na zona, agora incluso ausente como divagante. Figura 2.
2. **Tartaraña cincenta** *Circus pygargus*, estival e/ou migrador extinto na zona, sen citas recentes. **VU** (España^{3,5}, Galicia⁶).
3. **Picanzo real** *Lanius meridionalis*, invernante desaparecido na zona, sen citas recentes. **VU** (mundo⁴, España³).
4. **Folosa grande** *Acrocephalus arundinaceus*, especie estival probablemente extinta na área de estudo, sen citas recentes.
5. **Choia de bico vermello** *Pyrhacorax pyrrhacorax*, extinta como reprodutora en Ons dende hai unha década, e sen datos da súa presenza como divagante na zona de estudo cando menos no último lustro.
6. **Ouriolo europeo** *Oriolus oriolus*, especie estival rara xa na zona de estudo, con só unha cita recente (Ons, xuño de 2021⁸).
7. **Pardal das rochas** *Petronia petronia*, ave residente extinta na zona como reprodutora, agora divagante en inverno, con dúas únicas citas recentes na Lanzada e no Recón (Sanxenxo).
8. **Escribidor das canaveiras** *Emberiza schoeniclus*, a ameazadísima subespecie iberoccidental *E. s. lusitanica* está extinta dende hai un lustro no Complexo Ons-O Grove. Hai un Plan de Recuperación activo en Galicia dende maio de 2013. **CR** (España³), **EN** (España⁵, Galicia⁶). A subespecie nominal *E. s. schoeniclus* é invernante regular en en varias zonas da área de estudo, notándose un descenso nos últimos anos.
9. **Perdiz rubia** *Alectoris rufa*, extinta hai décadas como reprodutora salvaxe na zona; todas as citas recentes da




FIGURA 1. Situación en Galicia do espazo natural *Complexo Ons-O Grove* (sombreado cincento). A área de estudo considerada neste artigo é a abranguida polo recadro negro grosso, e toca os puntos extremos (norte, sur, leste e oeste) deste espazo natural.



FIGURA 2. Cotovía cristada (*Galerida cristata*) no extremo sur da praia da Lanzada (O Grove), febreiro de 1998. Ave extinta na zona de estudo desde a primeira década do século XXI. © CDRC.

- especie corresponden a individuos liberados por cazadores. VU (España³).
10. **Pardal orellero** *Passer montanus*, residente escaso na zona, ten experimentado un declive forte en efectivos e na área ocupada, ata criar só en puntos dispersos na área de estudo.
 11. **Cuco común** *Cuculus canorus*, apenas machos cantores aillados cada ano na zona de estudo, e sen evidencias recentes de cría. Sen información recente de migrantes posnupciais. Declive importante.
 12. **Arao dos cons** *Uria aalge*, extinto hai décadas como reprodutor na zona (Ons, se ben hai pouca información concreta), e cada vez máis escasa en inverno (aves do norte de Europa). CR (España³), EN (España⁵, Galicia⁶).
 13. **Bilurico común** *Tringa totanus*, invernante nos intermareais do Complexo, cun declive importante recente (dun máximo de 1100 invernantes a comezos deste século ata menos de 400 actuais).
 14. **Pato chupón europeo** *Aythya ferina*, invernante frecuente hai unhas décadas, resulta a día de hoxe raro na zona. VU (mundo⁴).
 15. **Anduriña das barreiras** *Riparia riparia*, estival e migrador na zona ata que deixou de criar (facíao puntualmente). Mesmo deixou de aparecer regularmente antes da tempada de cría nas barreiras do concello de Sanxenxo, cando era antes regular.
 16. **Andoriña de cu branco** *Delichon urbicum*, pequena colonia aínda en Portonovo e irregularmente en Sanxenxo e O Grove, cun declive moi importante nos últimos 30 anos.
 17. **Gralla pequena** *Corvus monedula*, únicos puntos de cría coñecidos na metade sur da illa de Ons, en declive nas últimas décadas. Desapareceron as bandadas invernantes en Sanxenxo. EN (España³).
 18. **Anduriña común** *Hirundo rustica*, ave estival aínda común na zona pero que ten experimentado un declive acusado nas últimas décadas. VU (España³). Figura 3.
 19. **Galo de auga común** *Fulica atra*, nidificante regular na lagoa da Bodeira, barreiras de Rouxique e Fianteira, e esporádica no istmo do Vao e no Recón. Cunha leve recuperación tras anos de descenso de reprodutores continuado. Este declive fixo que algún ano non se confirmara a súa reprodución no espazo.
 20. **Moucho de orellas europeo** *Otus scops*, especie estival cada vez menos frecuente na zona, cun declive moderado rexistrado nos últimos anos. VU (España³).
 21. **Bubela común** *Upupa epops*, parellas ailladas na área de estudo, cun declive moderado nos últimos anos.
 22. **Corvo mariño cristado** *Phalacrocorax aristotelis*, residente aínda común na zona, con importantes continxentes reprodutores na illa de Ons, se ben cun declive moderado nas últimas dúas décadas. Tamén en punta Faxilda (Sanxenxo) e ata hai uns anos en Pombeiriño (O Grove). VU (España^{3,5}, Galicia⁶).
 23. **Paspallás común** *Coturnix coturnix*, machos cantores cada vez máis raros no Complexo, e invernada irregular nas dúas últimas décadas. EN (España³).
 24. **Falcón pequeno** *Falco subbuteo*, especie estival antano común, pero cun declive acusado nos últimos anos na zona de estudo. EN (España³).
 25. **Laverca común** *Alauda arvensis*, residente con aporte de invernantes no Complexo, tense rexistado unha diminución nos efectivos reprodutores nas últimas décadas. VU (España, reprodutores³).
 26. **Fuselo de rabo negro** *Limosa limosa*, especie invernante aínda común; declive importante rexistrado nos últimos anos: de 800 invernantes hai unha década a uns 400 actualmente. VU (España, invernantes³).
 27. **Mergo cristado** *Mergus serrator*, invernante cada vez máis escaso e mesmo irregular na zona, cun declive moderado.
 28. **Pilro grosa** *Calidris canutus*, especie invernante regular, pero cun declive acusado dende os anos 60.
 29. **Gaivota de patas amarelas** *Larus michahellis*, residente moi común na zona, experimentou un



FIGURA 3. Anduriña común (*Hirundo rustica*) en Rouxique (Sanxenxo), xuño de 2017. Especie en claro declive na zona de estudo e tamén a nivel español, sendo considerada *Vulnerable* no último *Libro Rojo*. © CDRC.



FIGURA 4. Gaivota de patas amarelas (*Larus michahellis*) en Confin (O Grove), marzo de 2006. Especie aínda frecuente na nosa terra pero que ten experimentado un declive moderado en anos recentes. © CDRC.

retroceso notable nos seus efectivos reprodutores na illa de Ons e tamén noutros puntos de Galicia. Figura 4.

30. **Pato cristado** *Aythya fuligula*, invernante antano común na maioría das masas de auga doce da zona de estudo, é agora particularmente escaso. EN (España, invernantes³).
31. **Furabuchos balear** *Puffinus mauretanicus*, presente na contorna marítima da zona de estudo, ten experimentado un declive notable nas últimas décadas. CR (mundo⁴, España³), EN (España³, Galicia⁶).
32. **Rula común** *Streptopelia turtur*, especie estival, a cal ten experimentado unha diminución notable nas últimas décadas. VU (mundo⁴, España³).
33. **Pillara das dunas** *Charadrius alexandrinus*, residente nalgúnhas praias da zona de estudo, sendo moi sensible á masificación dos areas en xeral e ás molestias por parte de cans soltos en particular. Existe un Plan de Conservación activo dende hai unha década, se ben moitos dos éxitos na preservación da especie veñen propiciados polas accións de voluntariado. VU (España^{3,5}, Galicia⁶).
34. **Folosa acuática** *Acrocephalus paludicola*, especie migradora moi escasa na pasaxe posnupcial, en declive, ligada a áreas palustres. EN (España³), VU (mundo⁴).
35. **Cirrio común** *Apus apus*, especie estival aínda común, pero en declive dende comezos deste século. VU (España³).
36. **Picapeixe común** *Alcedo atthis*, especie residente na zona, frecuente fóra da época de cría pero en declive dende hai anos; reprodutora puntual só na Fianteira (Sanxenxo) e, ata a destrución dunha das lagoas, tamén en Rouxique. EN (España, reproductoras³).
37. **Papuxa común** *Sylvia communis*, especie migrante e estival escasa. É común en outono pero é cada vez máis rara en primavera; non hai datos de cría recentes.
38. **Papuxa do mato** *Sylvia undata*, especie residente aínda común localmente, pero cun declive xeral apreciable rexistrado nos últimos anos. EN (España³).
39. **Liñaceiro común** *Linaria cannabina*, especie residente aínda común, pero en declive dende hai décadas.
40. **Moucho común** *Athene noctua*, especie residente moi localizada na zona de estudo, desaparecendo de territorios tradicionais pero aparecendo noutros (por exemplo en Sanxenxo).
41. **Lagarteiro común** *Falco tinnunculus*, especie residente, frecuente nalgúns puntos, pero en declive no conxunto do Complexo Ons-O Grove dende hai décadas. EN (España³).
42. **Aguaneta cabra** *Gallinago gallinago*, invernante aínda común, pero en declive nos últimos anos. EN (España, reproductoras³, Galicia, reproductoras⁶).
43. **Pilro combatente** *Calidris pugnax*, especie migradora frecuente, pero en declive.
44. **Mazarico real** *Numenius arquata*, ave invernante e migrante aínda numerosa na Enseada do Grove, que experimentou un declive notable nas últimas décadas

do que comeza a recuperarse nos últimos anos. Cría excepcional na Illa de Arousa, hai décadas. EN (España, só Galicia⁵, Galicia, reproductoras⁶).

45. **Tartaraña gatafornela** *Circus cyaneus*, invernante irregular na zona, en declive. EN (España³), VU (España⁵, Galicia⁶).
46. **Curuxa común** *Tyto alba*, especie residente pouco común na zona, e en declive dende hai décadas.
47. **Avefría choromica** *Vanellus vanellus*, ave invernante na zona, moi irregular nos últimos anos. EN (Galicia, reproductoras⁶).
48. **Mourelo común** *Melanitta nigra*, invernante na baía da Lanzada e zona de Tragove (Cambados); ten experimentado un declive apreciable recentemente.
49. **Mergullete común** *Tachybaptus ruficollis*, residente nas lagoas da zona de estudo, rexístrase un declive apreciable nos últimos anos.
50. **Lavandeira amarela** *Motacilla flava*, especie aínda frecuente nas zonas húmidas do Complexo, pero con números cada vez menores.

Subliñar que para as especies ameazadas *suxírese* seguir as medidas de conservación propostas no *Libro Rojo de las Aves de España*³ e que é *obrigatorio* redactar *Plans de Recuperación* para as especies *En Perigo* e *Plans de Conservación* para as especies *Vulnerables* que consideren nos catálogos español⁵ e galego⁶ de especies ameazadas.

Problemas xerais de conservación das aves no Complexo

Aínda que aquí se recolle un decálogo de grandes problemas na área de estudo, ningún deles por si só explica o declive de ningunha das 50 especies de aves antes presentadas: é a sinerxia de todos estes problemas, actuando en diferentes momentos e con diferentes intensidades, a que está a afectar ás aves do Complexo Ons-O Grove. Ilústranse coas figuras 5 a 16:

1. **Cambio de usos do solo.** O abandono das prácticas agrícolas e gandeiras tradicionais está a transformar a paisaxe, facendo desaparecer microhábitats de grande interese coa conseguinte merma de biodiversidade. A substitución de zonas agrícolas e gandeiras abandonadas por plantacións de eucaliptos é tamén un serio problema.
2. **Destrucción acelerada de hábitats sensibles.** Por exemplo recheos en dunas, marismas e lagoas.
3. **Non aplicación do Catálogo Galego de Especies Ameazadas.** Case quince anos despois da aprobación do *Catálogo Galego de Especies Ameazadas* tan só o escribido das canaveiras conte cun plan de recuperación, e non as outras doce especies consideradas en perigo de extinción en Galicia. E tamén é inaceptable que das quince aves catalogadas como vulnerables en territorio galego, só a pillara das dunas conte cun plan de conservación, como esixe a lei. Ademais, os recursos aos plans activos son insuficientes.
4. **Contaminación mariña crónica.** Derivada de verteduras constantes de hidrocarburos e de plásticos e



FIGURA 5. Destrucción das dunas da praia de Rons (O Grove), outubro de 2019; aparte da construción da esquerda, hai afección por tránsito de vehículos, ademais de lixo e plantas invasoras. © CDRC.



FIGURA 6. Can solto no intermareal da Chanca (Meaño/Sanxenxo), xuño de 2021; este e outro can ocasionan molestias constantes ás aves nese lugar desde hai anos. © Antonio Fontoira García/Observation.org.



FIGURA 7. Roza de xunqueira dentro do espazo protexido, a carón da marisma do Vao (O Grove), actividade que ocasiona molestias ás aves acuáticas que alí repousan e se alimentan. © EMS.



FIGURA 8. Ampliación da pista da Telleira con vertedura de inertes á marisma; entre Dena (Meaño) e A Fianteira (Sanxenxo). © EMS.



FIGURA 9. Destrucción de arborado autóctono e vertedura ao intermareal pola construción de paseo litoral en Dena (Meaño), marzo de 2012. © EMS.



FIGURA 10. Vertedura incontrolada de efluentes líquidos dunha conserveira ao intermareal en Dena (Meaño). © EMS.



FIGURA 11. Masificación da praia da Lanzada (O Grove), en plena época de cría da píllara das dunas. © EMS.



FIGURA 12. Entullos no intermareal na Fianteira (Sanxenxo), marzo de 2012. © EMS.



FIGURA 13. Paramotor sobre a lagoa da Bodeira (O Grove), outubro de 2009; ocasionou molestias ás aves acuáticas nese lugar, así como na veciña praia da Mexilloeira. © CDRC.



FIGURA 14. Escavacións para saneamento nas dunas protexidas da Lanzada (O Grove), en zona de cría da píllara das dunas. © EMS.



FIGURA 15. Obras de rehabilitación ambiental da canteira do Cavernal (O Grove), novembro de 2008; ocasionou a degradación dunha zona húmida, e propiciou a entrada de plantas invasoras. © CDRC.



FIGURA 16. Fumigación con glifosato do muro da depuradora da Laxe de Rons (O Grove), marzo de 2018; afectou ás charcas da Cerradas, lugar de repouso e alimentación de aves acuáticas. © CDRC.

os seus derivados, que implican unha maior presenza de microplásticos tóxicos na columna de auga.

5. **Especies invasoras.** Contabilízanse dúcias de especies invasoras na zona, dende plantas ata moluscos, pasando por insectos e mamíferos exóticos. Todos eles causan un gran dano na fauna e flora nativa.
6. **Molestias.** De todo tipo: embarcacións a motor, piragüistas e pádel surf en zonas sensibles da enseada do Grove, pesca a motor e dende illotes, furtivismo, paseantes e ciclistas cada ano máis frecuentes en todo o litoral do Complexo. Masificación das praias, con cans soltos comprometendo a nidificación da pillara das dunas e o repouso e alimentación de centos de aves acuáticas no espazo natural. Tamén molestias por parte de *quads*, motos, paramotores e probas deportivas.
7. **Manexo insostible dos recursos naturais.** Por exemplo sobreexplotación dos recursos mariños (marisqueo, pesca, poliquetos); recollida insostible de argazos e de seba (*Zostera noltii* e *Z. marina*, ambas as dúas especies protexidas e cuxa recollida é ilegal). Ademais destrución de pradeiras de seba para formar novos bancos marisqueiros. En terra, cortas de vexetación nativa e os incendios provocados.
8. **Contaminación terrestre, fluvial e do aire crónica.** Derivada de verteduras de entullos e aceites, recheos, e de todo tipo de augas residuais. Tamén queimas industriais de aceites usados para xerar enerxía eléctrica, emitindo grande cantidade de dioxinas.
9. **Novas infraestruturas.** Paseos e ampliación de pistas e pasarelas, que facilitan o acceso de persoas e mascotas a zonas sensibles, como A Telleira, Arnosa e Rouxique (Sanxenxo). Ampliación de aparcadoiros, casetas para surfistas, parque para cativos e kioscos.
10. **Cambio climático.** Difícil de valorar nun contexto tan restrinxido como o do Complexo Ons-O Grove, pero sen dúbida a ter en conta en futuras análises.

Posibles solucións

As solucións a estes problemas viría por **CUMPRIR E FACER CUMPRIR A LEXISLACIÓN EN MATERIA DE MEDIO AMBIENTE**, sexan leis galegas, estatais ou europeas, informando á cidadanía desta lexislación e mellorando a vixilancia efectiva por parte de axentes da Xunta de Galicia, Garda Civil e Policía Local. Ademais, é necesario o seguinte:

1. **Implicación da administración autonómica.** Precisaríase un cambio radical da actitude da administración autonómica perante as especies ameazadas, redactando os plans de recuperación e conservación pendentes, e actualizando o Catálogo Galego de Especies Ameazadas considerado o contido do recente libro vermello. Tamén que as partidas orzamentarias destinadas a estudos científicos, seguimento ambiental e restauración de zonas degradadas (recheos, especies invasoras, infraestruturas innecesarias, ...) se amplíen ao máximo posible.
2. **Implicación da administración local.** Cómpre que as administracións locais valoren aínda máis o patrimonio natural dentro dos seus concellos, e non amporen obras insostibles (paseos litorais, rozas de vexetación, actos lúdicos en espazos naturais, ...). Os Plans Xerais de Ordenación Municipal deberían consolidar a protección dos lugares de maior valor natural en lugar de outorgarlles o apelativo de "urbanizables", respectando sempre zonas de asolagamento de ríos e regatos, vexetación arbórea autóctona e hábitats de importancia comunitaria⁹.
3. **Implicación da cidadanía e axentes sociais.** É necesario ampliar as accións de educación ambiental para menores e adultos, ben sexa a través da acción das ONGs locais de corte ambientalista como de iniciativas privadas. Maior eco dos problemas ambientais da zona en medios de comunicación, cunha mellora na calidade científica dos contidos.

Agradecementos

A Gustavo Ferreiro Martínez (SEO/Pontevedra) e a Alexandre Justo Álvarez (SGO, eBird España) pola revisión do manuscrito. A Antonio Fontoira García pola cesión dunha das fotografías (xa publicada en Observation.org) e por realizar anotacións ao texto.

Referencias

- ¹ Romay, C. D. 2009. Conservación das aves no Complexo Ons-O Grove. *Aunios*, 14: 38-41.
- ² Romay, C. D. e Martínez, E. 2013. Que futuro lle espera ao Complexo Ons-O Grove? *Aunios*, 18: 81-84.
- ³ López-Jiménez, N. (ed.). 2021. *Libro Rojo de las Aves de España*. SEO/BirdLife. Madrid.
- ⁴ Internation Union for Conservation of Nature. 2021. *The IUCN Red List of Threatened Species*. Version 2021-3. URL: iucnredlist.org (con acceso: 31/12/2021).
- ⁵ Ministerio de Medio Ambiente, y Medio Rural y Marino. 2011. Real Decreto 139/2011, de 4 de febrero, para el desarrollo del Listado de Especies Silvestres en Régimen de Protección Especial y del Catálogo Español de Especies Amenazadas. *Boletín Oficial del Estado*, 46: 20912-20951.
- ⁶ Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible. 2007. Decreto 88/2007 do 19 de abril, polo que se regula o Catálogo galego de especies ameazadas. *Diario Oficial de Galicia* 89: 7409-7423.
- ⁷ Rouco, M.; Copete, J. L.; De Juana, E.; Gil-Velasco, M.; Lorenzo, J. A.; Martín, M.; Milá, B.; Molina, B. & Santos, D.M. 2019. *Lista de las aves de España. Edición de 2019 [nombres en gallego]*. SEO/BirdLife. URL: seo.org/listaaavesdeespana/ (con acceso: 31.12.2021).
- ⁸ Pérez, D. 2021. *Oriolus oriolus*. eBird. URL: ebird.org/checklist/S90739558 (con acceso: 31.12.2021).
- ⁹ Comunidades Europeas. 1992. Directiva 92/43/CEE del Consejo, de 21 de mayo de 1992, relativa a la conservación de los hábitats naturales y de la fauna y flora silvestres. *Diario Oficial de las Comunidades Europeas*, 206: 7-50.

**Café
Cabanero**

RUA DE CASTELAO, 116-TEL. 986 73 01 86
O'GROVE

EFFECTOS NAVALES



TARACIDO, S.L.

Representaciones de:



Artículos de pesca
Equipamientos para pesca
submarina y buzo
Pesca deportivo

Marqués de Valterra, 73
ESTRIVELA - Pontevedra

Teléf. 986 88 15 00 - 986 88 15 04
Fax : 986 89 05 59

 **ENOVIN**
asesoría vinícola

**Análisis
de
Vinos**



ASESORAMIENTO BODEGAS-PRODUCTOS ENOLÓGICOS

Ponte Dena, 28 bajo - 36967
DENA - Meaño (Pontevedra)

 **699 346 054**
Manuel Rodiño



NANTA **Pavo** **ARION**

**TODO PARA O CAMPO
E O XARDÍN**

**FITOSANITARIOS, SEMILLAS
PLANTAS E MACETAS
PRODUTOS ECOLÓXICOS
PATACAS**

**SERVICIO A DOMICILIO
986 73 11 36**



CONSTRUCCION Y REHABILITACIÓN:

- Viviendas colectivas
- Viviendas unifamiliares
- Locales comerciales
- Establecimientos de hostelería
- Naves e instalaciones



www.alvarezproI.com



Calle Sineiro, 18 • Teléfono 986 730 275 • Fax 986 730 974 • 36980 O GROVE (Pontevedra) • info@alvarezproI.com



ESPECIALIDADES:
 Pan artesano • -Empanadas variadas
 Brazos de gitano • Roscas



Rúa Progreso, 74 / 36970 / Portonovo – Sanxenxo
 Telfs: 986723062 / Móbil: 662464388



Pepa A Loba
 Bar - Tapería

Especialidades en: Arroz de bogavante, de mariscos...
 Peixes e mariscos variados, paellas, caldeiradas, tapas



Rúa Rafael Picó, 38 • 36970 Portonovo - Sanxenxo • Telf: 662464388



ONS. BOSQUE, MICOLOXÍA E DESENVOLVEMENTO NATURAL

Por: Juan Castiñeiras

Cando saímos de calquera punto de terra firme en dirección a Ons vemos, ao ir achegándonos, unha rocha alongada e case lisa salpicada por masas arbóreas que en verdade non deberían estar alí radicadas: eucaliptos e acacias.

Agás moi poucos exemplares de carballos, castiñeiros e piñeiros, a sensación é de solo devastado, dominado por material vexetal de monte baixo con breixos, toxos, xestas,...

No meu percorrido vital, o bosque, os bosques, implican unha parte substancial do meu tempo invertido en buscar coñecemento, goce, vivencias intensas, beleza, paz e goce gastronómico.

Así todos coñecemos o valor dos froitos dados polas árbores froiteiras e das maravillosas sensacións e alimentos que nos proporcionan. Estamos en outono, coas paletas cromáticas que nos ofrecen, (como tamén noutras estacións) pasear, respirar, fotografar,..., estas contornas coas plantas e animais son un don, un privilexio do que dispoñemos. E, co bosque, os fungos...

Constitúen un dos grupos máis diversos, belos, útiles, interesantes e sorprendentes da vida na Terra. Presentan unha multitude de posibilidades en canto á súa aplicación práctica: Comestibles uns, outros medicinais, outros producen fermentacións, outros “coidan os bosques”...., e en Ons hai moi poucos debido á súa deforestación para o cultivo de especies usadas polo home.

Hoxe Ons, como moitas outras partes de Galicia, foi perdendo a presión antropoxénica na súa terra porque xa case ninguén vive durante o ano nela. Así temos que se converteu nunha masa amorfa de monte baixo con escaso valor paisaxístico. Polo tanto o aproveitamento das capacidades heteroxéneas que nos ofrece bosque e fungos é nulo.

En Europa, case 80 millóns de persoas empregan boa parte do seu tempo libre en visitar bosques e apanhar fungos. En rexións europeas como Cataluña, País Vasco, Provenza, Toscana,..., a proporción de persoas interesadas neste aspecto, supera o 80% da poboación. Constitúen un verdadeiro fenómeno social e o micoturismo un motor económico de primeira orde e un movemento turístico fóra das “tempadas altas” de gran envergadura.

Os fungos crean ademais condicións para que se conserven os recursos ecolóxicos do bosque, regresen especies vexetais e animais ao seu entorno, e fan que dispoñamos de máis recursos hídricos na zona.

Polo tanto, por que no realizamos accións na Illa de Ons encamiñadas a enriquecela, a dotala de vida, de aromas, de cores, de visitantes? Por que non repetimos o que fixeron os nosos antepasados en toda a xeografía galega, enchendo de árbores os seus montes, vales, terras?

Na Illa de Ons, dependente do Parque Nacional das Illas Atlánticas, pode encamiñarse a explotación ou recolección fúnxica futura, de dúas maneiras:



Aspecto actual de Ons -Melide



Suillus bovinus, nunha piña

1.- Converter Ons nun parque micolóxico sen recolección de especies. Aproveitaremos a tempada de maio a xaneiro para percorrer os bosques recorridos por sendeiros e acompañados de persoal formado en micoloxía, e aproveitar as distintas floracións que se vaian dando para que se converta nun centro de estudo e formación para os visitantes, un lugar único de fotografía monte-mar e un lugar onde se combine a gastronomía mariñeira coa futura, e demandada, cociña fúnxica de Ons.

2.- Un lugar onde se poidan recoller especies fúngicas polos visitantes. Baixo unha tarifa, unha cantidade máxima por persoa, un aforo máximo adecuado á produción micolóxica e unha oferta de pasar a noite e gastronomía adaptada. Poderemos facer que Ons non se vexa tan masificada e maltratada como se ve na actualidade e poida recibir visitantes fóra de tempada, mantendo poboación e emprego máis tempo.

Con estes modelos cambiamos o sistema de visitas de “veraneantes“ por outros aos que non lles importe o mal tempo, nin lles reteña a choiva nin os ventos. Aqueles que buscan realizar excursións nun lugar único e levarse un gran arquivo de fotos de fungos, bosque, mar, acantilados,...

Ons converteríase nun enorme laboratorio para estudar unha rocha alongada e cunha ínfima produción fúnxica onde se encontrarían interesantes respostas para aplicarlas noutras illas do Parque.

Pero necesítanse realizar análises edafolóxicos, tanto físicos como químicos, estudos climatolóxicos (ficha hídrica, perfís de humidade, edafoclimas, insolación, luminosidade, ventos, salinidade do aire,...), estudos botánicos e clasocráticos da illa, para determinar, tanto as especies arbóreas a plantar, como as necesidades ecolóxicas das distintas especies de fungos. É o que se denomina o mapa fúnxico potencial, básico de cara a planificar repoboacións forestais e proxectos de ordenación de aproveitamento micolóxico.

Tamén é básico realizar unha planificación baseada na definición da sucesión micolóxica temporal, isto é, saber que especies nos atoparemos dependendo da idade das distintas árbores que plantemos, posto que os tipos de fungos aparecen segundo a idade das árbores, sendo algúns primarios, pioneiros en plantas novas como algúns suillus, laccarias, pisolithus,... En cambio moitas especies de cortinarius, lactarius, russulas ou boletus, crecen en solos con árbores máis maduros.

Así mesmo dentro desta planificación débense definir os tratamentos silvícolas no tempo e na súa forma ou tipoloxía. Si, débense realizar clareos, podas, entresacas, rozas, composición florística ideal (ás veces é vital manter as chamadas plantas-nai para producir fungos), o cercado de certas áreas, abonado, rego, recollida de follas caídas,..., e cando se deben realizar.

En Ons, creo firmemente que os fungos poden desempeñar un decisivo papel de recursos estrela no desenvolvemento comarcal e redes de espazos naturais para apoiar o micoturismo.

Ons posúe calidades excepcionais para unha repoboación intensa e intelixente de especies autóctonas de gran valor económico, ecolóxico, social, gastronómico e turístico. Para iso faise necesario considerar técnicas de intervención silvícola e ordenación forestal, levada a cabo por técnicos da nosa terra que coñecen perfectamente a súa terra e as súas especies, que realicen estes traballos para o aproveitamento micolóxico futuro. Hoxe podemos presumir de ter os mellores investigadores, campus universitarios e centros de estudo nestas disciplinas que existen en Europa, polo que serían de gran axuda no



Laetiporus sulphureus



Trametes medicinalis

estudo e desenvolvemento das melloras na plantación de masas forestais e nas técnicas de mellora na produción fúnxica para aplicalas na Illa.

"Cada especie de fungo posúe un requirimento característico respecto ao tipo de bosque, especies vexetais acompañantes, cuberta arborada, solo, réxime hídrico, ventos dominantes,..., que en cada caso poderán ser melloradas por ese xestor para lograr manter e incluso aumentar a produción fúnxica. Despois de localizar as áreas cuxo solo e o clima é recoñecido, estudado e o apropiado para certos fungos (especies fúnxicas principais), haberá que compatibilizalo coas árbores simbiontes máis indicadas para alcanzar os obxectivos económicos, sociais e ecolóxicos do futuro bosque de Ons".

MICOTURISMO EN ONS

A idea de reforestar Ons con especies autóctonas (castaños, carballos, sobreiras, faias, freixos, álamos, salgueiros) de folla caduca e que aportan cores preciosos en outono e con árbores de folla perenne como coníferas, acivros,..., poderá cambiar a fisionomía da Illa de maneira espectacular que faría que fose un destino turístico desexado por moitas persoas que prefiren as súas vacacións en estacións distintas do verán.

"Na actualidade hai miles de persoas que practican o micoturismo, é dicir, que viaxan no outono e na primavera atraídos polos bosques e os cogomelos, convertendo esta actividade de ocio nun resultado moi lucrativo para moitas comarcas que a fomentan. Na época dos cogomelos, estas comarcas reactivan espectacularmente a súa oferta turística. Durante as épocas de fungos estas comarca obteñen un beneficio alto na economía local. Organízanse viaxes micoturísticas - gastronómicas, actúan guías locais especializados, rutas de cogomelos, paseos, mercados, pernotacións, venda de produtos locais, safaris fotográficos das mesmas,..., provocando un enorme fluxo de capital e fixando poboación no medio rural".

Por iso, o micoturismo é un aliciente máis para o desenvolvemento de Ons e do Parque Nacional xa que podería fixar poboación máis alá do verán, crearía empregos especializados, enchería a Illa de Ons de árbores, de auga, de vida e faríanos sentir que amamos a terra onde vivimos.



Amanita rubescens




Bosque de carballos

BIBLIOGRAFÍA

- Hongos y setas. Tesoro de nuestros montes. Cálamo 2007. (Iván Andrés Oria de Rueda. Et. Aoll)
 Micoloxía no xeodestino Ancares-Courel. USC. 2021. (Julián Alonso Díaz, Antonio Rigueiro Rodríguez)
 Pequena enciclopedia de setas, Servilibro, Susaeta, 2019. (María José López, Isabel Ortiz)
 Setas de España y Europa. Tikal. 2010.
 Cogomelos de Galicia. Xunta de Galicia. 2006. (J.M.C.Marcote, M. Pose, J.M.Traba)


COLABORA:



DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA

RELOXOS DE SOL ANTROPOMORFOS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA

Por: Estanislao Fernández de la Cigña Núñez



PARTE I. ANTECEDENTES

Un pasado recente

Actualmente os reloxos de sol convertéronse en obxectos obsoletos que podemos atopar en fachadas orientadas cara ao sur en igrexas, casas singulares, xardíns particulares ou públicos. Quedaron como reliquias primitivas relegadas a sinxelos elementos ornamentais, pasando a maior parte deles desapercibidos por completo entre os motivos arquitectónicos dos edificios que os sustentan.

A idade de ouro destes trebellos, polo que a Galicia se refire, é ben recente pois estámonos a referir ao século XIX. Así dos máis de douscentos que coñecemos na provincia de Pontevedra son poucos os que levan marcado a data da súa feitura pero, no reconto, os do século XIX superan amplamente á suma dos anteriores e posteriores.

Unha investigación que está por facerse

O inventario dos reloxos solares está nos primordios e polo que respecta a nosa provincia tan só se efectuaron en contados concellos, sendo o de Bueu o que principiou a pescuda xa no pasado século co traballo de Van Lunthoud (1997) sobre os canteiros e os seus reloxos de sol, seguidos polos máis recentes de Mondariz e A Lama (Fernández de la Cigña, 2021).

Unha ciencia enrevesada

A ciencia que estuda os reloxos de sol: a gnómica é bastante máis complicada do que cunha simple ollada parece deducirse, pero nós non iremos máis aló do que esixe un traballo de divulgación, xa que só pretendemos chamar a atención sobre estes trebellos que naceron coa data de caducidade xa programada, pois pouco ou nada tiñan que facer contra os reloxos mecánicos que se instalaron nas torres das igrexas, santuarios, reitorais, concellos, pazos de xustiza, etc.


Unha sinxela división

Xa suxerimos unha clasificación afastada dos cánones da gnómica cando falamos de reloxos exentos e integrados. Os primeiros poderíanse trasladar dun lugar a outro mentres que os segundos forman parte das mesmas estruturas, xeralmente pintados ou gravados nas mesmas e polo tanto imposibles de mover. Debemos engadir que os exentos son bastante máis numerosos que os integrados.

Obviamente, os reloxos exentos poden presentarse con variadas formas. As máis sinxelas son simples poliedros de pedra co seu cuadrante onde o estilo marca as horas coa súa sombra. Hainos paralelepípedos, poligonais, circulares, artísticos, irregulares e antropomorfos.



1.- Exemplo de reloxo exento. (Igrexa de Luneda, A Cañiza)



2.- Exemplo de reloxo integrado. (Igrexa de Guillade, Pontearreas)

Os reloxos antropomorfos da provincia

Seríamos pretensiosos demais se nesta primeira achega aportásemos a totalidade dos reloxos que sustentados pola figura humana existen en Pontevedra, pois sempre haberá algún que escape á nosa pescuda. Os que fomos quen de recoller presentan as seguintes características:

1ª. - Son anónimos en canto a súa execución. É dicir: non están firmados polo seu artífice, aínda que poden estar atribuídos a escultores determinados.

2ª. - Carecen de data visible, pero case podemos asegurar que se fixeron no século XIX.

3ª. - Todos están feitos en granito do país, sen aportar outro tipo de pedra.

4ª. - A face que contén as horas soe ser redonda.

3ª. - A maioría son de propiedade privada e só un pertence á Igrexa.

6ª. - Soen presentar un só gnomón, pero hainos con 2 e 3.

7ª. - Os tenantes que os transportan na súa maioría son homes.

PARTE II. INVENTARIO DE RELOXOS

1ª. - Reloxo do Eido dos Carreira, Pías (Ponteareas)

Para nós o máis fermoso de todos eles. Atópase moi ben conservado, presentando tres caras ou faces, cada unha co seu estilo metálico, orientadas cara ao sur a principal e ao leste e oeste as laterais. Numeración das horas figura en números romanos. A feitura deste relouxo foi atribuído a Ignacio Cerviño Quinteiro polo investigador Andrés Sampedro Fernández (2018).

2ª. - Reloxo da Igrexa de San Martiño de Hío (Cangas)

O relouxo foi modificado tras unha caída. O tenante sostén a face mediante unha corda. Por riba aparece outra cabeza que segundo escoitamos dicir representa ao artífice Ignacio Cerviño, que o faría ao tempo que traballou no cruceiro de desencravo máis famoso de Galicia e que se acha por diante da igrexa.

3ª. - Reloxo da Rúa Castelao de Salvaterra de Miño

Vese por riba do tellado da casa sinalada co número 6 da rúa Castelao de Vila de Salvaterra de Miño. O tenante é un militar portando o seu tambor onde aparecen marcadas as horas en numeración arábica. Pode que por riba do estilo de ferro leve marcado o ano de feitura pro non conseguimos concretalo.

4ª. - Reloxo da Casa de Celestino Garrido, as Rozadas, a Escuadra (A Lama)

Estraño tenante que ben parece un aborixe americano levando sobre a cabeza o relouxo; senta sobre un tallo para poder mantero equilibrio. No seu momento atribuímosllo ao canteiro local Celestino Garrido (Fernández de la Cigoña 2021).

5ª. - Eira vella, San Lorenzo de Oliveira (Ponteareas)

No eido chamado “Eira Vella” sobre a cimeira dun hórreo aparece o tenante con vestimenta difícil de clasificar. A *face* vese partida na cara leste, polo que posiblemente tivese tres caras cada unha co seu gnomon de ferro.



1 - Reloxo de Pías (Ponteareas): a tenante é unha moza que sostén as tres faces orientadas cara o leste, sur e oeste



2 - Reloxo da igrexa de San Martiño de Hío (Cangas).



4 - Reloxo da casa de Celestino Garrido nas Rozadas, A Escuadra (A Lama)



3 - Reloxo da rúa Castelao de Salvaterra de Miño

6º. - Estrada Nacional 120, Arnosó (Ponteareas)

Sobre a cimeira dun hórreo, na parroquia de San Lourenzo de Arnosó, á beira da estrada N-120, vemos este artístico reloxo no que un gaiteiro toca o bombo convertido na *face* das horas. Mal orientado xa que mira ao norte, resulta imposible que o estilo poda proxectar a súa sombra no tambor. Ao parecer veu dun lugar de Salvaterra e garda conº. 3 unha certa semellanza.

7º. - Casa en Loureiro (Cerdedo-Cotobade)



5 - Reloxo na Eira Vella, San Lourenzo de Oliveira (Ponteareas)



6 - Reloxo á beira da estrada nacional 120, na parroquia de Arnosó (Ponteareas)



7 - Reloxo nunha casa de Loureiro (Cerdedo-Cotobade) atribuído por José Luis Basanta Campos (2003) ao escultor Cerviño

BIBLIOGRAFÍA CITADA NO TEXTO

- BASANTA CAMPOS, J. L. (2003): *Reloxos de pedra de Galicia*. Fundación Pedro Barrié de la Maza. 368 pp. A Coruña.
- FERNÁNDEZ DE LA CIGOÑA NÚÑEZ, E. (2020): Os reloxos de sol do Concello de Mondariz. *Mondaricus (Revista cultural das festas da Peña de Francia e San Roque de Mondariz)*, 15-19.
- FERNÁNDEZ DE LA CIGOÑA NÚÑEZ, E. (2020): Reloxos de sol do Concello da Lama (I). *A Pedreira. Revista Turística e Cultural. A Lama*, 17: 26-31.
- SAMPEDRO FERNÁNDEZ, A. (2018): Un artístico reloxo de sol atribuído a Ignacio Cerviño no Eido dos Carreira en Pías (Ponteareas). *Actas do "IX Congreso Galego de Cruceiros"*. Edita: Asociación de Amigos dos Cruceiros, Cruces de Pedra e Petos de Ánimas: 343-359.
- VAN LUNTHOUD, J. (1997): *Bueu, os seus canteiros e os seus reloxos de sol*. 100 pp. Vigo.

COLABORA:



XUNTA
DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO

OS CAMPAMENTOS EVANXÉLICOS DE ONS REÚNEN A MOZOS DE TODA ESPAÑA

Por: Marcos Gago



Vista das tendas de campaña do Campamento Evanxélico, situado detrás das casas escola

O campamento evanxélico de Ons xurdiu en 1976 como unha aventura, unha forma de probar algo que non se fixera nunca antes entre os protestantes españois, e que tivo tal éxito que se converteu nunha desas experiencias que os seus participantes, tantos anos despois, aínda recordan con cariño. Xurdiu do empeño persoal dun matrimonio mozo, formado por un galego arxentino, Virgilio Vangioni, e a súa muller alemá Ana María Huck, e co apoio de moitos outros que, entusiasmados, sumáronse á proposta formando un equipo que traballou con harmonía durante anos no que a Illa converteuse nese lugar ao que se volvía todos os veráns. A igrexa evanxélica de Marín destacou polo seu respaldo dende o principio e moitos dos seus membros, aínda xa maiores, formaron parte da loxística para que o campamento estivese sempre ben atendido.

Unha das grandes novidades destes campamentos é que eran mixtos. Non había precedente en España entre as igrexas protestantes nesas datas. Había outros campamentos pero, como a sociedade do seu tempo, separaban entre mozas e mozos. Na mente de Virgilio Vangioni xurdiu o atrevemento de probar un campamento mixto. O seu éxito foi inmediato. Non só se



Os campamentos eran mixtos, non había precedentes en España entre as igrexas protestantes

apuntaron galegos, senón tamén mozos doutras partes de España, dende Cataluña a Madrid, de Castela León a Andalucía, Ons converteuse nese lugar que había que ir si ou si.

Os primeiros campamentos mixtos organizados por Virgilio Vangioni foron de 1971 a 1975 no pazo de Padriñán, en Sanxenxo. Unha excursión que todo o grupo fixo á illa o último ano de Padriñán convenceunos da oportunidade de montar o campamento alí. Os veciños recibíronos cos brazos abertos. Xunto ao bar de Checho había unhas construcións da súa propiedade que no inverno usábanse para gardar animais das inclemencias do tempo. Ese recinto sería a base do campamento, iso si, todos os anos un grupo de persoas anticipábanse á chegada dos demais e organizaba a limpeza, arranxo e montaxe das tendas para que os campistas puidesen gozar ao máximo. Ana María recorda que Checho e os demais illeiros “déronnos todas as facilidades”. A relación cos veciños sempre foi magnífica.

Os preparativos eran cuantiosos, porque en Ons, naqueles anos, non había a infraestrutura que existe na actualidade. De feito, era posible estar na praia e non atoparse con case ninguén alleo aos veciños que a habitaban aínda todo o ano. “Ía un equipo a limpar, a poñerlle cal ás paredes e adecentar as instalacións que nos deixaban. Foi todo unha experiencia fantástica, porque sempre tivemos unha excelente relación con todos os veciños”. A relación era mutua. Cando os veciños tiñan necesidade de axuda, alí estaban os campamentistas para botar unha man. Moitos recordan aínda hoxe como saían ao monte a axudar aos veciños a apagar os recorrentes incendios forestais de verán.

Naquela Ons dos anos setenta só ía un barco á Illa, á una e media. Era o barco que tamén viña cargado con todo o que necesitaban para o campamento, xa que un equipo de axudantes en terra ocupábase de cargar os pedidos en Bueu. Había que traer de todo porque na illa non había neveiras, a electricidade tampouco era permanente e a comida tiña que traerse cada día. O equipo de cociñeiras, de Marín, Ramallosa de Teo e da Coruña, armábanse de enxeño para ter



O barco de Pancho, o Azor, á súa chegada á Illa cos integrantes do campamento evanxélico



O equipo de cociñeiras, de Marín, Ramallosa de Teo e da Coruña, armábanse de enxeño para ter sempre a mesa ben disposta



A fogueira crepitaba mentres aprendíanse as cancións que despois faríanse populares entre os evanxélicos de toda España

sempre a mesa ben disposta. Ana María sinalaba que “ao principio todo estaba por facer, como eramos mozos ocorriánsenos moitas cousas que hoxe serían impensables, pero grazas a Deus nunca tivemos problemas graves”. En todos os anos na Illa e os centos de mozos que chegaban a pasar polo campamento, só nunha ocasión un lesionouse un pé e foi necesario o seu traslado en helicóptero a terra.

No campamento, ademais do horario normal de almorzo, comida e cea, tamén había unhas horas que se dedicaban ao estudo da Biblia, porque por algo se trataba dun campamento xuvenil evanxélico, onde a mensaxe do Libro era un dos eixos da súa organización. Non se facía só para xuntar ás persoas senón para que, nun ambiente distendido e tranquilo, tamén lle dedicasen tempo a coñecer a Deus do que fala e se revela na Biblia. Precisamente é nese marco cando se produciu un dos feitos máis significativos para os asistentes ao campamento e que máis recordan os illeiros que o viviron. Tratouse do bautismo de catro mozos no mar.

As igrexas evanxélicas galegas non bautizan nenos, ao non atopar na Biblia xustificación para esta práctica. Polo contrario, o exame do Novo Testamento explica que o bautismo é para persoas adultas crentes no Evanxeo, porque se require fe no bautizado e un bebé non pode ter fe. Ao mostrarse na Biblia a necesidade de fe persoal no Salvador, Xesucristo, o bautismo só pode conferirse a persoas adultas. Por outra parte, a propia palabra bautismos significa somerxer en grego, razón polo que os bautismos evanxélicos son por inmersión de todo o corpo na auga. Así se representa a morte de Cristo, ao descenderá auga, e a súa resurrección ao saír dela. A auga vólvese un símbolo da morte á vella vida e o principio da nova. O bautismo, en si mesmo, tampouco outorga ningunha graza espiritual. É un paso de obediencia a Cristo e así enténdeno aqueles que pediron ser bautizados en Ons.

O campamento enteiro foise á praia e alí, un a un, aqueles que pediron o bautismo, co consentimento das súas familias e das súas igrexas respectivas, foron somerxidos no Atlántico, no nome de Deus Pai, Fillo e Espírito Santo e baixo a súa confesión de fe á pregunta: “Cres no Señor Xesucristo como o teu Salvador persoal e Señor da Túa vida?”. As fotos que acompañan esta reportaxe recordan ese día tan especial para os que o viviron “Foi un acto moi sinxelo, sen estridencias”, relata Ana María.

No amplo horario do campamento evanxélico todo tiña o seu tempo. Tamén os momentos de distensión. Os partidos de fútbol, tanto de rapaces como de rapazas, xunto ao Faro de Ons eran moi populares. Tamén participaban os mozos illeiros. A praia era un dos sitios favoritos para pasar o tempo e, quen no quereda gozar dun areal como As Dornas ou Area dos Cans sen masificación nin nada que se lle parecera sequera? Ás noites había velada, con xogos e cancións. A fogueira crepitaba mentres aprendíanse as cancións que despois faríanse popu-



Diferentes imaxes do bautismo realizado na praia de Canexol

lares entre os evanxélicos de toda España. Chegáronse a gravar varios anos cintas con estas cantigas e que revolucionaron o repertorio de himnos entre os protestantes españois.



Un dos equipos femininos que participaba nos partidos de fútbol a carón do Faro.



Sardiñada realizada nos momentos de distensión

As excursións ao Buraco do Inferno e algunha que outra a terra firme para que os de fóra coñecesen lugares como A Garda tamén tiñan o seu encaixe no campamento. Os días ían pasando, máis rápidos do que quixera a maioría, e chegado o momento da despedida sempre quedaba a esperanza e o desexo de regresar ao ano seguinte, No peirao, o Azor, con Pancho ao fronte, agardáboas para levalos a Bueu. De alí, os participantes estenderían a fama da beleza da Illa e o trato afable dos veciños aos catro ventos ao regresar aos seus fogares. Ons gañou así uns embaixadores inesperados cando aínda media Galicia non sabía case nin que existía.



Excursión ao Buraco do Inferno.

POSESIÓNS E EXORCISMOS NO SANTUARIO DA NOSA SEÑORA DA LANZADA

Por Rafael Quintía Pereira


O santuario da Nosa Señora da Lanzada é un deses santuarios galegos que podemos clasificar de policlínicos e aos que se acode na procura da curación de múltiples doenzas e enfermidades. Neste espazo hierofánico, delimitado por unha imponente xeografía liminal que se adentra no océano Atlántico, celébranse ritos de protección; ritos de curación; ritos para esconxurar o mal; ritualidades vencelladas ao contacto co sagrado, á penitencia e á acción de grazas; ritos para influír no tempo meteorolóxico e ritos de fertilidade. Todas elas son prácticas rituais que buscan a salvagarda das necesidades básicas da vida: saúde, fertilidade, seguridade e bonanza.

Podemos agrupar en tres os tipos de enfermidades e doenzas ás que se ten que afrontar o ser humano: as de orixe psíquico ou mental, as de orixe físico e as que poderíamos denominar de tipo sociocultural. Ao santuario da Nosa Señora da Lanzada acoden xentes en busca de alivio para estes tres tipos de doenzas.

Dentro do primeiro tipo de enfermidades, as de orixe psíquica ou mental, podemos citar os males producidos por feitizos, encantamentos, posesións demoníacas e as doenzas psicossomáticas atribuídas a outro tipo de males como poderían ser o mal do aire, a sombra, o ramo cativo, o tangaraño ou o enganido. Dentro das segundas, as de orixe físico, teríamos a reuma, as doenzas de pel, a sarna, os problemas de esterilidade, a impotencia, etc. No terceiro tipo, as denominadas enfermidades de orixe sociocultural, por ser froito da cultura propia na que se está inmerso, podemos citar o mal de ollo ou o meigallo.

A cada un destes males se lle fai fronte con distintos tipos de elementos, de armas simbólicas e rituais. O baño das nove ondas e o berce da santa remediarán os problemas xinecolóxicos e de fertilidade, os baños de mar fortalecen a saúde, o rito circunvalatorio varrendo ao redor do altar eliminará o meigallo, o mal de ollo e outras doenzas nerviosas, envolquiarse sobre a herba mollada do santuario porá remedio aos problemas de pel como a sarna. Acudir á misa do día da Lanzada, participar na procesión, ir baixo as andas ou tocar imaxe sagrada ten que ver coas peticións á Virxe ou coas accións de graza polos favores recibidos. Virar ou cambiar a tella facilitará a xestión da meteoroloxía adversa.

Aínda que o santuario da Lanzada é famoso polas súas virtudes favorecedoras da procreación, o famoso baño das nove ondas, non o era menos respecto ás súas bondades para tratar as enfermidades do sistema nervioso como son a epilepsia, a neurastenia ou o histerismo, entre outras. Todas estas enfermidades son englobadas polo pobo baixo os termos de meigallo, feitizo, mal de ollo ou ramo cativo. A fama da Nosa Señora da Lanzada para tratar estes males estivo, en tempos, ao nivel da doutros santuarios especializados en curar o meigallo como poden ser o de San Campio de Entíns (Outes) coa súa romaría do mal cativo; o de San Campio de Lonxe, en Tomiño; o de Santa Eufemia de Arteixo; o de San Pedro Mártir de Ribadavia ou a Nosa Señora do Corpiño, en Lalín, posiblemente a máis famosa das romarías e dos santuarios para o tratamento de meigallos, posesos, e “endemoniados”.



Vista do santuario da Nosa Señora da Lanzada

Respecto da tradición da cura do *meigallo* na Lanzada, Landín Carrasco recolle nos seguintes versos as virtudes deste santuario contra a acción dos feitizos:

Levei a miña muller
á Lanzada, ás nove olas.
Leveina desenfeitar
E botar o demo fóra.

En 1914 J. Solá, no seu artigo *La playa de la Lanzada*, fai referencia a este peregrinar de endemoniados cara ao santuario da Nosa Señora da Area:

Vienen desde sus montañas nueve días
antes del primero de la fiesta. Alguna vez traen
los demonios en el cuerpo. Entonces vienen a
echarlos.

Tal e como puiden recoller no meu traballo de campo na parroquia de Noalla, fai anos existían unhas reliquias que se gardaban no santuario e que se utilizaban o día da romaría para imporllas aos enmeigados. Aínda hai veciños en Noalla que lembran esta antiga reliquia —posiblemente atribuídas a un santo— que se fan pasando entre os fregueses que acudían ao santuario da Nosa Señora da Lanzada. Era moi habitual no proceso de exorcismo por imposición de reliquias que o poseso expulsase polos pola boca durante o ritual, como se describía no testemuño recollido por Paul Sebillot a finais do século XIX. E que veremos máis adiante.

Tanto o rito de pór o santo ou impor as reliquias lévase a cabo en moitos santuarios galegos. Tanto rito de impor o santo, é dicir, tocar a un devoto coa imaxe portátil dun santo ou santa, ou o rito de tocar ou bendicir coa reliquia son rituais de contacto co sagrado. O fin do rito de imposición da imaxe sagrada ou da reliquia é a impregnación benéfica que emana do elemento sagrado, xa sexa en demanda de protección ou de curación. A través del o devoto entra en contacto coas imaxes devocionais do santuario ou cos restos sacralizados (ben restos orgánicos do santo ou antigos obxectos persoais) dese santo ou santa, impregnándose do poder sagro que estes elementos emanan como representación simbólica da divindade ou da santidad.

Na imposición da reliquia o fregués debe axconllarse fronte ao altar, acto seguido o sacerdote ou o sancristán achéganse a el e tocan o enfermo coa reliquia ou se lle dá a bicar. Cando se impoñían as reliquias sobre o enmeigado os fregueses eran testemuñas de momentos que impresionaban pola escenificación da posesión, xa que o ritual do exorcismo orixinaba que o suposto demo saíse do corpo do posuído entre os seus berros, blasfemias, compulsivos movementos musculares e espasmos, mentres os seus acompañantes respondíanlle “bótao fóra, bótao fóra“ ou “peluda, peluda, fóra, fóra, vén, vén“, intentando, deste xeito, invocar o espírito ou demo que o posuía. Ás veces, mantense un diálogo entre o poseso e os seus acompañantes como este diálogo que recolleu José Solla Bouzas no santuario pontevedrés da Nosa Señora da Peneda e do que se fixo eco Antonio Rodríguez Fraiz:

-Quen cho deu?
-Non o podo dicir
-En que cho deron?
-Foi nun anaco de bola que sabía ben...



Devotos facendo cola para pasar varrendo por detrás do retablo no rito propiciatorio



As ondas milagreas do mar da Lanzada

Neste ilustrativo diálogo percibimos a idea de que a causa do embruxamento foi algo que lle deron na comida ao enfermo, é dicir, un meigallo transmitido nunha substancia. Cabanillas no seu soneto *Viaxe perdido* fai mención a estes famosos santuarios galegos como lugares de peregrinación para curar o meigallo:

Para ceibarme de morrer, chuchada
dun amor que me encheu de penas fondas,
no mar costeiro e bravo da Lanzada
tomei, á media noite, as nove ondas.
Collín cara a San Breixo, a pan e ágoa,
cunha vela na man todo o camiño,
e dende alí, para zarrar a mágoa,
fun a Nosa Señora do Corpiño.

Limpa estou de feitizo e de meigallo
quedei rexa e varil como un carballo,
san como un buxo, dura como un seixo.
Mais, si el chega onde a min xa non me movo.
Feita de cera teño que ir de novo á Lanzada,
Ó Corpiño e a San Breixo

A composición fai referencia á crenza popular de que algúns destes estados nerviosos froitos do meigallo e dos feitizos débense a males de amores. Eu mesmo recollín a testemuña dun rapaz de Carballiño que tivo que ser levado ao santuario do Corpiño debido ao seu lamentable estado anímico e de saúde provocado, segundo crían os seus familiares, por un maléfico namoramento. É crenza común en moitos sitios de Galicia, como puiden comprobar en numerosas ocasións, que a muller que quere atrapar sentimentalmente un home debe botarlle na bebida, e sen que este se dea de conta, unhas pingas do seu fluído menstrual. Este feitizo fará que o home fiquese totalmente “namorado” e escravo da vontade da muller.

Grazas a Paul Sebillot, dicíamos, podemos coñecer como era o ritual curativo que efectuaban os devotos que acudían a este santuario para librase da posesión do maligno. Na súa obra *Legéendes, croyances et superstitions de lamer*, publicada en París en 1886, e grazas á información obtida de Emilia Pardo Bazán, o autor francés cóntanos:

O santuario da Lanzada en Galicia é frecuentado en certos días por mulleres que se consideran posuídas polo demo. Veñen para oír a misa, durante a cal sofren ataques de histeria, hai incluso quen expulsa pola boca entre espumarallos pequenas matas de pelos. Despois desta cerimonia, van á beira do mar, póñense de costas a el e reciben tres veces as ondas do mar. Si a terceira onda as molla ben, interpretan que lograrán a súa curación.

Deste valioso testemuño que puiden conseguir nos arquivos do Museo Provincial de Pontevedra e que traduzo para a ocasión, dedúcese que no santuario da Lanzada existía tamén un baño exorcizante consistente en recibir a arremetida de tres ondas do mar e que poderíamos considerar a prolongación, ou parte profana, do ritual de expulsión demoníaca que se celebraba dentro da capela coa imposición da reliquia, como acabamos de ver.

Vemos, pois, que, si ben hoxe en día o santuario da Nosa Señora da Lanzada é famoso en toda España polo seu baño fecundante das nove ondas, ata hai un século o principal atractivo deste máxico santuario era a curación do meigallo e a expulsión do demo. Un ritual de exorcismo onde as augas e o mar bravo da Lanzada tamén eran protagonistas e factor determinante da curación. Por iso quero lembrar dende a atalaia destas páxinas aquel hoxe esquecido baño do que falou Sebillot, o milagreiro baño das tres ondas para botar o meigallo, porque habelas, hainas.



Procesión o día da Virxe da Lanzada

BIBLIOGRAFÍA:

Quintía Pereira, R. (2011). *A Nosa Señora da Lanzada. Estudio antropológico de un santuario costero*. Pontevedra: Librería Nós.

A CAPELA DOS FERNÁNDEZ MARIÑO DE SOTOMAIOR E A VIRXE DA CARIDADE DO COBRE

Por: Francisco Meis Durán

Investigador e divulgador da historia local meca.

A perda do patrimonio na vila do Grove foi e segue sendo nos nosos días unha constante, entendible se os habitantes non son conscientes da súa identidade; esa mesma que lle legaron xeracionalmente todos aqueles que os precederon. Entre tantas eivas foi alá tamén unha pequena capela con unha construción que perdurou aproximadamente dous séculos e medio á sombra do Pazo da familia dos Fernández Mariño dos Sotomaior, anos despois chamado dos Mestre e actualmente Torre de Escuredo.

Coa construción do pazo, de clásica arquitectura secular, alá polos principios do 1700, a familia Fernández, edificará unha capela para o culto, flanqueada de cipreses e non moi distante, mandará levantar un pombal, pechando o significado daquel refrán que di “ se ten capela, pombal e ciprés, pazo é”.

A construción estará en mans dos Fernández Mariño de Sotomaior ata o declive do complexo familiar pasando a ser propiedade dun comprador retornado de Cuba en 1852. Este indiano, o vello Luís Mestre Roig, dez anos despois da súa chegada a Galicia, investirá parte da fortuna na compra da casa solariega dando comezo unha nova etapa construtiva que alterará en parte, a estrutura orixinal do conxunto do Pazo. Reformará a capela ao seu gusto, pintando novos frescos sobre outros xa existentes e deteriorados, e depositará no altar unha virxe negra de madeira de ébano, advocando o templo relixioso á Virxe da Caridade do Cobre da illa cubana. A pequena capela preto da de San Roque, aínda que de culto privado, abríase aos grovenses polo menos durante o mes de setembro de cada ano ocupando o seu interior numerosos fieis que escoitaban devotamente a misa que ofrecía un sacerdote da parroquia ou, de fóra dela. Era o mes da procesión da Virxe da Caridade do Cobre. A virxe cubana!

OS PREPARATIVOS

Cando entraba o mes de setembro o adañeirado administrador do Balneario da Toxa, Luís Mestre Roig, daba comezo cos preparativos da festa máis importante da casa despois da do seu santo. Co entusiasmo verdadeiramente dun neno preparaba a vivenda, a propiedade e a capela para aqueles cultos anuais que se lle rendían á Virxe. Toda a leira estaba rodeada dunha alta muralla de pedra que embelecían os Mestre con centenas de vasos de cores que resplandecían iluminados á noite. Faroís de cristal con velas no seu interior debuxaban a complexa silueta dos balcóns, patíns, xanelas e o miradoiro da casa. Coa chegada da noite, o centenario Magnolio, os cipreses á beira da capela, as camelias e outras árbores que asombraban o xardín cubríanse de vasiños luminosos. Por todas partes flameaban mastros con bandeiras españolas que rodeaban a propiedade e, unha ou dúas bandas de música como a de Cambados de Alifonso ou a de Gil de Vilalonga, chegaban doutras localidades coa intención de amenizar aqueles actos relixiosos. Alternaban a música coa banda do Hospicio de Vigo, moi importante no século XIX, que traía con ela a un industrial especializado en fogos de artificio, Manolo o cohetero; unha institución na cidade Olívica.

O Arciprestado do Salnés estaba presente no culto á Virxe negra representado por vinte parroquias cos seus vinte sacerdotes. Todos eles remataban a procesión sentados á mesa do Pazo dos Mestre, incluíndo un peculiar, rubicundo e corpulento cura posiblemente de Noalla ou ao mellor de Cambados, que chegaba sempre levantando o po do camiño sobre a



O escritor e periodista Xaime Solá Mestre diante da propiedade familiar. Detrás a capela da Virxe da Caridade do Cobre. Ano: finais da primeira década ou segunda do século XX

súa inconfundible egua branca. Un interesante personaxe que aparece caracterizado na novela *Anduriña* do escritor Xaime Solá Mestre.

A mesa vestíase cunhas relucentes e magníficas vaixelas de prata que o propietario mercara expresamente para aquelas festas onde se servía unha variedade de comida á que estaban vetados, case a maioría da poboación grovense. Lembra o mozo Xaime como as sobremesas, enormes pastelóns, facíanse nos obradoiros confeiteiros de Cambados.

O COMEZO DAS FESTAS E O CULTO NA CAPELA

A gran devoción do vello Mestre era a Virxe da Caridade do Cobre á que lle rendía culto cunha importante festa relixiosa que tivo os seus anos máis vitais entre 1880 e 1891, ano do falecemento do patriarca.

As décadas posteriores seguiu rendéndoselle culto pero quizais xa non coa pompa e o maxestoso daqueles tempos. O mes de setembro estaba marcado dentro do calendario relixioso do ano, non só na casa familiar dos Mestre, senón tamén para a pequena vila meca.

Todo comezaba cun rito metódico que protagonizaba Luís Mestre Roig ao baixar desde o balcón de pedra da súa casa (que aínda podemos ver hoxe en día a súa metade) ao lousado granítico do atrio interior da capela da Caridade. Recio, ergueito, solemne e autoritario, Mestre chamaba polo fiel criado Bernardo. Miraba o seu reloxo pendente das badaladas da igrexa parroquial que marcarían as doce do mediodía e ordenáballe que trouxese a mecha alcatranada e doce formidables bombas de palenque. O vello Bernardo íallas alongando unha a unha e Mestre, cun enorme puro habano, acendíaa véndoas elevarse cara ao ceo e explotando “*ruidosamente a un centenar de metros por enriba dos magnolios e os eucaliptos, os cedros e as vides que sombreaban a horta e os xardíns da casa*”. A primeira ducia de bombas marcaban o comezo das festas dedicadas á Virxe, o resto facíaa explotar Manolo o cohetero, industrial da cidade de Vigo.

Con este solemne ritual que se repetía todos os anos, comezaban os cultos á Virxe e daban paso á novena. Á noitiña, a campá da capela chamaba tres veces polos fieis e na última, as mulleres vestidas cos seus panos negros, entraban silenciosamente na pequena ermida.

A DESAPARICIÓN DA CAPELA

Despois do falecemento de Luís Mestre Roig en 1891 a fortuna dos Mestre comezou un declive lento pero irremediable, ao que lle seguiu un armazón de compravendas das propiedades, ata finais aproximadamente do ano 1938, que pasará a mans dos conserveiros Eugenio Escuredo Lastra e Francisco Lores Fernández.

Algúns dos fillos de Luisa Mestre Hernández, filla de Luís Mestre Roig o indiano que comprara o Pazo, quedarán a vivir no municipio; o pintor Carlos Solá Mestre, que fora alumno de Joaquín Sorolla en Madrid, Luís Solá (Chicho) o practicante que casaría coa irmá do concelleiro Evaristo Veiga e a nunca esquecida Marianita, serían a parte da familia que non abandonaron o Grove despois do ocaso da familia. De todos eles, serán os últimos moradores de “A Torre”, Luisa Mestre Hernández e a súa filla Marianita.

Mariana vende ou malvende, parte da iconografía da vella capela nun afán por obter diñeiro antes de perder definitivamente a propiedade. Ela e a súa nai, despois de deixar a casa, arruinadas e sostidas pola caridade, comezarán unha dura peregrinación por distintas vivendas que as acollerán, polo menos tres, antes de rematar os seus días; Marianita, no asilo das Irmás da Caridade no Pazo de Montesacro en Cambados e a súa nai na primeira das casas que as acolleron; a casa dá Torena na Rúa Castelao.

O templo relixioso irá quedándose baleiro de imaxes e de espiritualidade languidecendo lentamente ata a chegada dos novos compradores. Unha vez adquirida a finais dos anos 30, o empresario Francisco Lores Fernández pecha un acordo



Vista da vivenda de Luisa Mestre Hernández coa capela da caridade a súa esquerda.
Vida Gallega. 1922

co sacerdote José Bretal Martínez para derrubala. Aínda que era un templo privado, é entendible dado o período histórico en que se produce a súa desaparición, que o conserveiro mantívese contactos con Bretal para levar a cabo a súa derriba. No pacto, Lores, promete realizar unha serie de melloras na capela de San Roque do século XVII e Bretal, conforme, dá a súa “autorización eclesiástica” para a súa derriba. O empresario encherá o solar da capela, e dúas décadas despois construírse unha tenda de roupa que rexentará a súa filla, alí no mesmo lugar. E así foi, durante o mes de outubro de 1940 leva a cabo a demolición cun pequeno incidente que quedará reflectido no libro de plenos do concello sendo alcalde, Joaquín Alvarez Lores:

“Conceder a autorización a D. Francisco Lores Fernández desta veciñanza para derrubar unha capela e encher o lugar que esta ocupa na rúa de D. Luís A. Mestre, impondo-lle cinco pesetas de multa por dar comezo ás obras antes de estar autorizado.”



Estado da propiedade no que se observa o que queda do Pazo dos Fernández Mariño de Sotomaior e situación aproximada da capela. 2019

Coa destrución da capela borrouse outro anaco máis da historia do Pazo, e por eses anos apéanse os formidables cipreses que plantados polos Fernández no século XVIII, guiaron como referencia durante xeracións aos mariñeiros groveses no mar da Ría de Arousa. Unha árbore que debía ser emblema do municipio polo moito que significou para os nosos mariñeiros e que xa no século XIX os groveses quixeron deixar reflectido nun lugar tan simbólico e representativo da vila como é o escudo municipal. Co tempo caerá tamén baixo a picaraña destrutora o pombal cos seus séculos de historia. Non fai falla mirar moito cara atrás para ver nas hemerotecas como nos anos 90 derrúbase parte do Pazo quedando a metade pertencente aos Escuredo. Hoxe, orfo, testemuña dunha época moi afastada, míranos chosco, maltreito e afundido clamando a súa salvación da destrución total que borraría o último que queda da historia máis antiga desta vila. Na man das administracións está a súa recuperación para a vila e na nosa... esixilo.



Aproximación, previamente medida, do lugar onde estaría situada antigamente a capela da Caridade do Cobre. Ano 2019

ACTIVIDADES “Pineiróns”

Agradecemento á:

Colabora



CONCELLO DE O GROVE
CASA DE CULTURA DE O GROVE